



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 157

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 8 de xuño de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA (Continuación.)

Punto 4. Proposicións non de lei en Pleno

4.1 38914 (09/PNP-002835)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a cobertura das vacacións do persoal do Sergas, así como as camas que se van pechar durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 28.08.2015

4.2 40465 (09/PNP-002943)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro e dous deputados/as máis

Sobre a posta en servizo por parte da Xunta de Galicia do novo acceso ao porto de Burela no ano 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 515, do 09.09.2015

4.3 47685 (09/PNP-003463)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vázquez Blanco, Emilio e dous deputados/as máis

Sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central das medidas precisas para a rebaixa do tipo de IVE establecido para as actividades culturais, así como o impulso dun IVE cultural no seo da Unión Europea que permita a súa harmonización

Publicación da iniciativa, BOPG nº 609, do 02.03.2016

4.4 48971 (09/PNP-003567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas xurdidos con motivo da posta en marcha das notificacións telemáticas a través do sistema LexNet na Administración de xustiza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2016

4.5 49646 (09/PNP-003624)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e sete deputados/as máis

Sobre o impulso polo Goberno galego da compra pública innovadora en todas as administracións de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 638, do 27.04.2016

4.6 49863 (09/PNP-003645)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co xenocidio armenio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 640, do 04.05.2016

4.7 50452 (09/PNP-003730)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre as demandas que se deben realizar en relación co novo informe redactado pola Comisión Europea verbo do accidente ferroviario de Angrois, a composición e o funcionamento da Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios, así como a creación no Parlamento de Galicia dunha comisión parlamentaria de investigación ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

4.8 50668 (09/PNP-003722)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón e cinco deputados/as máis

Sobre a creación por parte da Xunta de Galicia dunha comisión de investigación respecto do descarrilamento do tren Alvia na curva de Angrois

Publicación da iniciativa, BOPG nº 649, do 25.05.2016

Punto 5. Interpelacións

5.1 3778 (09/INT-000169)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz e dous deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego do incumprimento dos compromisos electorais en materia de servizos e emprego públicos e as previsións respecto da rectificación da política que está a seguir ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 58, do 26.02.2013

5.2 42684 (09/INT-001623)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co tratamento das augas residuais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 539, do 21.10.2015

5.3 43220 (09/INT-001647)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre os resultados do acordo lácteo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 545, do 04.11.2015

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

6.1 50956 (09/POPX-000192)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre a valoración da situación política actual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

6.2 50984 (09/POPX-000193)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a situación social en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

6.3 51014 (09/POPX-000194)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre o incremento da pobreza e a precariedade en Galicia nos últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 51005 (09/PUP-000279)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da recente viaxe institucional do Sr. presidente da Xunta de Galicia a Cuba

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

7.2 51012 (09/PUP-000280)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón e cinco deputados/as máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do acordo de eximir a planta de almacenaxe e regasificadora Reganosa do trámite de avaliación ambiental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

7.3 50933 (09/PUP-000277)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón e tres deputados máis
Sobre a información do Goberno galego en relación coa posible
venta dos centros de produción de Alcoa en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

7.4 50244 (09/POP-004920)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción e tres deputados/as máis
Sobre a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación
Universitaria respecto da incidencia da falta de reposición do profesorado na calidade docente das universidades galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 642, do 11.05.2016

7.5 47104 (09/POP-004452)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre a situación na que quedan os doentes que estando en lista de espera para intervención cirúrxica ou probas diagnósticas non aceptan seren derivados a centros privados para a súa realización

Publicación da iniciativa, BOPG nº 603, do 18.02.2016

7.6 50950 (09/PUP-000278)

Grupo Parlamentario Mixto
Fernández Rodríguez, Mónica
Sobre as medidas de prevención e control que está a adoptar a Xunta de Galicia en relación co exceso de peso das persoas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

7.7 48236 (09/POP-004652)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto do Decreto que regula a previsión de reinvestimento de parte dos ingresos das comunidades de montes no propio monte, establecida na Lei de montes de Galicia, e da súa incidencia en materia de protección e mellora do monte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 617, do 16.03.2016

7.8 50310 (09/POP-004929)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Fajardo Recouso, Juan Manuel e cinco deputados/as máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da instalación dos medios técnicos necesarios para posibilitarlles aos mariscadores da ría de Ferrol a obtención das guías de transporte de xeito telemático sen necesidade de desprazarse fisicamente á máquina de expedición do documento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da situación política actual. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 11.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 11.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 12.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación social en Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre o incremento da pobreza e da precariedade en Galicia nos últimos anos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 18.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 20.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Emilio Vázquez Blanco e dous deputados máis, sobre a demanda por parte do Goberno Galego ao Goberno central das medidas precisas para a rebaixa do tipo de IVE establecido para as actividades culturais, así como o impulso dun IVE cultural no seo dunha Unión Europea que permita a súa harmonización. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Vázquez Blanco (S)*. (Páx. 22.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 25.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 25.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 26.) e *Sr. Baamonde Díaz (P)*. (Páx. 27.)

Nova intervención do señor Vázquez Blanco (S). (Páx. 28.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas xurdidos con motivo da posta en marcha das notificacións telemáticas a través do sistema LexNet na Administración de xustiza. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 29.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 30.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 31.) e *Sra. Rodríguez Barreira (P)*. (Páx. 32.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 34.) e *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 35.)

A señora Vilán Lorenzo (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 36.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Moisés Blanco Paradelo e sete deputados/as máis, sobre o impulso polo Goberno galego da compra pública innovadora en todas as administracións de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 37.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Blanco Pardelo (P)*. (Páx. 37.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 39.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 40.), *Sr. Vázquez Díaz (AGE)* (Páx. 41.) e *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 42.)

O señor Blanco Pardelo (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 43.)

Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co xenocidio armenio. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 44.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Iglesias Sueiro (M)*. (Páx. 45.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Soneira Tajes (S)* (Páx. 46.) e *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 47.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 48.) e *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 49.)

A señora Iglesias Sueiro (M) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 51.)

O señor presidente comunica o debate acumulado de dúas proposicións non de lei. (Páx. 51.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e dous deputados/as máis, sobre as demandas que se deben realizar en relación co novo informe redactado pola Comisión Europea verbo do accidente ferroviario de Angrois, a composición e o funcionamento da Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios, así como a creación no Parlamento de Galicia dunha comisión parlamentaria de investigación ao respecto. (Punto cuarto da orde do día.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, sobre a creación por parte da Xunta de Galicia dunha comisión de investigación respecto do descarrilamento do tren Alvia na curva de Angrois. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 51.) e *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 53.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 55.), *Sr. Fernández Fernández (S)* (Páx. 57.) e *Sr. Golder Güimil (P)*. (Páx. 58.)

Nova intervención da señora Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 59.) e *do Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 60.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre a cobertura das vacacións do persoal do Sergas, así como sobre as camas que se van pechar durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro: *rexeitado por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 61.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alejandro Gómez Alonso e dous deputados/as máis, sobre a posta en servizo por parte da Xunta de Galicia do novo acceso ao porto de Burela no ano 2016: *aprobada por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 61.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Emilio Vázquez Blanco e dous deputados/as máis, sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central das medidas precisas para a rebaixa do tipo de IVE establecido para as actividades culturais, así como o impulso dun IVE cultural no seo da Unión Europea que permita a súa harmonización: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 61.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas xurdidos con motivo da posta en marcha das notificacións telemáticas a través do sistema LexNet na Administración de xustiza: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Moisés Blanco Paradelo e sete deputados/as máis, sobre o impulso polo Goberno galego da compra pública innovadora en todas as administracións de Galicia: *aprobada por 38 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co xenocidio armenio: *rexeitado por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e dous deputados/as máis, sobre as demandas que se deben realizar en relación co novo informe redactado pola Comisión Europea verbo do accidente ferroviario de Angrois, a composición e o funcionamento da Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios, así como a creación no Parlamento de Galicia dunha comisión parlamentaria de investigación ao respecto: *rexeitada por 14 votos a favor, 38 en contra e 18 abstencións.* (Páx. 63.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, sobre a creación por parte da Xunta de Galicia dunha comisión de investigación respecto do descarrilamento do tren Alvia na curva de Angrois: *rexeitada por 14 votos a favor, 38 en contra e 18 abstencións.* (Páx. 63.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica o aprazamento, por petición do Goberno, da pregunta do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda que figura en último lugar da orde do día. (Páx. 64.)

Interpelación de D^a Beatriz Sestayo Doce e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego do incumprimento dos compromisos electorais en materia de servizos e emprego públicos e as previsións respecto da rectificación da política que está a seguir ao respecto. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 64.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 66.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 67.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 68.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Interpelación de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en relación co tratamento das augas residuais. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez Bugallo (S).* (Páx. 70.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 71.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez Bugallo (S).* (Páx. 73.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 74.)

Interpelación de D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre os resultados do acordo lácteo. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 75.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 77.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 80.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 82.)

Pregunta de D. Pedro Puy Fraga, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da recente viaxe institucional do Sr. presidente da Xunta de Galicia a Cuba. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Moreira Ferrro (P)*. (Páx. 83.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 84.)

Réplica do autor: *Sr. Moreira Ferrro (P)*. (Páx. 85.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 85.)

Pregunta de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, sobre a opinión do Goberno galego respecto do acordo de eximir a planta de almacenaxe e regasificadora Reganosa do trámite de avaliación ambiental. (Punto sétimo da orde do día.)

O señor presidente mantén un diálogo co señor Vázquez Díaz (AGE). (Páx. 86.) *A seguir, anuncia que esta pregunta se considera decaída.* (Páx. 86.)

Pregunta de D. José Ramón Val Alonso e tres deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a información do Goberno galego en relación coa posible venda dos centros de produción de Alcoa en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Val Alonso (S)*. (Páx. 86.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 87.)

Réplica do autor: *Sr. Val Alonso (S)*. (Páx. 88.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 89.)

Pregunta de D^a María Concepción Burgo López e tres deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da incidencia da falta de reposición do profesorado na calidade docente das universidades galegas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 90.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 91.)

Réplica da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 92.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto do Decreto que regula a previsión de reinvestimento de parte dos ingresos das comunidades de montes no propio monte, establecida na Lei de montes de Galicia, e da súa incidencia en materia de protección e mellora do monte. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 93.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 94.)

Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 94.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 95.)

Remata a sesión ás seis e vinte e cinco minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos reiniciar a sesión.

Grazas, bos días outra vez.

Reiniciamos a sesión co punto sexto da orde do día, que se corresponde co de preguntas con resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da situación política actual

O señor PRESIDENTE: Señora Vilán, cando queira.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, señor presidente.

Bo día, señor presidente da Xunta de Galicia.

Hoxe ímoslle preguntar pola valoración da situación política actual, máis concretamente, polo seu compromiso co desenvolvemento e consolidación da nosa Autonomía, e máis concretamente, polo avance do autogoberno na nosa Comunidade Autónoma, porque ¿que mellor valoración política dunha comunidade autónoma como a nosa, como Galicia, que a que fala da mellora do seu autogoberno? E para facer a nosa pregunta queremoslle preguntar por dúas cuestións: transferencias e financiamento, facendo un exercicio de memoria.

En primeiro lugar, respecto das transferencias no ano 2009, o seu partido dicía: “O PPdeG continuará demandando competencias na vindeira lexislatura”. O PPdeG cre que o traballo da Xunta de Galicia debe ir dirixido na procura dunha ampliación competencial para Galicia.

Ata aí perfecto, incluso vostede, señor presidente, no ano 2010 lle reclamaba a Zapatero o avance no autogoberno e o traspaso de competencias. Pero chegou o 2012 e o seu discurso mudou. No seu programa electoral xa non se falaba de transferencias, senón, en todo caso, por exemplo, da reformulación da AP-9. ¿Podería ser, quizais, o motivo, señor presidente, que en 2007, 2009 e 2010 era Zapatero o presidente do Goberno mentres que en 2012 o presidente era o

señor Rajoy, agora en funcións, e vostede comezou a esquecer reclamarlle a transferencia de competencias?

Durante os gobernos de Touriño e Zapatero houbo transferencias e traspaso de competencias, a última –negociada en 2008– foi en xuño de 2010, incluído o traspaso do edificio de Benito Corbal, 47, de Pontevedra –e como son de Pontevedra sei ben do que falo–. Mentres, nestes últimos seis anos, señor presidente, houbo cero competencias reclamadas e cero traspasos efectivos; o mesmo ocorreu co financiamento. No ano 2012 o seu programa electoral dicía o seguinte –e cito literalmente–: “Ao longo da próxima lexislatura vaise abordar a revisión do sistema de financiamento. Dende o PPdeG é un asunto clave, por canto del dependerá a cantidade de servizos públicos aos que poderán acceder os cidadáns de Galicia. As alegacións do PPdeG non tiveron a receptividade que merecían por parte do Goberno socialista. O PPdeG comprométese a elaborar un estudo que poña de manifesto as debilidades do actual sistema de financiamento autonómico”. Vostede sabe que o sistema de financiamento tiña que ter mudado no ano 2014, porque así o di a lei de 2009, pero non se fixo, e vostede, señor presidente, ficou e fica mudo.

Cómpre abordar esta reforma, non só para reforzar a autonomía das nosas decisións, senón porque fundamentalmente, señor presidente, deste sistema de financiamento dependen o noso ensino, a nosa sanidade, os nosos servizos sociais, os nosos servizos públicos, e eses non entenden nin de esperas nin de cores políticas dos presidentes da Xunta de Galicia.

Este grupo parlamentario tenlle reclamado información para a modificación do noso sistema, e a vostede, señor presidente, témoslle reclamado que demandase ao Goberno de Rajoy un novo sistema para que os nosos servizos públicos sexan prestados con calidade, curiosamente o mesmo que vostede prometía no ano 2012, e seguimos a esperar.

En resumo, señor presidente, ¿cal é o seu compromiso coa mellora no avance do autogoberno de Galicia?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Moitas grazas, señor presidente.

Benvinda como nova portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

É certo que non queda moito para finalizar a lexislatura, pero gustaríame que fosemos capaces de manter un diálogo construtivo nos plenos que restan ata o final da lexislatura.

Señoría, na súa primeira intervención preguntame pola miña valoración sobre a situación política actual. Probablemente vostede non fixera esta pregunta, dado que cando se rexistrou nin sequera tiña a condición de portavoz. En todo caso, con moito gusto, intentarei respostarlle ás cuestións que vostede me plantexa na formulación da pregunta.

Señoría, paso de forma moi resumida a plantexarlle cal é a miña valoración, efectivamente, da situación política actual. En España a situación política actual, na miña opinión, está marcada por un empeño do seu partido, o Partido Socialista, de bloquear o Goberno da nación. Despois de cinco meses de celebradas as eleccións, ou seis, o Partido Socialista por primeira vez na súa historia non acepta o resultado electoral e está bloqueando un goberno no país.

En segundo lugar, na miña opinión, a situación en España, desde o punto de vista autonómico e desde o punto de vista municipal, concrétese nos gobernos municipais, sobre todo en mans do populismo; iso si, a través do voto e do apoio do Partido Socialista Obreiro Español, que non deixan de criticalos de forma continuada, pero que os manteñen nas institucións.

Fronte a isto, señoría, hai un partido que gañou as eleccións, que ten máis de sete millóns de votos e que plantexou algo bastante razoable: dado que non hai maioría absoluta, debemos de ou facer un goberno de coalición ou facer un pacto de goberno para facilitar o goberno das institucións e o goberno de España.

Señoría, en Galicia as cousas non mudan moito, aínda que con algunha especificidade. Efectivamente, en Galicia hai cidades onde o Partido Popular gañou e o Partido Socialista volveu apoiar os gobernos populistas; iso si, volvendo criticalos de forma continuada e constante por parte dos seus principais dirixentes.

En relación co Partido Socialista, a situación en Galicia é aínda un pouco máis complicada. Acaba de elixir o terceiro candidato á Presidencia da Xunta de Galicia; leva tres candidatos nesta lexislatura. Neste momento, no Partido Socialista manda –se é que é posible dicir que manda alguén– unha xestora e, por último, cada día o Partido Socialista en Galicia deixa de ser PSdeG para converterse en senso estrito no Partido Socialista Obreiro Español; é dicir, as decisións tómanse en Ferraz e non se toman en Galicia.

Mire, señoría, por iso o que nos está sorprendendo é que vostede non se dea conta de dúas cousas: a transferencia máis importante que conseguiu Galicia nestes últimos anos foi manter intacto o autogoberno. A transferencia máis importante é que Galicia é propia do seu destino; a transferencia máis importante é que aquí non manda o Goberno de España nin manda o ministro de Facenda, senón que manda a Xunta de Galicia e o Parlamento galego; (*Aplausos.*) esa é a transferencia máis importante de todas as que podemos asumir.

Señoría, falando de financiamento, despois do espectáculo de onte, supño que no turno de réplica teremos ocasión de que vostede nos diga: ¿está a favor de reformar a Constitución?, ¿está a favor dun cupo galego?, ¿está a favor de desautorizar o seu candidato á Presidencia da Xunta, o señor Leiceaga?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
Señoría, ¿vostede está a favor dalgún modelo en financiamento autonómico?

Mire, señora Vilán, con todos os respectos, nós temos claro o autogoberno e o financiamento da Comunidade Autónoma.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica.

Señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, señor presidente.

Señor presidente da Xunta de Galicia, para o diálogo non é que atope esta voceira, é que aquí vai atopar o PSdeG, o Grupo Parlamentario Socialista e o PSdeG, en todo caso para o diálogo construtivo.

Vostede está aquí –quizais o teña que repasar– para responder as preguntas da oposición, non está a oposición para responder as preguntas do presidente da Xunta de Galicia, porque vostede é Goberno, non é simplemente un xestor, señor presidente; é o presidente da Xunta e ten que responder e dar contas no Parlamento de Galicia, que é a casa do debate. Precisamente por iso onte este grupo parlamentario permitía o debate da proposición de lei do BNG. Non está de acordo co seu contido, pero si permitimos o debate; vostedes non, vostedes non cren no debate, non cren na democracia e cren tan pouco no debate e na democracia que non entenden que foron os militantes do PSdeG os que elixiron o noso candidato á Presidencia da Xunta de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...non coma vostedes, que utilizan este dedo para facer, precisamente, esa designación. Esa é a diferenza: nós estamos polo debate, pola democracia e pola participación e tamén polo diálogo, señor presidente.

Por certo, esquézase xa de falar do PSdeG, comece a falar de Galicia dunha vez; comece dunha vez a exixir transferencias, traspaso de competencias, fale do sistema de financiamento dunha vez. ¿Cantas transferencias lle ten reclamado ao Goberno de Rajoy durante a súa lexislatura? Ningunha, ¡ningunha, señor presidente! Parece que vostede se dedicou máis a facer carreira en Madrid e se esqueceu un pouco de Galicia dende que é presidente da Xunta.

Presidente, nós só lle preguntamos unha cousa: dado que vostede onte tivo a desfachatez de saír á palestra para pedir un fondo de cohesión demográfica no marco do debate do sistema de financiamento, esquecendo, tendo esquecido, o sistema de financiamento durante os sete anos que leva xestionando –que non gobernando– Galicia, preguntámoslle se esa vai ser a próxima promesa do seu vindeiro programa electoral e, sobre todo, o máis importante, señor presidente da Xunta, se o vai cumprir.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Vilán, eu intento responder as preguntas que o Partido Socialista me formula. Léolle a literalidade da mesma: ¿como valora a situación política actual? Non me diga que non fixen unha valoración da situación política actual. *(Risos.)*

Mire, señora Vilán, con todos os respectos, para orientarse en relación coa interlocución que me agrada moito que vostede me brinda nos últimos plenos desta lexislatura, hai que saber exactamente cal é a proposta de cadaquén. Nós estamos en contra da singularidade dunha comunidade autónoma na Constitución e no Estado das autonomías. ¿Vostedes tamén? Entón, están en contra da proposta do señor Pedro Sánchez de outorgarlle unha singularidade a Cataluña na Constitución española. ¿Están a favor ou están en contra?

Señora Vilán, permítame que lle faga non estas preguntas, senón estas reflexións...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...porque necesito como presidente de Galicia, cando falo en nome de Galicia, saber se vostedes están en contra ou a favor dunha singularidade de Cataluña na Constitución española. O seu líder actual si, a favor da singularidade, vostede depende.

Mire, eu necesito saber, como todos os galegos –represento lexitimamente este pobo–, se vostedes están a favor ou non das Mareas de Podemos. Mire, pola mañá o señor Luena di en Santiago que é algo normal que o Partido Socialista Obreiro Español dialogue coas Mareas de Podemos, pero pola tarde o señor Luena en Vigo di textualmente: “Son intransixentes e están obsesionadas co poder”.

Señora Vilán –para ordenar o debate–, mire, onte, señoría, vostede me di, na Cámara, que están a favor do cupo en Galicia, é dicir, de modificar a Constitución e de perder

cartos. O señor Leiceaga di que iso é un disparate, e agora vostede aclárame que están a favor só de debatelos, pero que van votar en contra. Señoría, isto é un parlamento, isto non é unha gardería. ¡Isto é un parlamento! (*Aplausos.*) Hai que posicionarse e dicir exactamente o que se considera oportuno.

Señoría, insisto en que cando vostedes nos dan clases de democracia interna, aquí fixemos catro congresos provinciais e un congreso autonómico. O que pasa, señoría, é que vendo agora a primeira fila do Partido Socialista –que resulta que hai poucas semanas estaba na última–, vendo a primeira, que agora parece ser que é a última, e vendo os do medio, que están mesturados, isto parece un capítulo de *Juego de Tronos*. Cada día parécense vostedes máis a Podemos, señoría. (*Aplausos.*) Ese é o problema que temos para poder debater honradamente.

Mire, señora Vilán, aquí, en Galicia, hai estabilidade, hai goberno, hai decisión, hai progreso, hai melloras, hai investimento e hai novas oportunidades, e non hai bloqueo nin parálise.

Mire, señoría, a diferenza fundamental entre Galicia e o Partido Socialista de Galicia é que aquí hai unidade. Aquí hai un proxecto común e unha actitude construtiva, e por iso me gustaría que o Partido Socialista favorecera a unidade en Galicia, un proxecto construtivo e ter opinión. O fundamental para poder debater, señora Vilán, é ter opinión. O fundamental é non delegar as decisións indelegables; o fundamental é que o Partido Socialista diga se está coa Constitución ou co populismo, que o Partido Socialista diga se está con Galicia ou coa autodeterminación...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que o Partido Socialista diga se está a favor de que as comunidades autónomas falemos no mesmo taboleiro e na mesma igualdade ou se está a favor dos privilexios de determinadas comunidades autónomas.

Señoría, dígame se está en contra do fondo de cohesión. (*Murmurios.*) Do fondo de cohesión demográfica...

O señor PRESIDENTE: Remate, remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...está a favor Asturias, está a favor Aragón, está a favor Castela-A Mancha, e agora vostede incomódase.

Señora Vilán, gustaríame que no seguinte pleno me aclarara polo menos algunha posición concreta.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación social en Galicia

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, a semana pasada, mentres vostede estaba viaxando ao Caribe, en Galiza coñeciamos os últimos datos da pobreza... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

Silencio... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Silencio! ¡Silencio! Todos sabemos ao que se refería, señora Pontón, á viaxe que fixo a Cuba. Eu entendino perfectamente. (*Risos.*) Perfectamente, non fai falta ser... Á viaxe que se fixo a Cuba. Polo tanto, silencio, por favor.

Xa está, xa está... O seu tempo será compensado. Será compensado o seu tempo.

Prosigas.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Pois ben, como lle dicía, mentres vostede viaxaba ao Caribe, en Galiza coñeciamos os datos da pobreza, que deixan ao descuberto cal é a súa verdadeira herdanza, señor Feijóo.

Son datos do INE, do INE do Goberno do señor Rajoy. Tamén lle dou este dato porque xa sei que vostede noutras ocasións nos ten criticado que citemos organizacións que lle teñen dado moitos desgustos, organizacións revolucionarias tipo Cáritas. Son datos do INE do Goberno do señor Rajoy.

E permítame que lle destaque un dos datos que nos daban esas estatísticas. Mire, no último ano, a taxa de pobreza en Galiza incrementouse un 25 %. Hoxe hai 702.000 persoas que están en risco de exclusión social; é dicir, 702.000 persoas que teñen que vivir cada mes con menos de 600 euros, señor Feijóo. Pero vostede sae cada día no telexornal, nas radios, dicíndonos que hai recuperación económica, pregándonos a saída da crise. E eu preguntolle se sabe vostede o que significa estar en risco de exclusión social. Pois significa que mentres eu lle estou facendo esta pregunta, hai moitos galegos e galegas aos que non lles saen as contas; significa que hai pais e que hai nais que non poden encher a neveira, que non poden prender a calefacción, significa que hai moitas familias neste país ás que cando lles chega o recibo da luz, o recibo da auga, o recibo do gas, señor Núñez Feijóo, o corazón se lles pon na boca.

Pero eu o que vexo é que vostede non sabe do que lle estou falando, que vostede desde Monte Pío non é consciente do que lles custa a moitas familias deste país facerse cargo destes recibos, e desde esa ignorancia presúmenos cada día de que Galiza vai ben, de que estamos na boa dirección, como di a súa propaganda electoral.

Pero hai máis, porque, mire, a pobreza non só está afectando as persoas que están cobrando a Rísiga, as persoas que levan anos en paro e que xa esgotaron todas as axudas. Señor Núñez Feijóo, a pobreza tamén afecta as persoas que traballan, porque as políticas do Partido Popular teñen creado unha grande innovación social, a da xente que traballa pero que é pobre; persoas que teñen un traballo pero que teñen uns salarios de miseria que non lles permiten chegar nin ao día 15 do mes.

E permítame que lle dea un dato —que, de seguro, os seus asesores non lle pasaron—: mire, en Galicia hai 180.000 persoas que traballan por un ingreso anual que non chega a 2.000 euros. Todo o ano de traballo e non son capaces de xuntar 2.000 euros, señor Feijóo, que é o que vostede gaña nunha semana. Esta é a gran innovación das políticas do PP:...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...persoas que traballan pero que son pobres, nunha Galiza cada vez máis desigual, onde

os salarios non deixaron de caer desde que vostede é presidente da Xunta no ano 2009.

Pero, mire, por debaixo da súa propaganda asoma a realidade, a grave situación de emerxencia social que vive este país...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: E eu hoxe quero facerlle unha pregunta que está na cabeza de miles de galegos e galegas deste país: ¿de que Galiza fala vostede cando nos pregoa a boa nova de que estamos saíndo da crise? ¿Ou é que acaso vostede acabou crendo as súas propias mentiras? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señoría.

Eu, desde logo, teño respecto por Cuba, e sobre todo polos galegos que viven en Cuba; vostede parece que non tanto. (*Aplausos.*)

Sobre os salarios, señoría, dáme a sensación de que, como é deputada, non sabe o que cobra o presidente da Xunta de Galicia, pero está no *Diario Oficial de Galicia*. Pode vostede consultalo para comprobar os honorarios seus e os meus.

Mire, señoría, en relación coas taxas de pobreza, quero dicirlle que, efectivamente, segue sendo un dos principais problemas de España e un principal problema de Galicia, pero gustaríame, dado que vostede fala desa estatística do INE, dicirlle algunhas consideracións: primeiro, en Galicia a taxa de risco e pobreza é inferior que a de España; segundo, que cando eu cheguei ao Goberno a taxa de risco e pobreza era superior á que hai hoxe; terceiro, que en España a taxa de pobreza subiu, e en Galicia baixou.

E, por iso, señoría, como son consciente dos problemas do meu país, creo que vostede debería de saber que no ano 2008 a taxa de pobreza en Galicia era superior á última do ano 2015. E iso, que non é, dende logo, para estar tranquilos, si é, polo menos, para ter en conta.

Mire, señoría, esa enquisa da que vostede fala do INE di que en Galicia a porcentaxe de persoas con dificultades para chegar a fin de mes baixou no último ano do 21,5 % ao 7,8 %. En consecuencia, temos a taxa de fogares con dificultades para chegar a fin de mes na metade das de España.

Por iso, todas estas cousas creo que nos teñen que seguir animando para seguir traballando, e abofé que non fixen outra cousa que traballar con este asunto desde que son presidente do Goberno, desde o ano 2009.

Primeiro, o que tiveren que facer é tapar os buratos que vostedes deixaron. Segundo, vivir e convivir en Galicia con 2.000 millóns de euros menos cada ano; é dicir, cun 20 % menos de presuposto, e por suposto non utilizar iso como desculpa para non facer política social.

Señoría, hoxe na Risga, nas pensións non contributivas e no Plan social de desigualdade económica, os datos o testemuñan. Á Risga, cando eu cheguei, adicábanse 22 millóns; agora estamos investindo 52,7 millóns de euros –de 22 a 52–. Mantemos como comunidade autónoma –a primeira de España– o pago da pensión non contributiva na paga extra de navidad –a primeira de España durante todos estes anos de dificultade–. Fixemos un plan de desigualdade, un plan social contra a desigualdade económica, con todas as cousas das que vostede me fala, para solucionar os problemas dos alimentos, para solucionar os problemas enerxéticos, para solucionar os problemas de vivenda, para solucionar os desafuzamentos por hipoteca, para solucionar os lanzamentos por impago de aluguer. Señoría, creo que vostede debería de saber isto; seguro que o sabe.

Onte mesmo asinamos con 26 onegués, na Rede galega contra a pobreza e a exclusión social –todas, e mais a Federación Galega de Municipios e Provincias–, o plan –outro plan–, unha axenda social única contra a pobreza e a exclusión social.

Quero dicirlle que somos a comunidade autónoma de España co plan contra a pobreza e a exclusión social máis ambicioso. (*Aplausos.*) E quero agradecer a todas as onegués e a todos os municipios de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):
...que acepten esa axenda social única.

Por iso, señoría, se vostede segue sendo nacionalista –veremos a ver como acaba o BNG– e se segue interesándolle Galicia, e non simplemente a miscelánea de populismo de España, debería vostede, primeiro, aceptar, como dixo onte o presidente da Rede galega contra a pobreza e exclusión social: “Estamos mellor que España, pero isto non nos debe en ningún caso de tranquilizar”.

Eu non estou tranquilo, señoría, pero si reclamo o esforzo solidario da sociedade galega contra a pobreza e a exclusión social.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica.

Señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Mire, señor Núñez Feijóo, vostede pode facer as piruetas dialécticas que lle parezan e utilizar a demagogia como queira, pero hai unha situación social que é moi clara e que ademais están dicindo as propias estatísticas do Partido Popular, e hai unha que lle citei antes, e é como medrou a pobreza neste país no último ano, señor Feijóo, mentres vostede nos estaba dicindo que saíamos da crise, e é un incremento dun 25 %. E vostede vén aquí dicirnos que non pasa nada, que as súas políticas son un éxito, e mesmo vén aquí gabarse de que cada vez hai máis pobreza neste país. Porque, repetímosllo, non é para sacar peito que teñamos que dedicar máis cartos á Risga, porque iso o que significa é que en Galiza cada vez hai máis pobreza, señor Feijóo. E iso é causa e consecuencia das políticas que vostede está facendo, (*Aplausos.*) das políticas e da falta de iniciativa para crear emprego neste país e tamén do modelo social que está defendendo o Partido Popular, que é un modelo onde cada vez os traballadores e traballadoras teñen menos recursos.

¿Que pasou cos salarios no noso país desde que vostede goberna? ¿Ve esta gráfica, señor Feijóo? Este é o salario da xente normal, non da que vive en Monte Pío. Este é o salario que fai que as persoas neste país non teñan para pagar a luz, para pagar o gas, para pagar a auga ou para pagar as súas hipotecas.

Mire, o papel está claro que aguanta absolutamente de todo. Vostede pode vir aquí con parches, con propaganda, en plena campaña electoral, e vender o que queira, pero o único que é evidente é que coas súas políticas hai máis desigualdade e hai máis pobreza, e que ese é o modelo social que vostedes están defendendo para este país. E o que ninguén lle vai comprar é que agora vostede vai facer xusto o contrario do que veu facendo durante sete anos, porque, miren, se hai un problema para o acceso aos medicamentos, o que haberá que botar abaixo son as reformas do PP, que están impedindo que moita xente poida acceder a eses medicamentos. Se hai un problema coas hipotecas, haberá que cambiar esa lexislación feita ao servizo da grande banca, que permita que haxa moitos bancos que queden impunemente coas casas da xente. Se vostede quere loitar contra a pobreza, haberá que derrogar unha reforma laboral que fixo o seu partido en Madrid e que vostede aplaudiu até coas orellas, señor Núñez Feijóo, e que o que está é empobrecendo cada vez máis os traballadores e traballadoras deste país...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...porque, se hai pobreza, non é por unha cuestión divina nin por unha praga, se hai pobreza é porque o modelo social que vostedes nos están impoñendo é este.

Mire –e remato, señor presidente–, vostede chegou hai sete anos á Xunta de Galiza aupado nas mentiras; chegou á Xunta de Galiza con mentiras, pero esas mesmas mentiras, señor Feijóo, van ser as que o quiten do Goberno en outubro, porque, miren, na rúa xa non lle compran máis propaganda nin lle compran máis mentiras, porque a xente normal e corrente deste país non sofre a síndrome de Monte Pío, sabe cal é a realidade e sabe o desastre que vostedes están deixando. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Turno de peche.

Señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, deixémonos de falar das mentiras e vaíamos aos datos.

A taxa de risco de pobreza no ano 2008 en Galicia –fonte INE– era do 20,9 % –governaba vostede–, agora é do 19,4 %; diminuíu. A taxa de pobreza en España no ano 2008 era do 19,8 %, agora é do 22,1 %; aumentou.

Polo tanto, a taxa de pobreza agora é inferior a cando vostedes gobernaban, e isto non é unha mentira, señoría, iso é a realidade dos feitos. (*Aplausos.*)

Cando cheguei ao Goberno, a taxa de pobreza co Bipartito era superior, e a taxa de pobreza co Bipartito era superior á media de España. E agora a taxa de pobreza é inferior que a do Bipartito e é inferior á media de España.

Se vostede –insisto– fala de verdades e mentiras, ten un problema, como todos os nacionalistas, señoría, ¿sabe cal é? Que se cren en posesión da verdade, e que, cando algún discrepa, automaticamente lle chaman mentiroso. ¡Alá vostede, señoría! Estalles chamando mentirosos a 800.000 galegos e galegas que nos votaron, e aos que representamos, e por iso non debería vostede manipular, polo menos, a mesma fonte que utiliza para preguntarme.

Señoría, esa enquisa da que vostede fala e pola que, dende logo, eu estou preocupado, sinala tamén que o número de fogares con dificultades para chegar a fin de mes o pasado ano era do 21,8 % e agora é do escaso 7 %. Se vostede me pregunta se o 7 % é pouco, eu dígolle que é moito, porque me gustaría que a inmensa maioría dos fogares galegos chegaran a fin de mes sen dificultades. Pero hoxe en Galicia os fogares que chegan a fin de mes con dificultades son a metade dos que chegan en España, e por iso creo que debería vostede ser un pouco leal co noso país.

Mire, se eu me volví presentando pedindo o apoio do meu grupo para ser candidato á Xunta é porque sigo mirando aos ollos a todos os galegos, sen distinción e sen condición ideolóxica. Vou seguir traballando polo meu país porque creo firmemente no meu país. Vou seguir traballando para facer máis política social, máis educación, máis sanidade e máis servizos sociais. (*Aplausos.*) Non teña vostede ningunha dúbida, señoría. (*Aplausos.*)

Xa sei, señoría, que eu non son infalible porque non son nacionalista, pero si lle aseguro que son tan galego coma vostede e que me doen os problemas de Galicia, deixémolo,

se quere vostede, en empate. Pero non minto nin lle mentín aos galegos nin vou utilizar como vostedes utilizan as estatísticas incluso falsificándoas.

Mire, señoría, onte fixemos un gran traballo: 162 millóns de euros para 36.000 familias. Ese é o traballo que fixemos coas 26 oenegués, cos municipios galegos e coa Xunta de Galicia: o ticket eléctrico, as vivendas para os desafuzamentos, o bono en aluguer, o compromiso cos alimentos –señoría–, a Risga en espera cero, as axudas de inclusión social, os compromisos da emerxencia social e complementarios.

Mire, señoría, ¿de que se nos acusa?, ¿de ser o Goberno máis social de España? Si, señoría, non ría, porque cando vostede ri estase rindo de Galicia. Galicia é a comunidade autónoma máis solidaria de España...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e Galicia está investindo máis en política social que ningunha outra comunidade autónoma de España. E dígollo orgulloso como presidente desa Galicia.

Máis nada e moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre o incremento da pobreza e da precariedade en Galicia nos últimos anos

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días, señor presidente. Bos días, señor presidente da Xunta.

Siga vostede tendo intervencións como esta última e perderá a pouca credibilidade que ten. (*Murmurios.*) Se se esconde detrás da utilización deliberadamente manipulada das estatísticas para negar unha realidade, vostede perderá toda a súa credibilidade, porque vostede sabe –que non é parvo– que as estatísticas que falan da taxa de risco de pobreza reflexan que Galicia ten unha demografía que fai que o peso das pensións sexa superior ao doutras rexións e por iso teña ese efecto na taxa de risco de pobreza. É dicir, que ao baixar os ingresos medios, a mediana, do 60 % houbo pensionistas

que antes estaban na pobreza e pasaron a deixar oficialmente de estar en risco de pobreza. Pero iso non significa que coa mesma pensión non lle medraran o 31 % as subministracións da auga; o 22 %, a vivenda; o saneamento e o lixo, o 21 %; a ensinanza, un 16 %; os medicamentos, un 11 %, os servizos sociais, residencias de anciáns e escolas infantís, un 17 % de incremento; os carburantes, etc. Todos os servizos de primeira necesidade tiveron un incremento espectacular e, se os salarios baixaron, o desemprego aumentou, señor Feijóo, e subiron os prezos das cousas que necesita a xente para vivir. Comprenderá vostede que se di que hai menos pobreza hoxe que en 2008 vai quedar como un mentireiro, ¿verdade?

Onte dixon nun acto que non había que utilizar a xente que máis sofre no xogo político, que non había que utilizar a pobreza no xogo político. Iso si, os seus amigos, como Pachi Lucas, utilizaron os cursos de formación para desempregados para embolsar 3.000 euros ao mes como “conseguidor”. Claro que ese non é o xogo político, é o xogo do PP de sempre, da corrupción, señor Feijóo.

A vostede, dentro do seu cinismo, diso de que non se utilice para o xogo político poñer a venda antes da ferida, véselo o plumeiro. A vostede só lle preocupa un efecto da pobreza, señor Feijóo, o electoral, por iso se move á última hora para tratar de disimular as políticas antisociais que fixo, señor Feijóo, cos efectos sobre os de abaixo que tiveron. Os sete anos do seu goberno foron os anos de maior empobrecemento da democracia deste país, señor Feijóo. Díxosenos que tiñamos todos que arrimar o ombro para saír da crise, pero non foi así, só arrimaron os de abaixo, señor Feijóo. Sete anos despois, os pobres son máis pobres e os ricos son máis ricos; as súas políticas foron especialmente duras cos de abaixo. Os salarios máis baixos baixaron e os beneficios empresariais subiron. A suma da cuestión da baixada dos salarios, do desemprego, coa subida dos prezos dos alimentos e dos servizos básicos é dramática para moita xente. A pobreza, señor Feijóo, aumentou en cantidade e intensidade, e cebouse especialmente coa infancia, coa xuventude e coas mulleres.

Unha pregunta que quedará na colección das que non contestará, señor Feijóo: ¿canto se incrementou a pobreza infantil e a xuvenil dende que vostede goberna, señor Feijóo? Dende que vostede goberna o único grupo laboral que medrou foi o

dos que gañan a metade do salario mínimo interprofesional, que medrou catro puntos. Un de cada tres traballadores cobra menos do salario mínimo interprofesional.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E vostede, ademais, por decisións políticas propias, fixo que se destruíran sectores, que se paralizaran sectores que podían crear emprego de calidade e estable, e con empregos cualificados. Paralizaron o sector eólico, destruíron 1 de cada 4 empregos da industria e 1 de cada 3 empregos do sector agrogandeiro. Vostede perdeu a oportunidade de crear emprego nestes sectores. Este é outro dos legados que vostede...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...vai deixar neste país. E incluso que haxa xente que, constando oficialmente como empregado, non teña suficiente para poder vivir.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, señor presidente.

O Instituto Nacional de Estatística publica a taxa de pobreza e de exclusión social cada ano. No ano 2008 a taxa de pobreza e de exclusión social en Galicia era superior á do ano 2015. A vostede iso non lle gusta e fala das pensións. ¿É que acaso no ano 2008 non había pensións en Galicia, señoría? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿É que acaso as pensións en Galicia como consecuencia... *(Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...dos autónomos, da xente do mar e da xente do agro... *(Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...non están por debaixo da media, señoría? *(Murmurios.)* ¡Se a vostede lle dá igual! Incluso critica o prezo da auga e o prezo do lixo, que son competencias municipais; onde vostedes, por certo, están inéditos. *(Risos.) (Murmurios.)* A súa política social municipal simplemente non existe; agora, iso si, resulta que presumen do que van facer e non fan.

Mire, señoría, non sei exactamente que concello se pode considerar das Mareas de Podemos, nin sei vostede exactamente onde está, non sei se é socialdemócrata ou é comunista. Non teño nin idea porque vostede pode imaxinar que, despois de proclamarse socialdemócratas, todo é posible. Iso si, iso non é mentir, señoría. ¡Benvidos á socialdemocracia!

Mire, señoría, falando de socialdemocracia en Santiago, é sorprendente que lle baixaran vostedes o financiamento ao Banco de Alimentos en 15.000 euros, é sorprendente que lle baixaran vostedes o financiamento ao Proxecto Home en 15.000 euros e é sorprendente que lle baixaran vostedes o financiamento ao albergue Xoán XXIII en 15.000 euros. Señoría, ¿esta é a súa política social?, ¿rebaixar os compromisos no Banco de Alimentos, no Proxecto Home e nos albergues sociais? ¿Esta é a súa proposta, señoría? ¿Iso é a súa socialdemocracia ou probablemente sexa o seu novo comunismo? Mire, leccións, ningunha; compromisos, todos, pero leccións, ningunha. Xa llo digo, con todos os respectos, leccións de política social de AGE, de Anova, das Mareas e de Podemos, ningunha, *(Aplausos.)* ¡ningunha! *(Aplausos.)*

Señoría, neste momento nesta comunidade autónoma cando chega un expediente da Risga á Xunta non hai lista de espera, debería vostede revisar os concellos onde gobernan como teñen os expedientes. Señoría, neste momento o bono de aluguer, a cesión de vivendas de entidades da Sareb e doutras entidades bancarias, o convenio con esas entidades bancarias e o programa de vivendas baleiras... Por certo, señoría, ¿por que vostedes non queren entrar no Programa de vivendas baleiras? ¿Por que no concello de Ferrol votaron en contra de poñer á disposición as vivendas baleiras xunto coas da Xunta de Galicia e de poder alugalas ou de poder cedelas? ¿Por que? ¿Por que na Coruña se abstiveron e tivemos que sacalo co voto do Partido Socialista, do BNG e do PP? ¿Por que? Señor portavoz, ¿é que quizais a vostedes o que lles

interesa é sembrar problemas sociais en Galicia para posteriormente responsabilizar a alguén? Señoría, con todos os respectos, leccións en política social das Mareas de Podemos, ningunha. *(Aplausos.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica.

Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor presidente, eu non sei se estará no Regulamento, pero eu solicito dous turnos de resposta; un, para o control ao presidente, e outro, para defender as Mareas, porque a todo non me dá tempo, señor presidente. Xa que vostede lle permite falar de todo menos do que ten que falar, eu solicito eses dous turnos. *(Risos.) (Murmurios.)*

Señor presidente, moi pouco ten de que presumir cando dedicou o seu turno a facer oposición dos concellos onde se expulsou democraticamente o Partido Popular, precisamente... *(Murmurios.)* Señor Feijóo, precisamente vostedes perderon Santiago, Ferrol e A Coruña porque os seus gobernos municipais eran niños de corrupción..., *(Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...como en Compostela, con tres alcaldes nunha lexislatura –¡exemplo de estabilidade do Partido Popular!–, e un desprezo absoluto e unha insensibilidade polos problemas sociais. Só por esa razón se explica que chegasen As Mareas ao Goberno, sen recursos, sen diñeiro B e sen doazóns de empresas amigas. *(Murmurios.)* Señor Feijóo, só houbo unha razón: a súa política de agresión contra os máis desfavorecidos, e nada máis. Entón, siga falando así e perderá a pouca credibilidade que teñen.

Señor Feijóo, as súas decisións políticas... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...tiveron uns efectos... *(Murmurios.)* Sei que lles molesta...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que lles digan as verdades, e iso que aínda non lles falei... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Non, hai murmurio.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...de que o Partido Popular é [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.)*

O señor PRESIDENTE: Non, retire ese... Non, non, non... Queda retirada esa expresión, e chamada á orde.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Retirada, si, señor. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: O Partido Popular non é un partido corrupto. Retirada a expresión e chamada á orde. *(Murmurios.)*

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Xa sabía eu. Por favor... Retirada... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Téño claro, ¡vamos! Non imos ir por aí porque o teño claro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Chamada á orde, señor Sánchez. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: A peor corrupción, señor Feijóo, sendo moi grave, non é a da señora Barberá, non é a do señor Baltar, non é a do señor Gómez de la Serna, non é a do señor Rodrigo Rato, non é a de pagar a reforma da sede de Génova con diñeiro negro..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...non é a de recibir doazóns en diñeiro negro..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...a peor corrupción son as políticas que vostedes fixeron e que significan... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que, despois de moito tempo –tempos moi duros da historia–, ás persoas traballadoras o seu traballo non lles sirva para ter unha vida digna.

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Estou rematando, señor presidente. Se non me interromperan os da bancada popular xa tería rematado. *(Murmurios.)*

As súas políticas significaron que os salarios dos traballadores baixaron, que os beneficios empresariais subiron, pero que, en cambio, os impostos que pagan os traballadores subiron e os que pagan as grandes empresas baixaron. E os seus amigos, en Panamá, señor Feijóo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¿E que política fixo vostede en vivenda para evitar o problema dos desafiuzamentos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...máis que promesas de última hora para utilizar a dor das persoas para as eleccións?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor Feijóo, un recorte do 75 %...

O señor PRESIDENTE: Rematou o seu tempo.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...nos orzamentos de vivenda, e se lle sumamos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...a non execución, un 90 %; políticas de emprego, un recorte dun 51 %.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Esas políticas son deliberadas...

O señor PRESIDENTE: Rematou o seu tempo, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...para facer unha transferencia de rendas... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez. Rematou o seu tempo.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...do Partido Popular, ningunha.

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez, terminou o seu tempo.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Un minuto máis.

Turno de peche.

Señor presidente. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Escoiteino ben. Aquí ninguén di barbaridades. *(Protestas.) (Murmurios.)* Ninguén di barbaridades. *(Murmurios.)* E non entre vostede porque ten dous avisos e medio, *(Risos.) (Murmurios.)* xa o sabe. ¡Coidado! *(Murmurios.)*

Silencio.

Cando queira, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Efectivamente, non é o seu día, señor portavoz, porque cando falamos de exclusión social e de pobreza o lóxico é comparar as políticas do seu grupo e deste grupo. E cando lle volvo dicir de forma solemne que non entendemos por que diminuíron as súas aportacións no concello de Santiago ao Banco de Alimentos, ao Proxecto Home e ao albergue Xoán XXIII, debe vostede responder, non insultar. *(Murmurios.)* Señoría, debe vostede responder, non insultar, ¿ou é que acaso a vostede lle dá igual o que fagan os seus compañeiros fóra porque vostede aquí representa a pureza virginal, señoría? ¿É que acaso vostede non é deste mundo e resulta que vostede só responde por si mesmo e depende no momento do día?

Mire, “Kichi” –compañeiro seu– “*abroncado por sus promesas incumplidas de vivienda y empleo*”, “*Kichi incumple su propia campaña contra el frío para los sin techo*”, y a esto, permítame que eu non fale, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) que eu non me esplalle nestes temas, pero eu vivo en Santiago, señoría,...

O señor PRESIDENTE: Por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

...e teño dereito, como cidadán de Santiago, a saber que é o que están facendo vostedes coa pobreza e a exclusión social na capital de Galicia. Teño dereito como galego e presidente da Xunta a preguntarme por que non poñen as vivendas baleiras en Ferrol a disposición do Banco de Vivendas Baleiras en Galicia. E por que na Coruña votan en contra de poñer as vivendas baleiras e ten que ser a oposición a que (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) estableza unha proposta de vivendas baleiras para ser utilizadas.

Mire, señoría, onte acordamos entre todos –non os necesitamos a vostedes– 160 millóns de euros para o plan de desigualdade, aprobámoslos con 26 ONG e os concellos galegos. Por exemplo, en dependencia, un millón de horas máis en atención ao fogar; en materia sanitaria, financiamento dos medicamentos a aquelas familias que están en exclusión ou en pobreza social, cousa que non fan o resto das comunidades autónomas; en pobreza infantil, 1.000 familias con pobreza infantil tuteladas dende esta axenda e dende as institucións. Señoría, as entidades que traballan por inclusión, 50 profesionais máis de servizos sociais.

Mire, señoría, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) vostede comprenderá que entre a valoración da axenda social única feita polas ONG e a súa hai unha gran diferenza. Interésame moito máis o que pidan os profesionais que están a traballar contra a pobreza e a exclusión social que o que opine vostede en época electoral, (*Aplausos.*) dáme exactamente o mesmo, porque como vostede comprenderá non é o mesmo.

Mire, señoría, ¿sabe de verdade como resultarían vostedes cribles en materia de desemprego e precariedade? Pedindo perdón ás familias que viven no contorno de Reganosa, pedindo perdón ás familias que viven da automoción por bloquear a ampliación de PSA Peugeot Citroën en Vigo e

pedindo perdón ás familias de Lugo por dicirlles que imos facer unha base da OTAN cando o que imos é construír avións non tripulados e dar traballo en Lugo e en Galicia.

É o que debería de facer, pedir perdón a toda esta xente. E, por certo, señoría, dunha vez por todas irse definitivamente do modelo chavista. ¿Como que non ten nada que ver, señoría?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

Nesta tribuna unha deputada súa apareceu cunha camiseta que poñía: “*Chavez, te lo juro, votaremos a Maduro*”, e vostede tampouco ten nada que ver, (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) nada que ver, señoría, nada que ver. (*Aplausos.*) Vostede non ten nada que ver.

Dáme a sensación de que está vostede preparando a migración para o Grupo Mixto.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

Mire, señoría...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

...levan vostedes gobernando en tres cidades importantes en Galicia, tres cidades.

O señor PRESIDENTE: Remate, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

Levan un ano gobernando... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

...e non sei se por vagancia, non sei...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):

...se por vagancia ou por inoperancia, leván vostedes destru-

índo as políticas sociais dos gobernos anteriores. Soamente lle volvo pedir formalmente: póñanse a traballar, señoría.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Póñanse a traballar, Galicia é un país que necesita políticos que traballen e non simplemente políticas que desestabilicen o país.

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Continuamos co punto cuarto da orde do día, que é o de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Emilio Vázquez Blanco e dous deputados/as máis, sobre a demanda por parte do Goberno Galego ao Goberno central das medidas precisas para a rebaixa do tipo de IVE establecido para as actividades culturais, así como o impulso dun IVE cultural no seo dunha Unión Europea que permita a súa harmonización

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular esta proposición non de lei ten a palabra o señor Vázquez Blanco.

O señor VÁZQUEZ BLANCO: Si, ¿escóitase? ¿Si?, vale.

Bos días a todos, señoras e señores deputadas e deputados.

Esta non é a primeira vez que se trae a debate este tema nesta Cámara. De feito, creo que nin sequera é a segunda, pero estou seguro de que será a última, e non o digo porque remate a lexislatura –que tamén–, senón porque estou convencido de que haberá cambios no Goberno do Estado e, polo tanto, agardo que se remate dunha vez con esta lousa coa que o Goberno de Rajoy condenou a cultura do noso país. Esta será a única forma de que isto mude, porque se temos que agardar polo señor Rajoy estamos apañados.

É precisamente hoxe, no último pleno deste Parlamento, antes das vindeiras eleccións xerais e case no remate da

lexislatura, cando resulta oportuno de novo tratar un asunto que por desgraza aínda segue vixente, e aínda que o debatemos, como dicía, varias veces, por desgraza temos que seguir insistindo, xa que nada ten acontecido.

A insistencia non impediu que o Partido Popular seguira sen rectificar esta nefasta decisión de xeito incomprensible, mentres promete e rebaixa outros impostos. Vemos unha vez máis como a cultura...

O señor PRESIDENTE: Perdoe un momento.

Hai un barullo bastante molesto e por quen está na tribuna pídolles, por favor, silencio. É que molesta moito a quen esta no uso da palabra. A ver se podemos gardar silencio.

Grazas.

O señor VÁZQUEZ BLANCO: Grazas, señor presidente.

Vemos, unha vez máis, como a cultura ocupa a última das súas prioridades. E nisto son coherentes, hai que recoñecelo. Fan o mesmo en Galicia que no Estado, marxinar a cultura e o sector cultural. Estamos a falar, probablemente, da medida máis negativa que o Goberno do Estado ten tomado nunca contra a cultura.

E, precisamente, sempre en campaña electoral cómpre insistir na necesidade urxente dunha rebaixa do IVE cultural, porque estamos no momento de adquirir compromisos, no momento de dar explicacións, en definitiva, no momento de mudar as cousas. E en materia cultural, dende logo, esta medida parécenos que ten a prioridade máxima.

Como saben, en xullo de 2012 o Goberno de Rajoy impuxo unha suba xeneralizada do tipo impositivo do IVE, que ademais implicaba o cambio da consideración sobre os bens e servizos culturais, polo que a partir do 1 de setembro de 2012 actividades como o cine, o teatro e as obras plásticas sufriron un incremento de 13 puntos no IVE, pasando do 8 % ao 21 %. Isto significa que España é o país europeo co IVE cultural máis elevado. De feito, é o único país da rexión que equipara no imposto os artigos culturais cos artigos de luxo, o que converte a cultura, evidentemente, nun ben prohibitivo para unha boa parte da sociedade.

Seguimos a ter un IVE que non só prexudica a millóns de consumidores da cultura, no bo sentido da palabra –hai outros tantos millóns de persoas que aínda que queiran non poden ir nunca ao cine, ao teatro ou a un concerto, porque as súas condicións e as súas limitacións económicas, lamentablemente, non llelo permiten aínda que baixemos o IVE–, senón tamén a moitos sectores da clase media que teñen reducido a súa asistencia a determinados acontecementos culturais nun país no que a cultura se ten empobrecido dun xeito tremendo.

Este incremento do IVE converteu a cultura en artigo de luxo, produciu un efecto económico terriblemente negativo no sector cultural, ámbito que viu reducido o número de empregos, de empresas, de organismos, de entidades, festivais, etcétera.

A grande argumentación do Goberno xa a escoitamos centos de veces, é a mesma para todos: a crise. Pero a pesar de que xa sabemos que a crise financeira, a caída de Lehman Brothers e demais foi provocada por Zapatero, o certo é que Zapatero conseguiu milagrosamente que o seu efecto fose global e afectase tamén a maior parte das economías mundiais, incluídos os países da Unión Europea.

E fronte a esta situación non se ten actuado igual no resto de países, de feito non se actuou nin parecido, polo que é no noso país onde temos o eido cultural máis elevado. Na veciña Portugal aplícase un 13 %; en Italia un 10 %; en Irlanda un 9 %; en Finlandia un 10 %; en Francia un 5,5 %; en Alemaña un 7 %; en Grecia un 6,5 %; en Holanda un 6 %; en Bélxica tamén un 6 %; en Suíza un 2,5 %, e Noruega, incluso, aplica un 0 %.

En España subimos do 8 ao 21 %, 13 puntos, máis do que ten subido, por certo, calquera outro sector afectado pola suba deste Goberno, que estando na oposición afirmaba que subir o IVE era un verdadeiro disparate e que iso non se podía facer nunha economía xusta. ¿Lémbrese daquela frase?, unha máis xa das tantas célebres do presidente do Goberno, acábanlles de subir ata o IVE das chuches dos nenos.

O aumento do IVE incide, fundamentalmente, en dous aspectos. O primeiro, que consideramos o máis importante, é o acceso da cidadanía á cultura. Falamos sempre da demo-

cratización da cultura e de apoiar calquera iniciativa que favoreza que todos os cidadáns poidan acceder ao mesmo nivel á cultura, como unha cuestión tamén de formación persoal. Trátase de rachar cunha visión clasista da cultura na que só teñen acceso aqueles co suficiente poder adquisitivo, sen embargo, non todo o IVE incide, precisamente, nese modelo clasista da cultura.

Por outro lado, é importante ter en conta que afecta a creación cultural, especialmente os pequenos empresarios e autónomos que traballan no mundo da cultura. Por dar un exemplo, moitos teatros teñen optado por manter o prezo das súas entradas en detrimento das súas ganancias para ir aguantando durante este período. Aínda así hai que dicir que o público se foi reducindo, lamentablemente.

E pasado este tempo, e concordando cunha opinión expresada polo economista Alberto del Pozo, é obvio que o obxectivo desta medida non foi a intención declarada de harmonizar os tipos con Europa, como acaba de verse, nada máis lonxe da realidade, xa que na actualidade a disparidade de tipos é a norma.

É evidente que o obxectivo foi sinxelamente intentar recadar máis, aínda que temos que dicir que dada a escasa relevancia –que xa se sabía nun principio que tería medida para ese fin– non hai que descartar que na decisión pesara tamén a vontade de castigar fiscalmente un sector que se tiña mostrado, en termos xerais, bastante crítico coas políticas do Goberno de Rajoy. Xa o dixo o ano pasado durante a gala dos premios Goya o produtor de cine Enriquez González Macho: “Non quero ser cansino, pero xa vai sendo hora de que nos baixen o IVE” Dígolles exactamente o mesmo.

Este aumento do IVE sobre as entradas das artes escénicas, a música e o cine non só ten crispado a profesionais e público en xeral, senón que alonxou a fiscalidade española da de bastantes países europeos, xa que só un terzo dos 28 estados da Unión empregan o tipo xeral para entradas de espectáculos e concertos, segundo se recolle no informe “O impacto do IVE nas artes escénicas, a música e o cine”, publicado polo Observatorio da Cultura.

Consideramos que a nosa cultura non debería sufrir un castigo respecto doutros países do noso contorno, polo que o tipo de IVE debería situarse no contorno do tipo medio exist-

tente en Europa, situarse de xeito inmediato no tipo reducido –que é do 10 % actualmente– e manter o de libros e prensa no superreducido do 4 %. Pensamos que sería un paso máis que sensato e necesario.

Neste intre no que nos atopamos temos que preguntarnos polo efecto recadatorio que ten producido esta medida, xa que parece que é a única razón pola cal o Goberno non dá o brazo a torcer. Eu agardo que non sexa por motivos ideolóxicos, porque entón isto tería xa un cariz máis perigoso.

E, claro, en canto á recadación temos que dicir que segundo os datos da Unión de Asociacións Empresariais da Industria Cultural Española, en 2013, durante o primeiro ano da súa aplicación, o sector do cine e do teatro sufriu un descenso de espectadores do 30 %, o maior dos últimos anos, e, claro, recadou un 22 % menos que o ano anterior.

A SGAE constatou ademais que dende a aplicación desta suba o número de concertos en España se reduciu arredor dun 22 %, e tras o peche de numerosas salas e empresas promotoras.

É certo que hai que ter en conta, tal e como expón o Observatorio da Cultura, que outros factores tamén interviñeron nesta situación, como pode ser o impacto da piratería no cine, ou a menor dispoñibilidade do público para gastar no contexto económico destes anos.

Pero tamén é certo, e é máis que evidente, o nefasto efecto que ten provocado a suba do IVE cultural nun momento, ademais, moi difícil. Tamén é certo que o anuario da SGAE de 2015 nos deu un pequeno respiro coas súas cifras relativas a 2014, no que o cine aumentou a súa recadación nun 4,4 %, atribuído, no dito informe, precisamente, á baixada do prezo nas entradas, ¡claro! E tamén o teatro por primeira vez en anos experimentou un aumento da recadación dun 5,35 %, pero non acontece o mesmo coa ópera, a danza ou a música popular en vivo, cuxa actividade aínda foi un 8,35 % menor ao ano anterior.

Polo tanto, as cifras son, por unha banda, aínda moi preocupantes –no caso do cine e do teatro– e absolutamente preocupantes nos outros casos.

O Partido Socialista sempre estivo en contra desta medida, e a verdade é que por insistencia creo que non foi, así está

recollido no noso programa electoral, que se reduce, inmediatamente, ata o 10 %, e pedimos que se impulse o proceso na Unión Europea para harmonizar un tipo inferior ao 10, e que iso se produza ao solicitar autorización para rebaixalo ata o tipo superreducido do 4. Isto mesmo é o que pedimos unha vez máis nesta iniciativa que debatemos hoxe aquí.

E pensamos que esta é unha proposta razoable, foino durante todos estes anos, pero é que xa non se sostén por máis tempo. O dano xa é irreparable, primeiro porque aumentar o IVE en plena fase recesiva da nosa economía constituíu unha grande torpeza, xa que iso contribuíu a contraer aínda máis a demanda e a alimentar a propia recesión, pero ademais facelo sobre unhas actividades como as de ámbito cultural, que posúen en xeral unha grande sensibilidade aos cambios na renda dos consumidores, foi unha torpeza aínda maior, que ten provocado un innegable dano ao sector, e por extensión ao conxunto da economía.

Eu xa sei o que me vai dicir o voceiro do Partido Popular, non é a primeira vez que falamos disto, xa sei que me vai dicir que a competencia é estatal, xa sei que me vai dicir que o IVE non é a única medida que prexudicou o mundo da cultura. Estamos de acordo, a política cultural da Xunta tamén o é, tamén é prexudicial. Pero disto tamén temos falado dabondo.

Xa sei, tamén, que me vai dicir que esta é unha iniciativa electoralista, froito da campaña electoral, vale, diga o que queira, pero se hoxe volvemos falar disto é precisamente porque nada ten cambiado, porque o IVE cultural segue a ser o mesmo, e porque en medio de declaracións ambiguas dos seus dirixentes o certo é que o PP é o único partido que non se compromete a baixar o IVE cultural. E o que é peor, nin sequera considera que o deba facer. Así que, máis alá das súas consideracións, deixen clara a súa postura, aínda que despois non fagan nada, coma sempre.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vázquez Blanco.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Bo día, señorías.

Presidente, moitas grazas.

Atopo moi baleira a bancada do Partido Popular, ¿pasa algo?, ¿houbo algunha emerxencia? (*Murmurios.*) Non, é que é escandaloso a cantidade de xente que falta aí.

Ben, isto soamente é un inciso no discurso. Permítanme.

Cando en xuño do ano 2012 o Partido Popular, xa no Goberno de España, adoptou a medida, fortemente contestada xa naquela época, dunha nova regularización do IVE para aumentar o gravame da cultura, cun fin recadatorio e como medida paliativa da crise económica, cometeu un grave erro.

É unha medida inxusta, ineficaz, un duro golpe e un xeito de castigo en política fiscal para os axentes culturais –por certo, moi críticos coas políticas do Partido Popular–. Unha medida inxusta porque o seu obxectivo non foi o de harmonizar tipos coa Unión Europea; o contraste entre o IVE cultural español e o da maior parte dos países europeos resulta, cando menos, ofensivo: Francia, un 5 %; Alemaña, un 7 %; Italia, un 12 %; Portugal, un 13 %; Irlanda, un 9 %; Suecia, Finlandia e Grecia, un 9 %; Austria, un 10 %, e Luxemburgo, un 3 %.

Resulta destacable o caso de Holanda, cunha taxa dun 6 %, aplicada, esta taxa, despois das protestas dos axentes culturais e da propia sociedade holandesa, que rexeitaron un gravame similar ao español.

Este incremento do IVE cultural sobre as entradas das artes escénicas, música e cine afasta a fiscalidade española –e a galega tamén– da media do IVE cultural europeo, que se atopa en torno ao 10 %. É unha medida, polo tanto, discriminatoria, que atenta e vulnera o principio da equidade, o principio da igualdade. É unha medida ineficaz, como dixen antes.

Desde o primeiro momento da súa aplicación, no ano seguinte, no ano 2013, segundo datos da Unión de Asociacións da Industria Cultural Española, o sector cine-teatro sufriu un descenso dun 30 % de espectadores e recadou un 22 % menos que no ano anterior. E, segundo datos da SGAE, o número de concertos en España reduciuse arredor dun 22 % tras o peche de numerosas salas e empresas promotoras.

Resulta curioso e chamativo que unha das poucas modificacións da norma en canto á baixada do IVE estea referida ao mercado das obras de arte. De todas e de todos é sabido que é un mercado preferente para os narcotraficantes e os corruptos, que supostamente é moi utilizado para o branqueo de capitais. Pois ben, aquí si que fixeron unha baixada do IVE.

Esta deputada xa presentou o martes 18 de novembro do ano 2014, en comisión, unha iniciativa na que instaba o Parlamento de Galiza para que instara o Goberno galego a solicitar do Goberno do Estado a rebaixa urxente do IVE das actividades culturais ao 4 %. Foi rexeitada pola maioría absoluta do Partido Popular. E esta que hoxe se debate aquí, e que presenta o PSdeG-PSOE, non concreta nin específica, é un pouco xenérica de máis. Malia isto, vai contar co meu apoio, porque comparto o espírito da mesma.

Moitas grazas, máis nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Bo día a todos e a todas.

Esta iniciativa trouxémola, discutímola, bastantes veces ao longo desta lexislatura en diferentes formatos. Porque, en efecto, durante esta segunda tempada do inferno austeritario e mediático de Feijóo vivimos as consecuencias das políticas desastrosas en materia da salvagarda dos piares culturais de Galicia, desde os orzamentos, con constantes recortes pronunciados, e despois unha conxelación que nos deixa os membros amputados, a privatizacións irresponsables, como parques arqueolóxicos, desleixo do patrimonio histórico cultural e natural, que se viu reforzado coa aprobación da Lei de patrimonio cultural, que reforzará aínda máis a pendente en que estamos mergullados. E a isto súmase, loxicamente, unha política que fixo do dereito do acceso á cultura un imposible.

E así, por exemplo, se comparamos os datos, é que só con mirar os números de Europa, loxicamente, palidece o 21 % do IVE que temos nós para entradas a espectáculos de artes escénicas, música, cine, que é fundamental porque se ali-

menta todo o polo creativo, desde a produción ata a recepción. En Francia, o 5,5 %; en Alemaña, un 7 %; en Luxemburgo, un 3 %; en Holanda, un 6 %; en Finlandia, un 9 %; en Grecia, un 9 %; en Irlanda, un 9 %; en Portugal, un 13 %. É dicir, unhas contías que se afastan do 21 % en que estamos aquí.

As consecuencias, desde todos os informes que se fixeron públicos, foron evidentes. No primeiro ano, un descenso do 30 % de espectadores e un 22 % menos de recadación; e o número de concertos tamén se reduciu nun 22 %; e peche de salas. Polo tanto, perda de emprego en materia de todo o que abastece a cultura.

Houbo iniciativas diversas, vostedes seguiron adiante co canon por préstamo de libros en bibliotecas. Así, todas as consecuencias estas fan que o gasto por fogar en materia cultural en Galicia se reduciu case un 30 %, case un 30 %. Polo tanto, iso está tendo graves consecuencias.

E isto vén coincidir, curiosamente, cos datos que coñecemos hoxe a través do estudo dunha fundación de tendencia conservadora, a Fedea, que di que este tipo de impostos como o IVE apenas corríxen un 2,82 % a desigualdade da renda, pois os fogares máis empobrecidos neste país soporitan case a mesma carga fiscal que os enriquecidos, que os ricos. E as explicacións veñen a través das cotizacións sociais e o IVE.

Polo tanto, loxicamente, o IVE rompe o principio de igualdade, é un imposto regresivo, é un imposto insolidario, penaliza as rendas menos favorecidas e, polo tanto, únese a esa política de crise-estafa na que vostedes nos levan mergullado durante todos estes longos anos de Goberno de Feijóo, nas dúas tempadas no inferno.

Nós agardamos poder emerxer pouco a pouco deste inferno e destas conxelacións. E por iso, loxicamente, apoiamos a iniciativa que trae o PSdeG, porque, ademais, o que fariamos sería facilitar e cumprir cun mandato constitucional e estatutario, que é o de facilitar a participación da cidadanía na vida cultural.

Coas súas políticas vostedes incumpren mesmo esas cartas que vostedes din defender, eses principios que vostedes din defender. Por exemplo, van vostedes en contra dunha con-

vención asinada, a Convención pola diversidade da Unesco do 2005.

En fin, o obxectivo, loxicamente, desta medida era recadatorio, aínda que hai malas linguas –ou malos pensamentos– que din que vostedes o fixeron para castigar un sector, o sector da cultura, que fora eminentemente desobediente contra o Partido Popular, contra a dereita que vostedes representan, e que por iso vostedes o fixeron e someteron a un castigo económico tremendamente lesivo non só para o sector senón para a cidadanía.

Eu penso que son malas linguas, malos rumores, porque vostedes non teñen ese pensamento. Vostedes son simplemente tecnócratas e o que queren, loxicamente, é liberalizar absolutamente todo, incluído o dereito de acceso á cultura. E por iso aplican vostedes unhas porcentaxes que o que fan é lesionar gravemente os dereitos da cidadanía, como é o dereito de acceder á cultura e de gozar da mesma. Por iso nós apoiamos a iniciativa do PSdeG, que sabemos que vai caer en saco roto, porque seguramente o señor Baamonde virá dicirnos que está todo ben feito en materia cultural en Galicia durante estes catro anos nefastos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

A verdade, vou ser bastante breve, non por desconsideración da iniciativa nin porque non me pareza –ou non nos pareza, desde o BNG– importante, senón porque creo que está, basicamente, case todo dito.

É evidente que hai un problema grave derivado do incremento do IVE cultural. Eu diría que estamos poñendo o foco na cuestión cultural, que é relevante, porque ten un impacto maior pola fragilidade que, ademais, esta ten en Galiza, pero que ao mesmo tempo o que hai que cuestionar é o transfonado desta política, que é unha política na que o Partido Popular, que se presenta, eleccións tras eleccións, dicíndolle á xente que lle vai baixar os impostos, logo na práctica vemos como cando gobernan o que fan é xustamente o contrario.

Porque con gobernos do Partido Popular non escoitamos rechistar a ninguén, nin das filas do Goberno –ausente–, nin dos deputados e deputadas do PP, pois o que vimos foi como durante estes anos se subiu o IVE dunha maneira absolutamente desproporcionada. Pasamos dun IVE xeral do 18 % ao 21 % e dun IVE reducido que sobe do 8 % ao 10 %. Un IVE que paga igual un parado ou unha parada que Amancio Ortega. E, evidentemente, a capacidade para pagar impostos dun parado ou dunha parada non é a mesma que a que ten Amancio Ortega. Mais esa é a consideración que ten o Partido Popular pola xustiza social, pola equidade, e a concepción que teñen de política redistributiva.

Polo tanto, nós entendemos que é precisa unha reforma fiscal onde o IVE teña un impacto menor e outro tipo de impostos, que si que son máis progresivos, teñan un maior peso, e mesmo cremos que habería que abrir o debate sobre se a cultura ten que ter IVE. ¿Por que para o acceso á cultura temos que pagar IVE, cando estamos falando dun dereito humano fundamental, dunha cuestión, ademais, que desde o punto de vista do enriquecemento persoal e do que aporta a unha sociedade en valores, en actitudes, en crecemento persoal?, ¿por que hai que pagar IVE por acceder á cultura? Creo que esa sería a primeira cuestión.

Nós temos claro que as medidas que se tomaron foron regresivas para a cultura, que o IVE lle deu a puntilla, no sentido de limitar moito a capacidade de resistencia, ao sector cultural nun momento de crise económica, que encareceu moito o acceso á cultura e, polo tanto, que segue introducindo unha discriminación onde a xente con menos recursos vai ter menos posibilidades de ir ao cine, de ir a concertos, de mercar libros, é dicir, de facer aquelas cousas que son importantes na nosa vida como persoas.

Nós, desde o BNG, compartimos esta iniciativa, temos traído tamén nalgunhas ocasións este debate ao propio Parlamento.

Teño que dicir, aínda que vaiamos votar a favor, que tampouco cremos que a solución vaia vir por unha harmonización do IVE na Unión Europea. Nós, desde logo, nunca fomos europapanatas e non cremos que a solución vaia vir do que nos poidan estar ditando desde as institucións europeas. Con todo, o noso voto a favor que se entenda como un voto a favor dunha medida que compartimos, e é que hai que

acabar con ese abuso da suba dun IVE que o que está é limitando o desenvolvemento cultural e limitando o dereito de acceso á cultura.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Popular, señor Baamonde.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Moitas grazas, señor presidente, e moi bo día, señorías.

É verdade, como xa se dixo aquí, que esta iniciativa xa ten vido multitude de veces a este Parlamento, a esta Cámara plenaria, reiteradas veces na comisión, e está claro que xa os voceiros se ven en apuros para poder traer argumentos na súa defensa.

A min non me chama a atención que a volvan traer, porque á súa contumacia repetitiva xa estamos afeitos. O que me chama a atención é a razón pola que a traen xustamente neste momento.

Vamos ver, é verdade que a faciana do Grupo Socialista cambiou, non hai nada máis que mirar a primeira liña da bancada para velo. Que, por certo, o primeiro –mirando para aí– que se me vén á memoria é aquilo que dicía o lobo na nova versión de *Caperuchiña Vermella*: “Carai, como cambiou o conto”. *(Murmurios.)* E non digo a versión orixinal porque igual o presidente me tira das orellas.

Pero o que está por ver é se ese cambio é algo máis profundo ou se van quedar vostedes simplemente naquilo de que *lo nuevo sólo sirve para gritar que lo viejo está obsoleto*.

Eu espero que ese cambio vaia máis adiante, pero a verdade é que na presentación que acaban de facer da iniciativa máis ben parece que camiñamos na dirección que dicía aquel toureiro célebre: “*Siempre que pasa igual, sucede lo mismo*”. *(Aplausos.)*

Traen, efectivamente, unha iniciativa reiterativa e mire, señor Vázquez, falaba vostede de que a traen no momento en que remata a lexislatura. Mire unha cousa, moito antes de que Einstein definira o universo como eixo dun conxunto de espazo-

tempo xa se sabía ou moita xente sabía perfectamente que en todas as actividades da vida, pero moi especialmente na política, hai que saber medir os tempos. E a impresión que dá co que vostedes fan é que niso aínda non avanzaron demasiado. Claro que estamos ante unha iniciativa de competencia estatal e por iso na súa iniciativa se insta o Goberno central. Pero claro, señor Vázquez, se estamos no final da lexislatura, se estamos cun goberno en funcións, se estamos cunha campaña electoral que vai empezar mañá, ¿pode dicirme vostede a que goberno imos instar? A verdade é que se pode facer un exercicio de imaxinación e que se abren múltiples hipóteses, pero a verdade tamén é que todas esas hipóteses teñen un denominador común, que non é outro que a inseguridade e a desconfianza que no momento actual transmite o Partido Socialista.

Vexamos, señor Vázquez, esas hipóteses. A primeira: se vostedes piden o apoio do Partido Popular á súa iniciativa é porque dan por sentado que a partir do día 26 o Goberno Popular vai gobernar en Madrid. Eu celebro ese alarde de realismo por unha vez do Partido Socialista, pero, claro, con iso deixan vostedes en mal lugar as hipotéticas aspiracións de Pedro Sánchez, ao que ademais lle poñen a obriga de gañar as próximas eleccións para continuar no cargo. (*Murmurios.*) Nosoutros non lle poñemos deberes a ninguén, vostedes si.

Cabe outra posibilidade. Eu son máis cauto, admito a posibilidade de que as urnas abran outro escenario distinto: poden gobernar outras forzas políticas que non sexan nin o PP nin o PSOE. Entón, nese caso, vostedes, ¿que teñen?, ¿desconfianza tamén de que esas forzas políticas que ocupen o Goberno modifiquen o do IVE? Home, nese caso, deixan en mal lugar a todos os voceiros e voceiras que interviñeron aquí no debate desta cuestión, porque todos se pronunciaron a favor da modificación do IVE.

E cabe aínda unha posibilidade máis inquietante, señor Vázquez, que é que governe o Partido Socialista. E, nese caso, dígame vostede, ¿desconfían tamén dos socialistas de Madrid? Eu, no seu caso, si que tería desconfianza, porque acostumados como están a ir cos da feira e vir cos do mercado, unha reviravolta máis, evidentemente, non tería moita transcendencia. (*Aplausos.*)

E, miren, se realmente o que queren facer é propaganda e quedar ben co sector, pois, ¡home!, é mellor remitirse nese caso ao programa electoral e á campaña electoral para facer

defensa das propias ideas. Pero, claro, tamén nese caso lles asalta a vostedes unha dúbida: que ao mellor a xente non nos escoita moito ou non confía demasiado na súa credibilidade.

E respecto da iniciativa, señor Vázquez, xa fixo vostede a miña intervención. Efectivamente que é un imposto estatal e efectivamente que a causa da crise da cultura non é unicamente a do IVE. E, señor Ron, nosoutros nin somos malos nin somos liberais, o único que facemos é tratar de que todos os sectores económicos e sociais españois sexan solidarios na resposta diante da crise.

En calquera caso –e remato xa, señor presidente–, como as circunstancias non cambiaron, como aquí todos os voceiros dixeran o mesmo que dixemos todas as veces, como eu podía, e vostede tamén, señor Vázquez, encomendarme aquilo de Abel Caballero: “*Me remito a lo que dije en la conferencia anterior; me remito a lo que dije antes*”, aquí tamén nos poderíamos remitir ao que xa temos dito e, polo tanto, en mera aplicación dos criterios da cláusula *Rebus sic stantibus*, estando todo igual, nosoutros imos manter a nosa postura negativa. Iso si, eu exhórtoos a que, efectivamente, leven adiante o cambio real e non o cambio cosmético. Non queden vostedes naquilo que cantaba Johnny Hallyday: “*Melenas largas, ideas cortas*”.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Baamonde.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ BLANCO: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio tanto de AGE, do BNG, como do Grupo Mixto.

Señora Iglesias, só quero dicirlle que o nivel de concreción é o do noso programa electoral, como dixen no discurso. Xa sei que no tema das cifras imos estar de acordo, por iso o que interesaba hoxe aquí era saber cal era a postura do Partido Popular, que xa sabíamos cal era, que é non.

Señor Baamonde, agradézolle a benvinda, pero non sei se o novo é mellor que o vello; o que si sei é unha cousa, que vostedes están obsoletos, téñoos clarísimo. (*Aplausos.*)

O que lle estamos pedindo aquí é concreción e compromiso. Eu agardo que vostede, ademais de quen governe e de facer aquí un discurso que nada ten que ver co que estamos a falar, teña posición propia, estea quen estea no Goberno; é o que lle pedimos. Ao presidente Feijóo hoxe pola mañá eu escoitáballe que vostedes tiñan autonomía. É o que lles pedimos hoxe, pero vexo que iso a vostedes lles dá igual.

Xa lle dixen moitas veces que as políticas teñen consecuencias, e, claro, aí están as cifras. Nas artes escénicas, descenso de funcións e perda de compañías teatrais. No sector do libro e as bibliotecas, vímolos hai escasas semanas: descenso alarmante da edición en Galicia e en galego, con caídas espectaculares na edición pública, que acadaron as cifras máis baixas da última década. En bibliotecas, pasamos de 550 a 497. No sector audiovisual, no sector da música, auténticos referentes internacionais da nosa cultura, fale co sector, a ver que lle din, a ver se lle gustan as gracietas.

A estas alturas discutir que para vostedes a cultura é a última das súas prioridades xa parece un exercicio humorístico. ¡Se vostede o sabe perfectamente, ademais! En visibilidade, é un orzamento relativo, pasamos dun 1,29 % en 2009 ao 0,6 % que se adica á cultura sobre o total do orzamento neste momento. Eu xa non sei como dicirlles a vostedes que en cultura non serve isto de recortar.

E xa que a vostedes lles gustan as citas, eu tamén lles vou dar unha. Hai unha frase de Winston Churchill que pode axudar a que entendan de que falamos. Durante a Segunda Guerra Mundial pedíronlle que recortara en cultura para investir na guerra, e el respondeu que se recortaba en cultura non habería nada que defender. Pois isto é o mesmo, se seguimos recortando en cultura non teremos nada que recuperar, señor Baamonde.

Eu xa sei que estamos en campaña electoral, claro que si, por iso quero que o tema máis prioritario en materia electoral a nivel do Estado non volva quedar no limbo. É importante que insistamos unha vez máis en baixar o IVE. Nós xa o levamos no noso programa, a nosa postura é ben clara: reducir o IVE cultural ao 10 % para que deixe de ser un artigo de luxo e impulsar un proceso en Europa para harmonizar un tipo inferior ao 10 %.

Temos que desconfiar das súas posicións, ¡se o ten que entender! Se tiramos da hemeroteca, a verdade é que isto é para volverse tolos: “O PP promete baixar o IVE cultural ao 10 %, case con toda seguridade”, dito polo secretario de Estado de Cultura no ano 2015. “O PP ten sobre a mesa a baixada do IVE cultural”, Andrea Levi, en agosto de 2015. Debe ser unha mesa ben grande, porque aínda non sabemos nada, e xa pasou o tempo. “Non se vai modificar o IVE cultural”, Luis de Guindos ao día seguinte de Andrea Levi. E xa para rematar, “O IVE cultural non existe”, Méndez de Vigo en outubro de 2015. Pois, se non existe, ¿para que anunciar que o baixarán? Eu xa non sei con cal quedar.

Comprenderán unha vez máis que lles pidamos que nos deixen de tomar o pelo e, sobre todo, que lle deixen de tomar o pelo á xente da cultura.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vázquez Blanco.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas xurdidos con motivo da posta en marcha das notificacións telemáticas a través do sistema LexNet na Administración de xustiza

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Mixto e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada Consuelo Martínez García, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei (09/PNP-003567).

Emenda de adición.

Proponse engadir á parte resolutiva unha nova alínea co seguinte texto:

“3. Realizar as xestións necesarias para que no prazo de 3 meses se modifique a plataforma Lexnet de xeito que cumpra coa obriga legal de interoperatividade e seguridade coa

mesma facilidade para as persoas usuarias dos distintos sistemas operativos informáticos”.)

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Julia Rodríguez Barreira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Solicitar ao Goberno do Estado que se valore o establecemento dun período de transición no que se poida simultanear a presentación telemática coa realizada en papel, no caso de que haxa un mal funcionamento de Lexnet.

2. Potenciar as comisións de seguimento sobre a implantación das novas tecnoloxías na Administración de xustiza, nomeadamente sobre as comunicacións telemáticas, có fin de garantir o dereito á tutela xudicial efectiva e á seguridade xurídica”.)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día.

De vez en cando está ben, non só por facer fogos artificiais, como fai o señor Feijóo, lembrar a Constitución do ano 78. Esta Constitución, a nosa, di que vivimos nun Estado social e democrático de dereito, e de dereito non é máis e é algo tan sinxelo como a prevalencia do principio de legalidade. Iso significa que a xustiza é fundamental para a vertebración deste Estado, tamén para a vertebración dun Estado de dereito moderno. E estamos convencidos desde esta bancada do PSdeG de que agora é imprescindible máis ca nunca un pacto pola xustiza porque hai multitude de persoas que teñen problemas e que só poden solucionar os seus problemas acudindo á xustiza, e a xustiza necesita medidas de reforma; non

esas reformas que fixo precisamente o señor Rajoy –dado que vostedes non están tutelados–, e o Partido Popular no seu momento, que vai pasar á historia –o presidente Rajoy–, ademais de por cousas pouco gratas, por nomear o peor ministro de Xustiza da historia da democracia en España, e tamén por decidir medidas que dificultaron, burocratizaron e fixeron a xustiza máis lenta e inaccesible para os cidadáns, como aquelas taxas; esas taxas que vostedes impuxeron para as persoas físicas, para os cidadáns de a pé, e que lles fixeron quedar enmudecidos, dado que vostedes, polo visto, non teñen tutela de Madrid.

Pero é evidente que, ademais dunha imperiosa necesidade de reformas, a xustiza necesita medios. Hai precariedade, dende hai moitos anos. A xustiza é a curmá pobre de todos os ministerios; tanto é así que é a curmá pobre que os seus funcionarios non poden utilizar un bolígrafo Pilot senón que tiñan que pedir bolígrafos Bic porque eran moito máis baratos.

A Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e comunicación na Administración de xustiza, foi un dos pasos para a modernización da xustiza. Regulou o expediente xudicial electrónico en España por primeira vez, e, sendo xustos, é necesario dicir que foi José Luis Rodríguez Zapatero, sendo presidente socialista, o que aprobou aquela lei.

É importante porque esa lei di que a partir do 1 de xaneiro deste ano comezarían as notificacións a través dun sistema informático, telemático, que é o sistema LexNet. E é un dato importante porque entre 2011 e 2016 –pasaron cinco anos– Mariano Rajoy –agora en funcións– leva máis de catro anos gobernando e nada se fixo. Hai falta de medios persoais, falta de medios materiais e quizais, segundo nos din dende o sector, hai tantas incidencias que se aconsella un período de transición no que se poida simultanear a presentación, a través de Internet, de escritos, a notificación de escritos, coa que se faga a través de papel, fundamentalmente porque o correcto, o funcionamento de LexNet, aínda non é correcto. Tal é o caos que o Grupo Parlamentario Socialista, recollendo precisamente as demandas dos sectores da xustiza, cremos que se deberían constituír tamén comisións de seguimento en cada comunidade autónoma, e tamén en Galicia, precisamente para poder evitar poñer en perigo dous dereitos fundamentais, que son o dereito á tutela xudicial efectiva e o dereito á seguridade xurídica.

Pero o que é máis increíble é que o Goberno galego parece non ter coñecemento deste mal funcionamento do sistema LexNet, e a emenda precisamente –da que logo falarei– que presenta o Partido Popular vai nesa liña.

O sistema falla en multitude de ocasións, moitas veces durante toda a mañá, o que significa que cando un profesional da xustiza está no último prazo para contestar unha demanda, para interpoñer un recurso, o último día de prazo, se se colga o sistema durante toda a mañá e durante a tarde, non o vai poder presentar, coa responsabilidade que pode implicar para el e coa falta de defensa que pode implicar para un cidadán que acode ao último sitio onde pode exixir os seus dereitos.

Ou, por exemplo, que os procuradores teñan que agardar ás horas da tarde para poder facer o seu traballo porque non o poden facer pola mañá porque o sistema non funcione. Ou que cada escrito tarde entre 5 e 10 minutos en ser incluído neste sistema telemático, porque hai que incluír un índice, o propio escrito e os documentos escaneados un a un. E, ¡coitado!, non nos equivoquemos en poñer o nome do documento, porque se non o sistema, ao cubrir a plantilla correspondente, tampouco o acepta. Ou que se colgue a aplicación informática ás sete da tarde, a partir da sete da tarde, porque a actualización dese programa informático comeza precisamente a partir desa hora, e iso non ocorre de cando en vez senón que é diario, segundo nos comunican.

E é importante lembrar que aquela lei do ano 2011 tiña varios porqués: que todas as persoas teñan dereito á tutela xudicial e efectiva dos seus dereitos ante os tribunais, porque é un dereito fundamental. E para facelo efectivo é imprescindible que a Administración de xustiza se modernice porque é a maneira de mellorar a calidade da nosa democracia, e precisamente, no século XXI no que vivimos, un dos elementos máis relevantes das oficinas xudiciais modernas é a implantación das novas tecnoloxías. Estas novas tecnoloxías permitirían, van permitir, abaratar os custos do servizo público da xustiza, evidentemente, non se ademais se engaden taxas para as persoas físicas e as que continúan existindo para as persoas xurídicas, e grazas ao uso precisamente destas novas tecnoloxías actualízase o dereito fundamental a un proceso público sen dilacións indebidas.

Precisamente por iso presentamos esta proposición non de lei. Sabemos dende xaneiro de 2016 os problemas que está

habendo no mundo da xustiza coa comunicación e a recepción de calquera tipo de notificación, de escrito, a través desta presentación telemática do sistema LexNet. Pedimos, polo tanto, ao Parlamento que inste a Xunta para que se estableza un período de transición no que se poida compaxinar a presentación telemática a través do LexNet e a presentación en papel, para garantir –ou mentres non se garanta– o correcto e exacto funcionamento do sistema LexNet, e que se constitúa en Galicia unha comisión de seguimento para evitar que se poidan poñer en perigo estes dereitos fundamentais dos que falabamos antes, o dereito á tutela xudicial efectiva e o dereito á seguridade xurídica.

Hai multitude de cuestións que están sen resolver, multitude de problemas diarios que non afectan só e fundamentalmente os profesionais, senón que van afectar os cidadáns –repi-to– no último eslavón para a reivindicación dos seus dereitos, que son os tribunais de xustiza.

Se vostedes cren que, efectivamente, vivimos nun sistema democrático que ten que garantir o principio de legalidade e o dereito, pedímolles que voten a favor da nosa iniciativa.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Vilán.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos os que estamos neste intre na Cámara.

Eu, que traballei nun hospital, direi que nos hospitais o tempo de cafetería se fai por quendas. Ao mellor, neste Parlamento deberíamos tamén facer quendas para manter un mínimo de deputados e deputadas nesta Cámara.

Falando de LexNet, en marzo de 2015, o Partido Popular traía ao Pleno desta Cámara unha proposición non de lei que instaba a axilizar a posta en marcha do sistema LexNet, ao que cualificaba como unha plataforma de intercambio seguro de información entre os axentes do ámbito xudicial, e daquela xa falabamos dos problemas deste sistema.

A implantación na Administración de xustiza do LexNet para a presentación de escritos e documentos, o traslado de copias e a realización de actos de comunicación persoal para medios telemáticos foi regulado no Real decreto 84/2007, no que se establecen unha serie de obrigas en canto á interoperatividade e a seguridade, algo especialmente importante ao tratarse de información sensible.

O LexNet incorporou no comezo compoñentes de Windows, que non funcionan noutras plataformas como Mac ou Linus, polo que a maioría das persoas usuarias se ven obrigadas a utilizar Windows, co resultado de cuantiosos ingresos sen licenzas para Microsoft.

O software libre non é un capricho dunhas persoas tolas, é soberanía tecnolóxica para calquera país; é unha fonte de postos de traballo e un campo de I+D+i do que Galiza non pode prescindir.

A obriga dende o pasado 1 de xaneiro de utilizar as comunicacións telemáticas en xustiza a través do sistema LexNet está dando algúns problemas ao persoal de xustiza, como o curto prazo para adaptarse a un sistema que lles foi anunciado como obrigación en setembro do ano pasado, que os ordenadores dos despachos en ocasións están obsoletos para instalar o sistema ou que xorden conflitos cos sistemas anti-virus ou cos complementos, como Java, que se actualizan a un ritmo que non alcanza o sistema LexNet.

A Maxistratura, a Avogacía e ata a Fiscalía Xeral do Estado veñen queixándose abertamente destas aplicacións informáticas que, ao seu xuízo, tal como funcionan hoxe, non fan máis que ralentizar aínda máis os procesos xudiciais.

O Ministerio admite que a maior parte dos problemas teñen que ver coa sobrecarga do sistema LexNet nalgúns tramos horarios, así como coa lentitude do mesmo cando hai unha sobredemanda de peticións.

O ministro de Xustiza en funcións, Rafael Catalá, defendía hai un par de meses a creación de comisións provinciais de seguimento para detectar problemas como a imposibilidade de devolver escritos enviados por error a un órgano xudicial inadecuado, eliminar os xa descargados, ou repartir persoamentos que aínda non teñen o rollo asignado, ou a insuficiente capacidade da ferramenta, que apenas conta con 10

megas de almacenamento, o que quere dicir que se alguén presenta un escrito que pese máis dese tamaño non será recollido actualmente polo sistema.

A propia fiscal xeral do Estado, Consuelo Madrigal, remitiu unha carta a Catalá na que lle advertía que o sistema non se podía implantar de forma xeneralizada en todas as ordes xurisdiccionais do Estado. A fiscal xeral comunicalle así ao Ministerio que decidira limitar a posta en marcha do plan, que só o implantarían nalgunhas fiscalías para facilitar unha segura e ordenada implantación do chamado “plan papel cero” e que se seguirá implantando en función das dispoñibilidades técnicas que teña cada comunidade autónoma.

O programa de dixitalización, que se concretou o pasado novembro coa aprobación do Real decreto 1065/2015, polo que se regulan as comunicacións electrónicas no ámbito da Administración de xustiza e o sistema LexNet, provocou un funil na entrada e repartición de procedementos.

Polo tanto, votaremos a favor desta proposición non de lei que pretende unha incorporación racional do sistema LexNet, controlada por unha comisión de seguimento, que o propio ministro en funcións recomenda.

Aínda así, presento unha emenda para evitar o monopolio de Microsoft e para apostar polo software libre, instando a Xunta a realizar as xestións necesarias para que no prazo de tres meses se modifique a plataforma LexNet para que cumpra coa obriga legal de interoperatividade e seguridade, coa mesma facilidade para os usuarios dos distintos sistemas operativos informáticos.

Aínda que non se acepte a emenda, votaremos a favor da proposición non de lei.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Rodríguez Barreira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Presidente, señorías, bo día.

Señora Vilán, eu felicitoa pola súa nova condición de portavoz. Talvez lle teño que pedir maior rigor na presentación destas propostas, porque o que o Partido Socialista trae a esta sesión plenaria é instar a Xunta para que estableza un período transitorio no que convivan as comunicacións en papel e electrónicas e que se constitúan comisións de seguimento en Galicia.

Nós non podemos apoiar esa iniciativa tal como está planteada porque, en primeiro lugar, vostede sabe que esta é unha competencia do Ministerio de Xustiza, e o Ministerio de Xustiza, a través da Secretaría Xeral de Novas Tecnoloxías, é quen está implementando a plataforma LexNet en todos os órganos xurisdiccionais, e, en segundo lugar, porque sería tanto como incumprir a Lei 42/2015, que obriga a partir do 1 de xaneiro a que todos os profesionais e oficinas que aínda non o fixeran empreguen os sistemas telemáticos nas comunicacións.

Na súa exposición de motivos, no que vén de dicir neste pleno, indica que a plataforma ten multitude de problemas e que dende o ano 2011 ata o de agora non se fixo nada, e invoca a Zapatero. E a realidade, señorías, é que en Galicia, dende que no ano 2009 se firmara un convenio de colaboración co Ministerio de Xustiza, se está traballando na implementación da plataforma LexNet, e foi unha implementación progresiva. No 2013 deuse a oportunidade de presentar demandas por vía telemática aos afectados polas preferentes, aínda que non fora a través de LexNet, no 2014 fóronse implantando a través de LexNet as comunicacións en todos os órganos xudiciais e no 2015 faise extensiva aos procuradores, aos letrados da Xunta, avogados do Estado, etc.

Non estamos a falar, por tanto, dunha imposición sobrevida sen medios, sen previsión, senón que nos últimos seis anos en Galicia se fixeron ata 16 millóns de comunicacións telemáticas. Por tanto, ese tempo de transición que vén pedir agora –seis meses despois de que xa se leven implementado as comunicacións telemáticas– xa existiu, e, ademais da práctica de moitos profesionais, acompañouse de dotación dos medios materiais, pero tamén da formación necesaria dos funcionarios.

Vostede invoca a Zapatero, como sempre, pero, mire, as cousas non só hai que programalas, as cousas hai que dotalas de financiamento. A inversión de 175 millóns de euros deste

gobierno para facilitar a implementación das novas tecnoloxías é un elemento bastante importante para este tipo de modernizacións.

Nós queremos resaltar o esforzo realizado polo Ministerio, pola Consellería, especialmente polos funcionarios, e por todos os colectivos profesionais neste reto, e por ese motivo no que vai de ano ata o 31 de maio o que se levan presentado telematicamente en Galicia son 50.000 demandas e 500.000 escritos, e lévanse feito máis de dous millóns de notificacións electrónicas. Isto dá conta de que estamos ante unha innovación dunha gran magnitude, que está funcionando, pero que pode dar incidencias. Vén de facer referencia a algunha delas, pois como o tema de que se descolgue. Evidentemente, está previsto, e temos a aplicación dunha certificación para acreditar que, efectivamente, durante ese tempo, non se puido presentar algo.

Eu invítoa a que consulte o plan de melloras que obra na páxina do Ministerio de Xustiza, porque aí se dá conta de todas estas melloras que se levan implementado e das incidencias que se levan corrixido durante estes meses, ademais das que está previsto realizar.

Trabállase, por tanto, na depuración de incidencias e na mellora da plataforma. Eu creo que o que plantexan, que é volver simultanear o papel coas comunicacións telemáticas, non só é unha volta atrás, senón que dificultaría a resolución destas incidencias, porque dificultaría mesmo detectalas, e ademais creo que a estas alturas está bastante consolidada.

Por tanto, cremos que unicamente no caso de que se detectase un mal funcionamento de LexNet –e aquí hai que preservar, por suposto, a seguridade xurídica, o dereito á tutela xudicial efectiva–, unicamente nese caso, quixeríamos ou entendemos que podería contemplarse e valorarse a implementación outra vez ou a convivencia de ambos os dous sistemas, por iso presentamos unha emenda nese sentido, que tería que valorar o Goberno do Estado.

Tamén cando vostede di que o Goberno da Xunta non se entera destas incidencias, oia, iso non é certo, existen comisións mixtas que están funcionando axeitadamente, segundo me contan os profesionais, existen secretarios e comunicación permanente cos secretarios coordinadores provinciais, e ademais a Xunta de Galicia mantén grupos de traballo a tra-

vés de Amtega para avaliar e coordinar a implementación desta plataforma.

Eu simplemente quero referirme a ese segundo punto da emenda, no que nós lle dicimos: oia, non hai que crear comisións que xa están creadas, senón que o que hai que facer é sencillamente potencialas e seguir traballando na resolución desas incidencias.

Nós esperamos que acepten a nosa emenda.

Respecto da emenda que presenta o Grupo Mixto e para o suposto de que fora aceptada tamén, simplemente vou sinalar que nós cremos que esta plataforma é interoperativa. Quen ten que garantir a interoperatividade son as propias aplicacións que se conectan, así o está facendo RedAbogacía e a plataforma do Consello de Procuradores, e ademais LexNet é seguro. Polo tanto, nós non compartimos esa emenda.

Pero, señorías, xa para rematar quero dicir unicamente que a xustiza se representa habitualmente cos ollos vendados; o que non podemos é tela coas mans atadas. O que vostedes propoñen é volver atrás, volver á convivencia do papel cos medios telemáticos. O que buscamos todos é dar pasos adiante. Hai que traballar para buscar unha xustiza áxil, unha xustiza eficaz, eficiente, unha xustiza que estea ao servizo dos cidadáns, e iso só...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: ...o podemos facer poñendo todos os recursos que as novas tecnoloxías nos permiten á disposición dos cidadáns e ao seu servizo, que, en definitiva, é o que nos están a demandar.

Polo tanto, esperamos que acepten a nosa emenda.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Barreira.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Bo día de novo.

Esta iniciativa, curiosamente, trae ao recordo a situación na que está a xustiza precisamente nestes días coa Lei de axuízamento criminal e co remate do prazo. Aquí tamén falamos de prazos, falamos de obrigas, que logo son imposibles de cumprir, imposibles de realizar, e ademais con aspectos perigosos, porque, como ben se di nalgún informe ou documento, cando LexNet está en parada ou non funciona, a tutela xudicial efectiva no Estado está parada. Si, cando LexNet falla, a tutela xudicial efectiva do Estado está fallando.

Hai un amplo catálogo de incidencias, de perigos, mesmo a posible responsabilidade patrimonial do Estado pola función irregular dos servizos xudiciais, e non o di AGE, dino os expertos, dino os responsables, dino os fiscais, dino os que viven a situación caótica e frenética en que os mergullan estas normas cando se quitan e sacan sen recursos materiais, sen recursos humanos, sen financiamento e sen ter a claridade de como van funcionar os procesos. Por iso hai solicitudes de suspensión, solicitudes de moratoria, ou outra que está sendo tamén maioritaria, a implantación flexible, progresiva e escalonada.

E nós temos claro que a cidadanía non pode ver en risco os dereitos de acceso á xustiza e á tutela xudicial efectiva. Ademais, hai algo que preocupa, e é o feito de que o sistema está baixo control do Executivo, do Ministerio de Xustiza, cando todos din que deba estar baixo control do poder xudicial. ¿Non? ¿Non o ve vostede así? ¿Non ve vostede que que o Executivo controle os recursos do poder xudicial é unha intromisión na separación de poderes? ¿Pensa vostede que non é unha intromisión? Pois nós temos claro que é unha intromisión e que o xudicial está sendo absorbido neste caso a través do sistema, e a información que vehicula o sistema está sendo absorbida polo poder executivo. E non o dicimos nós, dino informes de expertos; repetimos, non o di AGE, está nos informes. É unha situación grave esa vulneración, esa separación de poderes, porque –repetimos– é moitísima información delicada a que está baixo o control do poder executivo; polo tanto, violáanse os dereitos e os principios mesmo do poder xudicial.

E hai dificultades técnicas, á parte da tediosa forma de envío, que incrementan o tempo en vez de diminuír, curiosamente; de reducirse os tempos, increméntanse os tempos; si, si, porque hai moitísimas dificultades coa sinatura elec-

trónica. É que vostedes pensan que todo o sistema é unha panacea, que todo isto funciona de marabilla.

Antes do 7 de xullo –que era outra data–, papel cero, un absoluto imposible, ¡imposible! Ademais, estase dando un feito paradoxal, e é que se está gastando máis papel; estase producindo un incremento en gasto de papel. Polo tanto, nós preguntámonos como é esa entelequia ademais, de “papel cero”, que é unha entelequia ao final. ¿Como se vai poder cumprir cando non se puxeron medios materiais e persoais necesarios, se vulnera o principio de neutralidade tecnolóxica, segundo din, entre a LexNet da xustiza e a LexNet da avogacía, hai problemas no funcionamento do sistema de notificacións...; é dicir, un amplo catálogo? Eu recoméndolle que o lea. Eu non son experto no sistema xudicial pero infórmome preto dos que saben. E hai que recorrer aos que saben, que son os que sofren, precisamente, as imposicións lexislativas cando non veñen acompañadas de orzamentos. Evaristo Nogueira, o presidente decano do Consello da Avogacía Galega, falaba: pouca información, escasa formación; e solicitaba flexibilidade e investimentos en recursos humanos e materiais. Dío Evaristo Nogueira, non o di Xavier Ron.

Polo tanto, para suplir a ineficiencia, o retraso, a inseguridade, as dificultades, etc., agardemos que lle fagan caso á iniciativa que se presenta hoxe.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras deputadas, señores deputados.

É curioso como a Administración de xustiza, que debería dar conta do cumprimento dun dos poderes do Estado, consagrado ademais así na Constitución española, e que é a que deba garantir o dereito ao exercicio de todos os dereitos fundamentais da cidadanía –mesmo se recolle na Constitución o dereito á tutela xudicial efectiva–, sempre, sempre, sempre fose, a irmá pobre non, a irmá paupérrima de todos os servizos públicos no Estado español. Nunca se dotou a

Administración de xustiza dos recursos necesarios para dar cumprimento aos seus cometidos con axilidade, con prontitude e garantindo desa forma un mellor exercicio dos dereitos por parte da cidadanía.

As sucesivas modificacións que se produciron no ámbito da xustiza, pretendidamente co ánimo de axilizar e de mellorar a prestación aos cidadáns, sempre foron infrutuosas, non seguramente pola mala concepción das propostas ou das modificacións que se fixeron senón pola falta de recursos cos que se dotaron esas modificacións. Mesmo un pacto pola xustiza, que foi amplamente difundido por parte dos grupos maioritarios no ámbito do Estado, foi unha nova frustración para todos os operadores da xustiza e tamén, desde logo, para a cidadanía, que esperaba que desa forma puidese mellorarse o exercicio dos seus dereitos.

Aquí en Galiza vimos, ademais, como nos últimos anos tamén se utilizou a suposta mellora na Administración de xustiza de forma moi reiterada, e singularmente no ámbito das novas tecnoloxías, no ámbito da dotación de todos os órganos xudiciais de Galiza dos medios necesarios para poder incorporarse á chamada “Administración electrónica” ou á “Administración libre de papel”. Pero despois de todos estes anos, de todos estes supostos investimentos, de todos os plans Senda, de todos os plans da Axencia de Modernización Tecnolóxica, chegamos unha vez máis a que este último paso que se deu na Administración de xustiza teoricamente para alixeirar –para axilizar, para mellorar o funcionamento da Administración de xustiza, sobre todo no que é a relación dos letrados, procuradores e, polo tanto, dos seus representados coa Administración de xustiza– non só non logrou ese obxectivo senón que, pola contra, desde que entrou en funcionamento o que fixo foi que se incrementaran os problemas.

E, desde logo, eu creo que a maior constatación de que o que plantexa a señora Vilán na súa iniciativa se corresponde coa realidade é tanto a emenda como a propia intervención da señora Rodríguez e do Grupo Popular. Porque vostede aínda que a través da súa emenda intente poñerlle panos quentes á realidade, na súa emenda está recoñecendo que hai fallos reiterados no sistema LexNet, que as comisións existentes até o momento non foron suficientes para dar resposta aos problemas que se teñen suscitado e que, desde logo, é imprescindible mellorar substancialmente tanto os medios

dispoñibles para que iso poida funcionar adecuadamente como tamén algo que teñen denunciado as organizacións sindicais que representan os traballadores e traballadoras da Administración de xustiza, que é dotar de persoal con formación adecuada no ámbito da informática e das novas tecnoloxías para poder resolver os problemas.

Porque aquí, claro, en aras da propaganda e de dicir que facemos moitas cousas, implantamos sistemas novos sen que se conte nin cos medios necesarios para que eses sistemas e medios materiais funcionen adecuadamente nin co persoal debidamente formado para dar resposta a esa necesidade, coa particularidade de que, efectivamente, como xa se dixo en intervencións anteriores, neste caso –no caso da Administración da xustiza– co que estamos xogando nin máis nin menos é cun dereito fundamental que temos os cidadáns e as cidadás, que é o dereito á tutela xudicial efectiva.

Polo tanto, creo que o Partido Popular acaba de darnos a razón a todos os que levamos denunciando que isto non funciona adecuadamente, a todos os profesionais, a todos os empregados públicos que levan denunciando iso desde hai moito tempo. Por iso o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego vai votar favorablemente esta iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Vilán. (*A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.*) Perdón, déanlle voz ao escano da señora Vilán, por favor. Xa está.

Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

O primeiro que teño que facer é darlles as grazas aos grupos que van apoiar esta proposición non de lei e dicirlle á voceira do Partido Popular que vostedes todo o solucionan con plans. E, de feito, falou vostede expresamente do Plan de melloras do Ministerio de Xustiza. ¡Pois menos mal que hai un plan de melloras do Ministerio de Xustiza específico para isto!, porque vostede sabe –e sábeo ben porque é profesional da xustiza– que a firma electrónica non funciona como debe-

ría funcionar, sábeo ben –igual que o sei eu, vostede sábeo moito mellor ca min, porque segue exercendo a súa profesión–; sabe ben que non se inviste en formación para os funcionarios; sabe ben que a Fiscalía utiliza un sistema informático que non é o que utilizan os xulgados e, polo tanto, non é que non sexa o mesmo, é que nin sequera é compatible, e que a Fiscalía non pode utilizar o sistema LexNet, a aplicación, sábeo vostede ben –polo tanto, todo o que ten que ver co traballo de Fiscalía está fóra desta aplicación, e vostede sábeo–; sabe ben tamén que a aplicación Java está obsoleta, non a utiliza ninguén, e é precisamente a que hai que utilizar –esta aplicación informática– en xustiza; e sabe ben que os xulgados están imprimindo en papel todo o que lles chega a través do sistema informático. Todos os funcionarios están a imprimir, todos os xuíces están imprimindo, e moito máis os fiscais, que nin sequera teñen o sistema informático. Polo tanto, o custo de papel e de tinta da Administración de xustiza agora mesmo é incalculable.

Por certo, está moi ben falar de plans de melloras, de plans en xeral, se logo non se materializan na práctica. Estaría ben que houbese financiamento específico para isto; non o hai. Estaría ben que vostedes lle reclamasen ao Ministerio de Xustiza eses 360.000 euros que di o Ministerio que nos vai dar pola recadación das taxas xudiciais. Estaría ben que llos reclamasen porque non sabemos onde están. Non sabemos nin sequera se foi máis; vostedes tampouco o saben, o director xeral de Xustiza tampouco sabe se se recadou máis ou menos, pero si especificamente deu unha cifra, que foron algo máis de 360.000 euros de recadación de taxas que aínda non temos. Pois estaría ben que llos reclamen porque o Goberno está en funcións e estamos no mes de xullo practicamente e aínda non temos esas cantidades no noso poder. Reclámeno e utilíceno no financiamento, por exemplo, da mellora –en vez dun plan, pidan vostedes cartos– da aplicación informática LexNet.

Estaría ben que, efectivamente, dado que vostede na súa emenda reconece que hai problemas importantes co uso do funcionamento de LexNet, non pidan vostedes a potenciación das comisións de seguimento, senón que se potencie a constitución dunha comisión de seguimento específica para Galicia.

E tamén nos parece que roza –con todos os respectos que lle teño– o ridículo solicitar ao Goberno que se valore o

establecemento dun período de transición. ¿Pero que valoración necesitan vostedes? Levamos seis meses de aplicación e os problemas son tan grandes que os propios xulgados teñen que imprimir en papel o que reciben a través de Internet.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Esa é a proba palpable.

E non podemos aceptar a emenda porque cremos que é un pouco unha tomadura de pelo, nin imos aceptar a emenda do Grupo Mixto porque entendemos que non mellora suficientemente o que nós solicitamos.

O que se pide na nosa proposición non de lei é o que pide o sector da xustiza, e vostedes sábeno ben.

Polo tanto, agradecemos o apoio e gustaríanos que votasen a favor. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Moisés Blanco Paradelo e sete deputados/as máis, sobre o impulso polo Goberno galego da compra pública innovadora en todas as administracións de Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Noela Blanco Rodríguez, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición *in fine*:

“...e que permita acadar no ano 2020 un gasto en I+D+i que represente o 2 % do PIB.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Hai unhas semanas coñecemos que a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación, no marco do VI Congreso Nacional de Innovación e Servizos Públicos, gañaba o premio estatal á mellor iniciativa pública innovadora, un eido no que Galicia é xa un referente a nivel europeo; un galardón que reconece o carácter pioneiro do proxecto para implantar un polo tecnolóxico e industrial en Rozas permitindo a optimización dun amplo catálogo de servizos públicos mediante solucións innovadoras, como podemos comprobar os deputados e deputadas na visita que fixemos o pasado día 30 de maio. Un premio que representa o esforzo e todo o traballo ben feito nestes últimos anos, especialmente desde a creación da Axencia Galega de Innovación no ano 2012.

Señorías, esta iniciativa que hoxe presentamos pretende poñer o foco de atención sobre un dos instrumentos chamados a dar resposta aos principais desafíos e retos sociais presentes e do futuro. Estoume a referir á innovación, un dos piares da política de I+D+i; á innovación entendida como a fórmula para atopar novas e mellores maneiras de facer as cousas, que ben pode ser a través de desenvolver un produto, servizo, proceso de produción ou construción, así como novos métodos de comercialización ou novas formas de organización.

Tal é a importancia que a innovación está tendo en todos os eidos da nosa sociedade que foi incorporada nas novas directivas europeas de contratos públicos aprobadas o 26 de febreiro de 2014 como unha nova política pública, ao mesmo nivel que a social ou a ambiental. Deste xeito, tanto a investigación como a innovación, incluídas a innovación ecolóxica e a innovación social, atópanse entre os principais motores de crecemento, e ocupan un lugar central da Estratexia Europa 2020, na que queda perfectamente contemplado que todas as autoridades públicas europeas teñen a responsabilidade de favorecer a innovación cando producen e consomen bens e servizos.

Para iso contan cunha ferramenta esencial para estimular novas solucións tecnolóxicas, a contratación pública de bens e servizos sustentables e innovadores, que, ao mesmo tempo, sen lugar a dúbidas, axudará a crear postos de traballo e a aumentar a competitividade da industria e das Peme,

así como a mellora da eficiencia e da calidade dos servizos públicos; refirome, pois, ao coñecido como a compra pública innovadora; un instrumento potente e imprescindible para consolidar os resultados da investigación, promover a innovación e a transferencia de coñecementos e asegurar que as ideas innovadoras poidan converterse en novos produtos e servizos.

Deste xeito, as administracións contratan investigación e compran innovación, e pódeno facer, fundamentalmente, ben a través da compra pública precomercial, que é unha contratación de servizos, investigación e desenvolvemento, íntegramente remunerada pola entidade contratante, caracterizada porque o comprador público non se reserva os resultados da I+D para o seu propio uso en exclusiva, senón que os comparte coas empresas, tanto os riscos como os beneficios da I+D necesaria para desenvolver solucións innovadoras que superen as que hai dispoñibles no mercado –dito doutro xeito, alguén ten unha idea e págaselle por intentalo, por probar a ver se funciona ou non–, ou ben a través da compra pública de innovación, un procedemento no que se asegura a contratación dunha subministración sobre o deseño dun proxecto concreto que se propón desde a parte contratante. É dicir, se é capaz de facer un determinado prototipo, cómpranselle, por exemplo, 100 unidades.

Señoría, quixera destacar que a compra pública innovadora pódese levar á práctica en calquera ámbito ou nivel da Administración, tanto estatal, autonómico, provincial ou local, que desenvolva precisamente os procesos de contratación pública, e pode comprender tamén desde a actuación máis sinxela ata a actuación de procedementos contractuais máis complexos.

Outro dos aspectos a destacar é que durante todo o proceso e nas diferentes fases de execución dos proxectos a comunicación e a transparencia son elementos imprescindibles, posto que os beneficios da compra pública de innovación unicamente se alcanzan cunha elevada concorrencia de operadores económicos aos procedementos.

Señorías, nesta materia, aínda que poidamos estar acostumados a escoitar os grupos da oposición falar sempre en negativo, temos que dicir que España é líder en Europa e que está sendo capaz de crear o ecosistema necesario que favoreza a investigación e a innovación.

Como se sinala nun recente informe da Fundación Cotec, nos últimos anos España realizou un esforzo importante desde o punto de vista lexislativo para facilitar a utilización das compras públicas de solucións innovadoras; proba diso é a inclusión na Lei de contratos do sector público de procedementos de diálogo competitivo e tamén dunha nova modalidade de contrato e de colaboración público-privada para a compra pública de tecnoloxía innovadora.

Porque, señorías, a política de innovación en Galicia para o período 2014-2020, sendo coordinada pola Axencia Galega de Innovación, quedou establecida na Estratexia de especialización intelixente, a coñecida como a RIS3, documento que xa recolleu un instrumento de actuación específico de apoio á compra pública innovadora. Este documento tamén habitualmente algúns grupos da oposición o desprezan, minusvaloran e mesmo lles causa mofa, pese a que foi elaborado con gran participación e transparencia por máis de 240 axentes de innovación, cubrindo máis de 25.000 cuestionarios, e por profesionais e colectivos dos diferentes sectores produtivos de Galicia, tanto as administracións públicas, institucións educativas e de investigación, como empresas e cidadanía.

Se no panorama europeo España está sendo líder, Galicia foi unha das comunidades pioneiras en incorporar na súa lexislación a normativa e as medidas de impulso para a compra pública innovadora. Ademais disto, hai que dicir que non quedou só na teoría e que, de feito, Galicia constitúe un referente no desenvolvemento de proxectos de compra pública innovadora que conseguiron captar financiamento de fondos Feder e que mesmo nalgún caso chegaron a obter o recoñecemento das boas prácticas empregadas. Ademais do galardón que mencionei ao principio da intervención, o Sergas tamén recibiu o Premio nacional de innovación no ano 2013, concedido polo Ministerio de Economía e Competitividade, que foi obxecto de recoñecemento no Observatorio Europeo sobre Proxectos de Saúde.

Polo tanto, a colaboración e o diálogo coas entidades e organismos públicos que pretendían realizar licitacións mediante procedementos de compra pública innovadora foron claves para actuar como elemento catalizador e conseguir cofinanciamento con fondos Feder xestionados polo Ministerio de Economía para as propostas que incorporaban a innovación nos seus pregos de contratación.

Froito deste labor, no período económico 2007-2013, conseguiu financiamento para desenvolver diversos proxectos de compra pública innovadora, como o Hospital 2050 e o Proxecto Innova-Saúde; o Proxecto Laser-Pet, da Universidade de Santiago; o Proxecto A-Tempo, da Universidade da Coruña; Táctica, da Universidade de Vigo; ou Smart City, no concello da Coruña. En conxunto, estas iniciativas de compra pública innovadora mobilizaron preto de 120 millóns de euros.

Pero, sen lugar a dúbidas, o proxecto estrela que recibiu todos os parabéns e recoñecementos foi a alianza da Xunta de Galicia con Inaer e Indra para a creación en Rozas dun polo industrial e tecnolóxico de referencia en aviacións non tripuladas para aplicacións civís. Este proceso, no que a Xunta, ademais, ampliou a súa aposta inicial de 25 a 40 millóns, complétase con outro de compra pública innovadora, no que se investirán 20 millóns en tecnoloxías novas pero xa desenvolvidas, e tamén no eido de aplicacións dos aviacións non tripuladas e nun amplo abano de servizos públicos.

A iniciativa galardoadada non só destaca polo seu carácter pioneiro, xa que explora fórmulas inéditas no marco da innovación demandadas polas administracións públicas españolas, senón tamén polo esforzo conxunto de seis consellerías para deseñar o catálogo de servizos aos cidadáns nos que a Xunta busca ser excelente a través da innovación. Polo tanto, o contacto con outras institucións tanto públicas como privadas que teñen necesidades similares pode ser moi valioso no desenvolvemento deste tipo de procesos.

Así mesmo, o estudo previo do mercado e da tecnoloxía é imprescindible para poñer en marcha este tipo de expedientes contractuais. Ademais, temos que engadir que a formación académica e profesional se verá tamén beneficiada coa ampliación da oferta educativa especializada. O CEIP das Mercedes, en Lugo, será encargado de impartir o primeiro ciclo de mantemento aeromecánico de Galicia; un proxecto formativo moi ligado á aposta aeronáutica da Xunta en Rozas, e a universidade será punta de lanza para liderar a cidade aeronáutica pola posta en marcha o próximo curso da titulación da Enxeñería Aeronáutica no campus de Ourense, ao que lle podemos engadir o I Máster de Enxeñería, Estruturas e Materiais Aeroespaciais de Galicia, que acaba de poñer en marcha a Universidade da Coruña.

Polo tanto, señorías, Galicia está facendo todo o que está ao seu alcance para ter un sistema que favoreza a innovación, pero, lonxe de conformarse, temos que seguir avanzando nunha materia que evoluciona a gran velocidade e conseguir, desde logo, o maior número de fondos posibles porque, se non o facemos nós, se non o fai Galicia, se non o fan as empresas galegas, farano outras autonomías e outros estados da Unión Europea. E, polo tanto, temos que seguir traballando, temos que seguir sendo o socio necesario das empresas galegas, para que poidan avanzar en innovación.

Por iso, o Grupo Parlamentario Popular quixo traernos a este debate e quere instar a Xunta de Galicia a que continúe impulsando a compra pública e innovadora en todas as administracións galegas como medida para promover a mellora dos servizos públicos e exercer un efecto tractor da innovación do tecido empresarial nos centros de coñecemento galegos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Blanco.

O señor PRESIDENTE: Intervención dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Noela Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señoras e señores deputados.

Eu, señor Blanco Paradelo, se non soubera que hoxe estamos no mes de xuño de 2016, pensaría que acaban de chegar vostedes ao Goberno, pero levan catro anos no Goberno de España e case oito en Galicia.

Mencionou o éxito dalgúns proxectos de innovación. A min resúltame curioso que a vostedes, que ao Goberno, non lle deran un premio nacional de innovación por esa fábrica de coches eléctricos que se ía montar en Ourense; unha fábrica de coches que ía xerar 1.030 postos de traballo e unha fábrica de coches que ía ter o apoio do Goberno do señor Feijóo, cunha inversión de máis de 11 millóns de euros. ¡Un éxito, señor Blanco Paradelo! Dende logo, sendo deputado de Ourense, eu non pensei que se fora esquecer diso.

Outro exitazo é tamén o gasto dese goberno en I+D+i, o 0,87 % do PIB. Soe recordar o profesor Losada nesta tribuna que estes datos están aos niveis de Turquía e de Ucraína, pero é que agora Turquía xa nos supera, señor Blanco Paradelo, o 1,01 % O éxito europeo é tan grande que a media europea está en torno ao 2 %, e todos os países tenden a converxer cara ao obxectivo Europa 2020, que é do 3 %.

De feito, os seus obxectivos son tan ambiciosos que o Plan estratéxico que se acaba de aprobar recentemente contempla o 1,5 do PIB. Neste escenario –e con todo o respecto que sabe vostede que lle teño–, é que me parece dun cinismo político tremendo vir aquí dicir que propón esta medida para promover a mellora dos servizos públicos. Precisamente o di o grupo que sustenta un goberno que está a dismantelar, dende que chegou, todo o público, señor Blanco Paradelo.

Eu pregúntome, ¿que cre vostede que pensarán os investigadores e investigadoras que os estean escoitando agora mesmo –aqueles que tiveron que abandonar os centros de coñecemento do noso país, os laboratorios, para, no mellor dos casos, trasladar o seu coñecemento a outros países ou estar traballando lonxe das nosas fronteiras en bares de Londres ou de Berlín–, señor Blanco Paradelo?

E todo iso por culpa de vostedes, dunha taxa de reposición do 10 % que lles impide quedar a traballar no noso país. Claro que isto a min non me estraña porque, despois de escoitar hoxe o señor Feijóo faltar ao respecto á voceira do Grupo Parlamentario Socialista por ser unha muller nova, e dicir que isto non é unha gardería, que é un parlamento, seguramente que a ninguén lle estrañen as faltas de respecto continuas que teñen cara á mocidade.

¿Que cre vostede que pensarán ao escoitalo a vostede dicir que a compra pública innovadora é o tractor da innovación? ¿Que tractor? Oxalá foramos á velocidade dun tractor, aínda que foramos lentos, pero a I+D+i está indo, neste país, como os cangrexos, para atrás.

Pois ben, con esta iniciativa corremos o risco de que a compra pública innovadora se empregue como escusa para dar contratos a amiguetes. Nin sequera se recolle unha agrupación na Plataforma de Contratación Pública de todos os contratos feitos nesta modalidade, hai que ir mirando un por un, o que supón unha falta de transparencia tremenda. Isto pode

supoñer tamén a renuncia definitiva da investigación en beneficio do sector privado, aínda que se continúe neste marco desastroso que crearon vostedes para a I+D+i no que nos situaron estes últimos anos.

É por iso polo que o Grupo Socialista, ante esta proposta que está completamente baleira de contido, presentamos unha emenda onde solicitamos engadir un compromiso concreto, o compromiso de intentar alcanzar o 2 % do PIB en inversión ata o ano 2020.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés): Polo Grupo Mixto, señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Estamos ante unha nova proposición non de lei do Partido Popular; polo tanto, ante unha nova proposición non de lei baleira de contido e ante unha nova proposición non de lei de propaganda preelectoral.

Se, segundo o Partido Popular de Galiza, non paran vostedes de dicir que Galiza é a campioa en compra pública innovadora, fundamentalmente en sanidade, non entendo por que necesitan instar o Goberno a que poña as pilas neste tema. Se somos os campións, xa non sei que queren, ¿que máis lle queren pedir! A chamada compra pública innovadora non responde máis que a unha estratexia deseñada dende a Unión Europea, controlada polos *lobbies* das multinacionais. Así, a sanidade financia a investigación e a compra de bens e servizos ás empresas privadas; é dicir, o sistema público renuncia á investigación en beneficio do sector privado, ao que proporciona con fondos públicos a oportunidade de utilizar os seus hospitais, os seus centros de saúde, os seus traballadores e traballadoras sanitarios e as propias persoas enfermas para, por exemplo, ensaios clínicos de novos medicamentos. Ademais, a Administración garante ás multinacionais a compra antes incluso de que os produtos estean desenrolados e permite que as empresas decidan as características e o volume das innovacións a comprar con cartos públicos mediante a figura do socio tecnolóxico. Nas compras comerciais a Administración sanitaria compra algo que non existe, pero que pode desenrolarse mediante unha I+D que se paga co contrato.

As empresas privadas que venden as tecnoloxías imponen así á Administración que hai que comprar e o prezo que hai que pagar; mentiras que, co argumento da crise e da insostibilidade do sistema público, serviron para desuniversalizar a sanidade, introducir os copagos e recortar a carteira de servizos. Cos aforros conseguidos co austericidio fináncianse proxectos empresariais que benefician exclusivamente as multinacionais tecnolóxicas.

Tal como afirma nun artigo Manuel Martín García, presidente da Federación da Asociación para a Defensa da Sanidade Pública, esta política supón a aplicación da Estratexia de Lisboa definida pola Unión Europea, que aprobou un plan de desenrolo para a mellora da competitividade da Unión Europea para o período 2000-2010 que tiña como un dos seus obxectivos prioritarios aumentar as oportunidades de contratación pública polas empresas privadas, dándolles acceso aos orzamentos públicos para mellorar as súas oportunidades de negocio. Desta maneira unha parte substancial do diñeiro da sanidade pública pasa a mans das empresas multinacionais. As consecuencias previsibles son a descapitalización da sanidade pública, o saqueo do diñeiro público para as empresas tecnolóxicas multinacionais, o abandono da saúde comunitaria, baseado na promoción, a prevención e a atención primaria, a volta ao modelo hospital céntrico e o uso intensivo das tecnoloxías polo seu elevado custo, que non será accesible para toda a cidadanía. É dicir, co eufemismo de compra pública innovadora o que se está apoiando é a creación dun gran negocio para as multinacionais que traballan nas tecnoloxías da saúde e unha gran discriminación no uso e aplicación desas tecnoloxías entre a poboación.

Polo tanto, votaremos en contra desta proposición non de lei.

Nada máis. Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Vázquez Díaz.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Bo día a todos e a todas.

A verdade, señor Blanco Paradelo, esperaba unha iniciativa deste tipo despois da visita a Rozas; era bastante previsible.

Non pensei que lle fora tocar a vostede, neste caso, o papel de defender unha iniciativa tan –imos dicir– carente de substancia como a que trouxo a esta Cámara.

A compra pública innovadora é un deses novos mantras do capitalismo globalizado insuflado dende os foros de opinión da Comisión Europea e asumido de xeito acrítico polos gobernos do Partido Popular. E non se me malinterprete, por favor, non quixera realizar dende esta tribuna unha análise simplista dos mecanismos de impulso á innovación a través da compra pública de tecnoloxía ou innovación; tampouco a priori quixera negar a posibilidade que ten un goberno de aproveitarse de fondos europeos e estratexias europeas para mellorar os servizos públicos ou avanzar e desenvolver políticas de I+D+i. Non é iso o que pretendemos. O que pretendemos é traducir a fermosa retórica da competitividade e do fomento dos mercados innovadores do Partido Popular. ¿Que significa? ¿En que se traduce esta retórica fermosa en Galicia? ¿Que hai detrás desa compra pública innovadora no noso país? Pois a compra pública innovadora no noso país ten dous modelos claramente definidos e referidos na súa iniciativa: por un lado, a compra pública innovadora no eido da sanidade e, por outro lado, a contratación pública innovadora da base de drones en Rozas. Mesturan vostedes compra pública con contratación pública innovadora, e son cuestións diferentes –convén aclaralo–.

Os dous paradigmas, dende a nosa óptica, son exemplo da ineficacia e ineficiencia na xestión dos recursos públicos; dous modelos de compra e de contratación pública onde os galegos poñen os recursos e as empresas elevan os beneficios sen crear riqueza en termos sociais; é dicir, mellorando os servizos públicos ou creando emprego. Serían os dous termos en que nós poderíamos asumir un aporte deste tipo de mecanismo.

No eido sanitario partimos do modelo de colaboración público-privada de Vigo como gran paradigma e que na práctica vai implicar a privatización do hospital, que vai custar 1.400 millóns de euros nos vindeiros vinte anos, cando o seu valor real de construción foi 320 millóns. De paso, garántese un suculeto negocio de xestión de servizos públicos a empresas privadas. Esta é a realidade, o modelo de colaboración público-privada do hospital de Vigo é un modelo de privatización, non disfracemos a realidade.

Temos outros exemplos, no ámbito da compra pública innovadora e no ámbito da sanidade, como son a captación de socios tecnolóxicos para a compra de maquinaria e instrumental sanitario, beneficiado fundamentalmente no caso de Philips e Varian, e que ademais asumen non só o desenvolvemento desta maquinaria, senón a súa xestión e mantemento posterior. Polo tanto, nova vía para privatizar servizos públicos. Temos o caso da privatización da receita electrónica, entregada tamén a unha empresa, ou o do historial clínico, entregado tamén a Indra, e que me serve de ponte para entrar no segundo dos seus exemplos, que é o exemplo aquí posto en valor do polo industrial de Rozas, que visitamos, como moi ben dixen ao principio, a semana pasada; un centro no que a Xunta de Galicia inviste case 60 millóns de euros nunhas instalacións que non son de titularidade da Xunta, senón do Ministerio de Defensa; unhas instalacións onde empresas multinacionais do armamento, como Cassidian, desenvolven un drone militar, o *Atlante*, que forma parte do plan estratéxico de adquisición do Ministerio de Defensa e onde o Exército proba os seus drones, os drones *search*, nesas instalacións.

Pero, ademais, nese proceso de contratación, entregan 25 millóns de euros a dúas empresas, Inaer e Indra, xa citadas con anterioridade, en teoría cun previsto beneficio social de creación de emprego. A Xunta pon os medios, a Xunta acondiciona instalacións que non son súas e as empresas levan os beneficios. ¿A riqueza social será o emprego? Ben, podemos comprobar. Destacados membros do Partido Popular estiveron alí a pasada semana nunha visita que realizamos a Rozas. En teoría, nestas instalacións estiveran 60 enxeñeiros realizando importantes traballados, desprazados dende Madrid. Claro, non eran enxeñeiros galegos. Alí non quedaba nada, non había mesas, non había ordenadores, non había nin un resto de papel. Marcharon e non quedaba ningún testemuño do seu traballo. Iso si, hai dúas persoas encargadas de abrir e de pechar a porta. E iso é un modelo de contratación público-privada. En teoría, as empresas van fabricar avións, pero Indra non se dedica a fabricar avións, instala sistemas eléctricos. E en teoría van crear emprego, pero Indra vén de facer un ERE de despido de 2.000 traballadores, e a estas empresas dáselles 25 millóns de euros. ¿E cal é o estado...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...dos organismos dedicados... —xa remato, señora presidenta— á investigación en Galicia? ¿Cal é

o estado do CSIC? Absolutamente sen fondos e sen recursos de persoal. ¿Cal é o resultado do Cetal, en Lugo? Absolutamente paralizado. ¿Cal é o estado do Centro de Investigación Agraria de Mabegondo e competencia da Xunta? Sen recursos e sen medios. ¿Cal é o estado do investimento público en innovación en Galicia? Á cola de Europa no país que está, á cola de Europa. O 0,87 %, case a metade da media europea. ¿Cal é a realidade dos números? Que están acabando co noso sistema de innovación e co noso sistema de tecnoloxía, porque as empresas tecnolóxicas caeron de xeito exponencial no noso país.

Polo tanto, nós non imos apoiar esta iniciativa porque é unha vía clara de entregar o nicho do futuro do noso país, que é a innovación e a tecnoloxía, sen dúbida, a mans de intereses meramente privados.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vázquez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Bo día, señoras deputadas, señores deputados.

Unha lei de innovación e de investigación, a creación dunha axencia de innovación, comparecencias a esgalla en plenos e en comisións do RIS3, moita creación de linguaxe, moitos xiros semánticos e pouca innovación, como así o amosan os datos. Efectivamente, o gasto de I+D+i, como se acaba de dicir, á cola de Europa; á cola de Europa, esa é a realidade e ese é o balance que pode facer o señor Feijóo. Á cola de Europa, á cola da media do Estado, que está nun 1,23 %, e en Galiza, nun 0,87 %. Pero queremos lembrar que no ano 2008 era do 1 %. Nestes anos chamados de crise, ¿que é o que fixo o Goberno do señor Feijóo? Non apostar pola innovación, senón retroceder. Mais tamén é certo que nestes meses moito se leva falado de innovación, moito se traen a esta Cámara as políticas supostamente innovadoras, como é este caso, a compra pública innovadora, para falar do que é a privatización da sanidade ou, neste caso, do que é Rozas.

Pero eu quería traer outro exemplo, por non repetirme tamén cos voceiros e voceiras que me precederon na tribuna: o con-

trato con Microsoft, o contrato de hai un mes con Microsoft. Efectivamente, faise unha compra dun macrocontrato de 6.000 ordenadores, que veñen sendo como 4 millóns de euros sen IVE, pero o importante é que estes ordenadores teñen que ter instalado Windows. Pregunta: ¿onde está o software non privativo, aquel que permite realmente a innovación? É algo moi importante e que dá, ademais, emprego a tantísimas empresas de xente moza no noso país, como aquel que aposta polos desenvolvementos de software non privativo. Iso é o que estamos...

Cando vimos esta iniciativa –que, efectivamente, con todo o respecto, está moi na liña das que nos presenta o Partido Popular nos últimos meses–, a primeira pregunta é: ¿por que aqueles proxectos baseados no software libre, que lideran a innovación, como para os grandes centros de datos, a computación na nube, a aplicación en móbiles, foron desterrados desas posibilidades na contratación, na compra pública que se fai por parte do Goberno galego?, por buscar un contraexemplo aos que xa constantemente se nos repiten a respecto do polo aeronáutico ou a respecto do ámbito da saúde, onde, por non repetirme, xa foi explicado como se emprega para que as empresas privadas poidan facer investigación minimizando os seus riscos e asumindo eses riscos a Administración. Por iso os datos que temos de investimentos tanto no PIB como de I+D per cápita, onde estamos outra vez á cola, é dicir, en 174 euros per cápita, fronte aos 211 no 2008 ou aos 276 de media no Estado.

Os datos de I+D+i que deixa o señor Núñez Feijóo despois de oito anos son lamentables. E tamén é lamentable que se traia como gran escaparate a compra pública innovadora, cando en cuestións de computación ou en cuestións, por exemplo, como o que puxen de relevo, se segue apostando polas grandes multinacionais e se segue apostando polo software privativo.

Nós tampouco imos apoiar esta iniciativa. Cremos que non engade nada ao que se leva falado do RIS3, de toda a propaganda que se leva feito a respecto da innovación e da investigación. Son os propios investigadores, as propias investigadoras, os que durante estes catro anos levan poñendo de manifesto como se abandonaron as políticas de investigación. Porque non pode existir innovación, por moito que se empeñe o Goberno galego, se non hai de fondo unha verdadeira investigación apoiando ás universidades e os centros

investigadores. A compra innovadora é un modelo de compra, efectivamente, pero non é a aposta pola investigación.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, señor presidente.

As intervencións foron previsibles, foron previsibles porque empregan sempre o mesmo estilo: aproveitan para facer unha crítica xeneralizada das políticas de I+D+i sen centrarse, neste caso, nunha das patas, que era a innovación.

Comezarei por contestarlle primeiro á voceira do Partido Socialista, xa que presentou a emenda. Dicirlle, señora Blanco, que a vexo con moita forza. Despois dese salto que pegou de tres filas, a señora Vilán ten que estar preocupada se deixa moito tempo o escano baleiro, está moi preocupada se deixa o escaño baleiro. (*Aplausos.*)

Decía vostede que que fixo o Goberno galego que parece que chegamos ao goberno... pois mire, mentres vostedes estaban nas leas habituais durante todo este tempo, pois o Goberno galego puxo en marcha moitos proxectos: como lle dixen, o Hospital 2050 e o proxecto Innova Saúde –que, por certo, temos que agradecerlle á que foi a ministra socialista, a señora Garmendia, que quixera firmar ese convenio co Goberno da Xunta de Galicia pese aos atrancos que quixeron poñer desde o Partido Socialista de Ourense e a señora deputada daquel entón, Laura Seara–. E tamén quero dicir que a través da RIS3 se puxeron moitos proxectos como o que lle dixen: o proxecto A-Tempo na Universidade da Coruña, o LaserPET da Universidade de Santiago, o TIC TAC da Universidade de Vigo, o Smart City en Coruña –que, por certo, o Goberno da Marea agora mesmo paralizou–, un proxecto que tamén recibiu bastantes parabéns. Estanse apoiando investimentos de case 140 millóns nestas iniciativas.

Dicirlle que a súa emenda, tal e como está redactada, non a podo aceptar, se quere podemos tratar de transaccionar e voulle dicir por que: porque o Plan estratéxico de Galicia

2015-2020 fixa como obxectivo para o 2020 un gasto que ascenda a 1,7 % que, aproximadamente, supón mellorar 8 décimas o dato do ano 2014 e duplicar o gasto actual, polo tanto, se vostede quere, eu estou disposto a chegar a unha transacción.

Quero dicirlles tamén que, segundo a Unión Europea, un país, e xa no I+D, cando dous terzos da innovación está feita polo sector privado e un terzo polo sector público..., algo que en España só ocorre no País Vasco. España inviste máis que Alemaña en I+D público pero só catro empresas alemáns invisten 16.000 millóns de euros, invisten máis en I+D que toda España, que son 13.000 millóns de euros mentres que empresas privadas son 7.000 millóns.

O que fora subdirector de Fomento e Innovación do Ministerio de Economía, Luis Cueto, afirmou que o mellor socio do Ministerio en compra pública innovadora fora, e segue sendo, Galicia e que o proxecto máis importante que se tivera feito ata o de agora fora o Hospital 2050.

Teño que dicirlles aos outros grupos, pero especialmente ao señor Vázquez, que vostedes están en contra de todo: están en contra da Central térmica das Pontes, da Reganosa, de Meirama, de Cintroën, de Ence, de Abanca, de Navantia, dos contratos do naval con... de Arabia Saudí, iso si pero o alcalde Kichi, en Cádiz, vota a favor dos contratos das corvetas militares, aínda que vostedes aquí non. Están en contra da eólica mariña, están en contra de Inditex e están en contra tamén de Rozas... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio, por favor. E remate.

O señor BLANCO PARADELO: Si. Mire, coa visita que tivemos en Rozas voulle dicir o que lle pasou, vostede seguro que coñece a frase de Mario Benedetti: *“Cuando creíamos que teníamos todas las respuestas, de pronto, cambiaron todas las preguntas”*. E claro, vostede estivo alí e mentres estaban falando de que se ían...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BLANCO PARADELO: ...-si, remato, remato xa-xerar 600 empregos, que ían estar 18 empresas e todos os proxectos innovadores... claro, vostede estaba montando o seu numerío co eurodeputado que tivo que vir e buscando as

tropas e os tanques que non apareceron. E claro, voulle dicir para rematar..., *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor. E sobre as emendas, sobre a emenda...,

O señor BLANCO PARADELO: ...-remato, remato xa- o concepto de innovación quedalles moi grande, sobre todo a aqueles que defenden a ideoloxía comunista. O comunismo e a innovación están completamente ..., é algo contraposto.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: A emenda, a emenda.

O señor BLANCO PARADELO: Xa lle dixen á deputada do Partido Socialista que tal e como está redactada non a admitíamos, se a quere transaccionar, ofrece unha transacción.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co xenocidio armenio

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei formulouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outro do Grupo Parlamentario Popular.

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada M^a Soledad Soneira Tajés, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 49863 (09/PNP-003645).

Emenda de modificación:

“O Parlamento de Galicia reconece o xenocidio armenio perpetrado polo Imperio Otomano como un crime contra a humanidade e insta a Xunta de Galicia a que:

1. Demande do Goberno do Estado a reconecer que os feitos acontecidos á poboación armenia entre 1915 e 1917 no

territorio do imperio Otomano, constitúen un xenocidio, segundo a Convención das Nacións Unidas sobre a prevención e represión do Crime de Xenocidio, adoptada en decembro de 1948.

2. Demande do Goberno do Estado que anime á República de Turquía a proseguir os seus esforzos –incluída a desclasificación dos arquivos– para asumir o seu pasado, recoñecer o xenocidio armenio e, desta maneira, facilitar o camiño cara unha verdadeira reconciliación entre os pobos turco e armenio.

3. Solicite á Unión Europea o papel de mediador entres os estados de Turquía e Armenia para que tomen como exemplo as reconciliacións que se produciron con éxito entre as nacións europeas e se centren nunha axenda que poña en primeiro lugar a cooperación entre os pobos; confiando en que isto contribuirá á reconciliación histórica do pobo armenio e o pobo turco nun espírito de verdade e respecto”.)

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor López, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia ante os graves acontecementos ocorridos coa poboación de orixe armenio no período 1915-1917, insta á Xunta de Galicia para que:

1. Inste ao Goberno da Nación a apoiar os esforzos internacionais impulsados durante os últimos anos para a creación de unha comisión mixta armenio-turca e internacional de historiadores, plasmada nos protocolos de Zürich de 2009, có obxectivo de realizar un estudio científico imparcial dos arquivos e documentos permitindo así estudar os tráxicos acontecementos que tiveron lugar no período 1915-1917.

2. Inste ao Goberno da Nación a contribuír, en sintonía cós traballos de dita Comisión de historiadores, ao acercamen-

to entre os pobos armenio e turco có obxectivo de normalizar a súa relación”.)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Moitas grazas, presidente.

Bo día de novo, señorías.

Durante décadas, en calquera lugar do mundo onde exista unha comunidade armenia establecida, cada 24 de abril lémbrese o millón e medio de armenios e armenias masacradas pola Turquía otomá.

Presento hoxe esta PNL perante o Parlamento da Galiza animada polas peticións feitas pola pequena comunidade armenia que vive na nosa terra e, tamén, por considerar que é unha débeda moral que este Parlamento recoñeza o xenocidio armenio, tal e como o fai todos os anos coas vítimas do holocausto nazi e con outros pobos como o palestino e o pobo saharauí. Tamén me impulsa a intolerable presión exercida polo Goberno Turco con relación á aprobación por parte da Asemblea Nacional francesa dunha lei para condenar a negación deste crime contra a humanidade. Coñécese por xenocidio unha forma organizada de exterminio dunha nación ou dun grupo étnico co obxectivo explícito de pór fin a súa existencia colectiva.

É o xenocidio armenio un feito histórico cientificamente probado por numerosas testemuñas e documentos e tamén pola advertencia, xa en maio de 1915, por parte do Reino Unido, Francia e Rusia, o Goberno dos Mozos Turcos, de que as súas accións contra o pobo armenio os farían responsables de crimes contra a humanidade. Nos estertores do Imperio otomán, o Goberno de Turquía estaba en mans do partido dos Mozos Turcos. Aproveitando o contexto da Primeira Guerra Mundial e co obxectivo da creación dun novo Imperio turco, dende Anatolia ata Asia central, habitado só por unha poboación puramente turca, a noite do 23 de abril de 1915 e toda a mañá do 24 iníciase o proceso de exterminio da nación armenia. Centos de intelectuais, centos de profesionais liberais, relixiosos e destacados persoeiros de orixe armenia foron detidos, desposuídos das súas casas e propiedades, inmediatamente deportados e, posteriormente, executados. Entre os anos 1915 e 1918 o pobo armenio foi some-

tido á deportación, expropiación, secuestro, tortura, matanza e fame. Milleiros de mulleres e nenas foron secuestradas e brutalmente abusadas e toda a riqueza patrimonial da nación armenia foi expropiada. Despois de menos dun ano de tregua, ao final da Primeira Guerra Mundial, as atrocidades contra o pobo armenio foron retomadas entre os anos 1920 e 1923 sendo, de novo, vítimas de masacres e expulsións.

O xenocidio armenio cobrouse arredor dun millón cincocentas mil vítimas sendo a poboación armenia no Imperio otomán duns dous millóns ao inicio da Primeira Guerra Mundial. O carácter masivo, planificado, selectivo, destas masacres evidencian que o acontecido naquel intre co pobo armenio é un xenocidio, tal e como contempla a Convención das Nacións Unidas para a prevención e a sanción do delito de xenocidio, en 1948, e as resolucións do Parlamento Europeo, en xuño do ano 1987, febreiro de 2002, abril de 2004 e, a última, en abril de 2015, coincidindo co centenario do inicio do exterminio. A primeira resolución, a do ano 1987, sentou a base para que varios estados europeos, en numerosos parlamentos, recoñeceran o xenocidio armenio como tal. Alemaña, o outro día, Bélxica, Holanda, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Lituania, Polonia, Eslovaquia, Suecia, Suíza e o Estado Vaticano, isto en Europa. Tamén outros fóra da rexión europea, corenta e tres dos cincuenta estados de Estados Unidos, Arxentina, Canadá, Chile, Rusia, Uruguai e Venezuela. No que atinxe ao Reino de España, aínda que o Estado español aínda non o fixo, si o fixeron os parlamentos autonómicos de Navarra, o Parlamento balear, o Parlamento Vasco, o Parlamento catalán e o Parlamento de Aragón.

Presento esta PNL para o seu debate e, no seu caso, a súa aprobación, porque un xenocidio de tal magnitude non pode ser negado, nin pode ser, nin debe ser esquecido. Para que as vítimas e os seus descendentes reciban xustiza e reparación e porque o esquecemento e a negación destes feitos pode ser o argumento para outros similares. O 22 de agosto de 1939, Adolf Hitler, reunido cos seus militares, expresou como xustificación para os seus propios crimes que: ¿Quen se lembra a día de hoxe da aniquilación do pobo armenio?

Tamén presento esta PNL para fomentar un posicionamento común con respecto a este tema, porque me parece que o Parlamento da Galiza debe estar en conformidade coas resolucións do Parlamento Europeo e cos Estados democráticos que recoñecen o exterminio do pobo armenio como un xeno-

cidio. E, tamén, sería un xesto solidario e de apoio cara a sectores intelectuais da Turquía actual, sectores europeístas e avanzados da sociedade turca actual, xa que o recoñecemento deste xenocidio supuxo para moitas e moitos deles procesos xudiciais baixo acusación de insultar e denigrar a Turquía. Así lles aconteceu ao premio Nobel de literatura Orhan Pamuk, á escritora Elif Shafak e ao xornalista Hrant Dink, asasinado por un fanático.

O recoñecemento histórico de crimes desta natureza resulta imprescindible para que non sexan esquecidos en previsión da reincidencia, para a reparación das vítimas e os seus descendentes, porque atinxe á humanidade enteira, polo que agardo a súa aprobación pola totalidade das deputadas e deputados desta Cámara.

Moita grazas. Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Señor presidente.

Señoras deputadas e señores deputados.

Isto é un asunto dramático do que se acaba de cumprir un século e responde ás características da definición que fixeron no seu día as Nacións Unidas dun xenocidio porque contén todos os elementos que entran dentro desa definición. Algo dixo a señora Iglesias: destruír total ou parcialmente un grupo nacional, étnico, racial ou relixioso; e ten ademais catro apartados nos que especifica exterminio de membros dun grupo, atentado grave contra a integridade física e mental dos membros dun grupo, sometemento deliberado do grupo a condicións de existencia que poidan acarrear a súa destrución física, total ou parcial, medidas destinadas a impedir os nacementos nun grupo e o traslado pola forza dos nenos e de membros do grupo que se queira, dalgunha maneira, excluír e neste caso, ademais, por métodos violentos.

Desgraciadamente, na historia da humanidade téñense producido actos tan terribles como este que hoxe estamos debando aquí. Algúns son moi evidentes, e posiblemente se a Alemaña nazi non tivera cometido de maneira sistemática,

programada e, ademais, cunha eficiencia tan característica dos xermanos contra o pobo xudeu, posiblemente nin sequera se tiveran abordado todos estes temas; e, como sosteñen algúns, os feitos que hoxe estamos debatendo aquí, posiblemente quedaran circunscritos a unha acción máis de guerra, pero unha acción máis de guerra non implica mover a toda unha poboación ou un territorio determinado e, por acción ou por omisión, aquí as cifras varían e podemos estar falando –aí creo que todos os estudos o confirman– de máis dun millón de persoas, persoas que non son combatentes, onde entran homes, mulleres e nenos, anciáns, e onde se producen todo tipo de circunstancias para eliminar un conxunto da poboación, neste caso de poboación que vivía no territorio antigo do Imperio otomán.

Dixo a señora Iglesias: aquí se teñen tomado acordos en moitos países do mundo, en moitos territorios, o máis recentes de todos é o que ten que ver co tomado por o Parlamento alemán, e ademais por unha unanimidade –creo que só houbo un voto en contra–, realmente nun país onde a presenza da comunidade turca é moi importante e onde os lazos económicos, culturais, políticos, os intereses de todo tipo, condicionan e enmarcan grandemente a relación política entre Alemaña e Turquía. Non hai que esquecer que non hai moito se teñen chegado a acordos liderados por Alemaña, precisamente, para que Turquía se fixera cargo dalgunha das nosas vergoñas como europeos.

Nós presentamos unha emenda. A emenda non contradí, para nada, o que ten dito aquí a señora Iglesias, o que fai é suavizar a linguaxe, e faino nos termos do acordo do Parlamento Europeo. ¿Por que? Porque eu tamén lles digo que persoalmente me parece tan inxusto facer responsables as novas xeracións de turcos de hoxe dos delitos e atrocidades do Imperio otomán de hai un século, como se hoxe lle pedíramos contas ás novas xeracións de alemáns do que ten acontecido, a mediados do século pasado, pola Alemaña nazi.

É a nosa obrigación tamén, tender pontes para, na mesma filosofía dos acordos que se teñen producido en 2.009 en Zürich, que se faga un estudo –tal como se acordou de crear unha Comisión– para estudar a historia, todos os elementos que teñen acontecido naqueles terribles acontecementos e para que o trato, a relación, a empatía entre a Turquía actual e a Armenia actual, non digo que borre porque iso é imposible, borrar aquelas atrocidades, pero que polo menos, como

temos feito en Europa tamén, como se ten feito en Sudáfrica, como se ten feito incluso en Ruanda –que é un modelo tamén clásico de todo isto–, se poda chegar polo menos a convivir algúns coa culpa –se aínda a teñen–, outros cos seus complexos, e outros, tamén, para asumir a súa propia historia. Nós, señora Iglesias, concordamos absolutamente no fondo e practicamente pedimos o mesmo, utilizamos outra linguaxe, porque nas relacións internacionais tamén as palabras teñen sentido, porque hai moitísimos intereses de todo tipo entre os países, e ademais propoñemos que sexa a Unión Europea –como foi no seu día–, garante e promotora do acordo asinado entre Turquía e Armenia...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora SONEIRA TAJES: ...para iniciar o camiño da reconciliación, de establecer as relacións e de situar o problema nun contexto e nun marco histórico que hoxe eu creo que está superado pola propia historia pero que, sen embargo, segue afectando a moitísimos milleiros de persoas, e que segue provocando moitísima dor. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Soneira.

Polo Grupo Popular de Galicia, ten a palabra o señor Trenor López.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señorías, o meu grupo, e penso que todos os deputados que estamos aquí, desexamos o acercamento entre os pobos armenio e turco co obxectivo de que se normalice a súa situación, porque hoxe en día son dous pobos, dous países fronteirizos que levan máis dun século enfrontados.

O Partido Popular condena e solidarízase cos milleiros de vítimas e as súas familias que sufriron as atrocidades e os masacres, hai agora 101 anos, en tempos do Impero otomán. Queremos un diálogo sincero entre turcos e armenios, planificar un futuro común que permita pechar, de xeito definitivo, este tráxico capítulo da súa historia, partindo da máxima de que unha inxustiza e unha traxedia só se superan co respecto ao dereito internacional e aos dereitos humanos.

Señorías, o meu grupo emendou esta iniciativa, unha emenda onde pedimos o cumprimento dos protocolos de Zürich e

queremos que se cumpran os protocolos de Zürich porque cremos que é o camiño para o acercamento entre estes dous pobos. É unha emenda que non contradí, para nada, o que dixo a señora Iglesias –e tampouco o que dixo a señora Soneira– porque máis alá dos debates de competencias –que saben vostedes que non as temos–, máis alá dos debates semánticos –dos que eu non teño ningunha dúbida–, máis alá do debate histórico –que a nós non nos corresponde, e ademais os historiadores xa admitiron o seu veredicto–, e máis alá do debate xurídico –xa que nós non somos xuíces nin debemos selo–, hai o debate político.

Señoría, e como xa lle dixen antes, o importante se é a política, temos que ter claro que a política debe ter como fin último arranxar os problemas a través dun proceso democrático, solucionar os problemas dos cidadáns. E neste caso, a mellor forma de axudar é favorecendo o acercamento destes países, favorecendo o restablecemento das relacións diplomáticas. Por iso rexistramos a nosa emenda, coa finalidade de favorecer o acercamento entre dous pobos a través dos protocolos de Zürich. Este acercamento comezou en outubro do 2009, despois de case un século Turquía e Armenia firmaron –acompañados dos principais xefes da diplomacia mundial: alí estaba Solana, alí estaba Clinton, estaba tamén Serguéi Lavrov– en Suíza, un histórico acordo para poñer fin a un século de hostilidades, un século de afastamento que mantiña a ferida aberta; e por fin, os ministros de exteriores turcos e armenios, firmaron un pacto coa finalidade de establecer relacións diplomáticas e a apertura da fronteira común. Pero é verdade que, a pesar desta firma ben intencionada, ese acordo afronta dificultades: por unha banda, a rectificación polos respectivos parlamentos dominados polos nacionalismos e, por outra, polo rexeitamento da influente diáspora armenia co recordo da matanzas e deportacións. Para dar solucións a estas dificultades, pediuse a creación dunha Comisión mixta de historiadores para realizar un exame científico e imparcial dos arquivos e a documentación sobre aqueles sucesos.

Xa daquela se sabía que o proceso de ratificación non ía ser automático, que a gran oposición en ámbolos dous países facía pensar que non ía ser un proceso rápido, e despois aínda quedaba a aplicación destes protocolos. Primeiro tiñáse que rectificar polos parlamentos e, despois, aínda había que executar eses protocolos. Pero estas dificultades xa eran coñecidas, xa advertiu o presidente Clinton, e tamén o coñe-

cía o Goberno español daquela, que era do Partido Socialista, e o acordo, ademais, foi celebrado porque era unha boa nova. O Goberno actual tamén cre que hai que seguir avanzando nesta liña porque é unha política de estado, dun Goberno e doutro, buscando o acercamento diplomático e o entendemento de dous gobernos, que os dous países vaian nesa dirección, sen interferencias e sen presións, e que Armenia e Turquía avancen polo camiño do diálogo, e nós entendemos que ese é o bo camiño. E a comunidade internacional, os estados membros, incluso as comunidades autónomas, en moita menor medida iso si, podemos axudar mantendo a posición do Estado, do anterior do Goberno e do actual, avanzando e promovendo un acercamento entre ambos países, e apoiando unha solución dialogada a este conflito.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Moitas grazas, señor Trenor.

Polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra o señor Ron Fernández.

O señor RON FERNÁNDEZ: Ben, bo día de novo.

Falamos dunha iniciativa certamente importante. Trátase de non quedar indiferentes ante o xenocidio organizado de culturas e pobos, porque quedar indiferentes sería un crime ético sen parangón. Hai que posicionarse e tomar partido. Iso de xogar a dúas bandas como acontece entre Marrocos e o Sáhara, ás veces, non é posible e para non repetir, hai que coñecer, e para coñecer hai que ter educación, educación e saber, ás veces, de onde veñen, por que sucederon as cousas e por que seguen sucedendo. Porque Turquía –por moito que se queira camuflar a realidade– segue sendo o país con máis chamadas de atención por vulneración de dereitos humanos para co pobo kurdo, segue aí. E, de feito tamén, chamadas de atención para que os refuxiados sirios que pasan pola súa fronteira, incluso con persoas mortas... Turquía non é un país seguro a pesar desa tropelía asinada entre a UE: o tratado para expulsar e deportar de forma masiva a persoas refuxiadas. E hai un pasado, ese pasado dinos claramente o que aconteceu desde 1880, porque en 1880 había dous millóns cincocentos mil armenios no Imperio otomán; despois da Primeira Guerra Mundial, despois de 1923, só quedaban

máis de cen mil persoas armenias; eses datos entre a diáspora e o millón e medio de persoas que foron asasinadas. Ás veces é bo ler o que dicían os grande pensadores desa masacre organizada, dese plan organizado de exterminio –que ese foi o termo que lle puxo Rafael Lemkin, cando escribiu en 1944 un libro para describir o que fixeran os nazis coa solución final–, que era un plan coordinado composto por diferentes accións que queren a destrución dos fundamentos esenciais da vida, de grupos nacionais co obxectivo de aniquilalos.

Ben, o Gran Visir cando dicía “para liquidar a cuestión armenia, é necesario liquidar os armenios” era evidentemente claro. É necesario destruír as súas familias e os fundamentos da súa organización familiar. A familia é o baluarte da resistencia dos seus pobos, especialmente do armenio. Se se destrúe ese baluarte, sen resistencias, quedarán aniquiladas e non será preciso recorrer a matanzas porque desaparecerán por si mesmas as institucións nacionais. Pero tiveron que recorrer a matanzas, matanzas que supuxeron non só o 24 de abril nesa noite o secuestro de 250 intelectuais armenios –os máis importantes para o pobo armenio– e o seu asasinato, senón que a partir de aí empezou todo un proceso planificado, organizado, de masacre que incluía a deportación cara ao deserto –onde os deixaban morrer– ou simplemente o afogamento no Éufrates, que se converteu nun enorme mar de sangue e de corpos armenios, de mulleres armenias, de nenos armenias, de nenos. Foi un auténtico xenocidio planificado e, polo tanto, o que hai que pedir é paz, pero paz con xustiza social, como se fixo en Colombia, como se fixo en Sudáfrica, paz con recoñecemento para as vítimas. E iso, a comunidade internacional é moito máis importante do que parece, pero claro, cando se fai o que se fai con Turquía hoxe en día e se lle dá carta branca para seguir facendo o que fai co pobo kurdo, pois desde logo mal exemplo se fai. Por iso estaban moi enfadados cando Alemaña estaba na disposición de recoñecer que aquilo fora un xenocidio, non unha masacre, xenocidio. ¿Por que? Porque iso implica plan organizado, plan organizado para aniquilar toda unha cultura. Repetimos, quedaban máis de cen mil e a diáspora, que foi a que mantivo a lingua crapar como medio de comunicación fundamental do pobo armenio.

Ben, eu vou rematar –porque ás veces hai que rematar con versos– cos versos de William Saroyan, que viviu entre 1908 e 1981, fillo dun inmigrante armenio, que sinalaba o

seguinte: “O 24 de abril sinalo o intento de exterminio dunha nación, pero esa nación non quixo morrer, e non morreu. Quixera ver algún poder no mundo destruír este pobo, esta pequena tribo de xente sen importancia cuxa historia rematou, cuxas batallas se combateron e perderon, cuxas estruturas se destruíron, cuxa literatura non se le, cuxa música non se escoita, cuxas pregarias non se pronuncian máis. ¡Destruían Armenia! ¡Vexan se o poden facer! Botádeos dos seus fogares cara ao deserto, deixádeos sen pan nin auga, queimen as súas casas e os seus templos. Adiante, traten de destruílo, pero o pobo armenio, aínda así, non morreu e, polo tanto, merece todo o apoio dos pobos que se cren democráticos”.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Ron.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Dise moitas veces que a política internacional e os posicionamentos internacionais din moito do carácter democrático dun goberno e parece evidente que estamos diante dun caso onde isto se pode exemplificar.

Pregúntome por que xera tanto conflito chamar xenocidio á matanza de armenios en Turquía. ¿Por que hai tanto problema en chamarlles ás cousas polo seu nome? As palabras significan e é importante e fundamental, para recoñecer a existencia, para superar esa situación, para que os pobos poidan discorrer e avanzar no seu futuro, recoñecer o pasado. E, para recoñecer o pasado, hai que chamarlles ás cousas polo nome, hai que recoñecer a existencia dun feito; verbalizalo é o primeiro paso para chamalo.

Así como Franco non era o xefe do Estado, senón que era un ditador; así como Galiza non é o noroeste da península Ibérica; así como os kurdos non son os turcos das montañas, senón que son un pobo diferenciado; así como Kurdistan non é unha montaña, senón que é a nación dos kurdos, pois, o xenocidio de Armenia non é un conflito civil onde houbo vítimas musulmá e cristiás, ¡é un xenocidio! E, como tal, hai que chamarlle. É un xenocidio, porque xenocidio é, por

definición das Nacións Unidas, que incorporaron este termo en 1948, “a intención de destruír un grupo nacional, étnico, racial, relixioso mediante a execución dos seus membros e infrinxindo deliberadamente sobre o grupo condicións de vidas calculadas para provocar a súa destrución física”. Implica cálculo e premeditación. Un xenocidio propón ir máis alá da matanza de suxeitos, pois implica o proxecto destruír a un pobo na súa totalidade. E esta foi a intención do Imperio otomán a respecto do pobo armenio, a respecto de Armenia. Entón, se isto é así, ¿por que ese intento de non recoñecelo?

No contexto da Primeira Guerra Mundial, efectivamente, entre 1915 e 1923, o Goberno turco levou a cabo o asasinato programado dos armenios que habitaban no territorio otomán. E é recoñecido así, como o primeiro xenocidio do século XX. Durante ese período, non foi un conflito entre iguais, señor Trenor, non foi un conflito entre iguais; estamos falando dunha posición de dominio e duns dominados. E, durante este período, asasináronse máis dun millón e medio de armenios, roubáronselles os seus bens, roubóuselles o seu idioma, destruíronse os seus monumentos e as súas igrexas, arrasáronse os seus cemiterios e eliminouse toda pegada ao documento que puidera dar testemuño de que algunha vez existira unha comunidade armenia en Turquía. Isto ten unha palabra, hoxe ten unha palabra, e é “xenocidio”.

O exterminio armenio é xa recoñecido por moitos países e por potencias. E si, é certo que hai reticencias por parte doutras potencias e doutros países para que isto se recoñeza. Pregunte por que ese temor ou ese non querer recoñecelo. Pois, por unha cuestión moi clara: porque os intereses económicos e políticos priman sobre a reparación ao pobo armenio. Os intereses políticos, económicos e xeoestratéxicos de que Turquía é unha peza fundamental para a OTAN, é unha peza fundamental xeoestratéxica para dominar Oriente Medio e para poñerlle freo a Rusia. Por iso, primase ser compracente con Turquía en vez de recoñecer o auténtico xenocidio co pobo armenio.

E, dende logo, sabemos cales son os argumentos de Turquía para non recoñecer o xenocidio de Armenia. Ten argumentos económicos; ten argumentos de que recoñecer esa realidade significaría, entre outras cousas, ter que recoñecer o resarcimento en termos económicos e políticos. Pero a pregunta é: ¿por que o Partido Popular non quere recoñecer esta realidade

de do xenocidio armenio? Dende logo, a verdade e a reparación son precisas para facer xustiza co pobo armenio.

Pola contra, a impunidade e a negación do xenocidio o único que significa é impunidade. E, dende logo, a xuízo do BNG, a vergoña retrata a quen a padece. Hai nada, Alemaña vén de sumarse aos estados que recoñecen o xenocidio do pobo de Armenia. O papa Francisco recoñeceuno en varias ocasións, chamoulle polo seu nome: xenocidio de Armenia. Bélxica, Holanda, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Lituania, Polonia, Eslovaquia, Suecia, Arxentina, Canadá, Chile, Líbano, Rusia, Siria, Uruguai –que foi o primeiro en recoñecelo–, o Vaticano, Venezuela... E vén aquí o Partido Popular dicir que non deixemos discorrer a intranquilidade, non inxerencia... Gustaríame que aplicara ese mesmo precepto, por exemplo, para Venezuela ou outros estados que tiveran esa política de non inxerencia.

Dende logo, que hoxe o Partido Popular non queira recoñecer algo tan obvio como que...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...o pobo armenio foi obxecto de xenocidio... Que, neste momento, en Armenia só vivan tres millóns dos máis de once millóns de armenios pon en evidencia cal é a situación á que foi condenado este pobo. Entón, pois que o Partido Popular non queira recoñecelo pon en evidencia e avergoña ao propio Partido Popular, porque quen nos pide ese recoñecemento é unha das partes que vos tede hoxe aquí quixo referir, señor Trenor; dixo que deixáramos que os dous países...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Pero é que son precisamente os armenios os que están demandando que se recoñeza a existencia dun xenocidio para, efectivamente, en base ao recoñecemento da verdade, en base a non ocultar a historia, poder construír un futuro. Iso parece obvio que así sexa.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Por iso, imos apoiar esta iniciativa, señora Iglesias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Moitas grazas, presidente.

Agradecer o apoio dos grupos que apoian esta PNL.

E agora, con respecto ás emendas, ofrezco aos grupos que presentaron as dúas emendas unha transacción para chegar a un acordo.

Señorías do Partido Popular, señor Trenor, fala vostede do Protocolo de Zürich do ano 2009. Un protocolo que só serve para o establecemento de relacións diplomáticas entre a República de Armenia e a República de Turquía. Aquí non falamos diso.

Tamén lle quero indicar que na súa emenda, na emenda que vostedes me presentan, o que vostedes chaman tráxicos acontecementos, ese significado, ten un significante e ese significante é “xenocidio”. Así o demostran numerosos testemuños de diplomáticos, de misioneiros, de xente que estivo alí e que o presenciou, e que o trasladou aos periódicos. Un deles, o *The New York Times*, xa en 1915, cualifica os feitos como un exterminio racial planeado e organizado polo Goberno turco daquela época.

Señor Trenor, estou disposta a transaccionar as emendas co Partido Socialista e co Partido Popular; só poño unha condición, nada máis que unha condición, e esa condición é que o texto que resulte da transacción contemple explicitamente estas palabras: “O Parlamento de Galiza reconece o xenocidio do pobo armenio”. Espero que vostedes non poñan impedimento.

No ano 2007, no Parlamento vasco aprobouse este recoñecemento cos votos do Partido Socialista e cos votos do Partido Popular. E teño o orgullo de manifestar aquí neste momento, como parlamentaria e como galega, o cualificativo que recibiu o Parlamento de Galiza por parte do Estado de Israel cando apoiou o pobo palestino: foi cualificado de inimigo do Estado de Israel. É un orgullo para min a valentía do Parlamento de Galiza neste posicionamento.

Espero e desexo, polo ben da humanidade, que este Parlamento de Galiza, neste momento histórico, neste momento en que están rexurdindo en Europa movementos xenófobos,

movementos da extrema dereita, para que non se volva repetir, poñamos o noso granciño de area na defensa dos dereitos humanos e recoñezamos por unanimidade o xenocidio do pobo armenio.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Pasamos a debater, a continuación, de xeito acumulado, unha proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra iniciativa do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda. Ambas as dúas versan sobre o accidente ferroviario de Angrois.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e dous deputados máis, sobre as demandas que se deben realizar en relación co novo informe redactado pola Comisión Europea verbo do accidente ferroviario de Angrois, a composición e o funcionamento da Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios, así como a creación no Parlamento de Galicia dunha comisión parlamentaria de investigación ao respecto

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e cinco deputados máis, sobre a creación por parte da Xunta de Galicia dunha comisión de investigación respecto do descarrilamento do tren Alvia na curva de Angrois

O señor PRESIDENTE: Ten, en primeiro lugar, a palabra, para formular a proposición non de lei, dona Ana Belén Pontón Mondelo, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente. Moi bo día.

Como saben as súas señorías, o vindeiro día 24 de xuño cumpríranse tres anos do dramático e gravísimo sinistro de Angrois, que provocou a morte de oitenta e unha persoas e cento corenta feridos. Tres anos, mil noventa e cinco días, en que as vítimas –as persoas que perderon un fillo, unha amiga, unha nai, unha tía– tiveron que manter vivo o pesadelo e tive-

ron que recordar esa dramática situación. Pero, tamén, tres anos nos que estas persoas tiveron que sobrepoñerse á dor, tiveron que estar nas rúas, tiveron que estar nas portas dos xulgados, dentro dos xulgados, nas tribunas do Parlamento –como hoxe aquí nesta sesión–, reclamando xustiza, reclamando verdade. Porque nós temos algo moi claro desde o BNG e é que, sen verdade, non pode haber xustiza. E, desde logo, o que está pasando neste momento coas vítimas do sinistro de Angrois é unha auténtica vergoña.

E eu digo, en nome do BNG, que nos dá vergoña un Estado que antepón os intereses das empresas que fixeron o AVE á dignidade das vítimas; que nos dá vergoña unha ministra de Fomento –que ademais é candidata do Partido Popular pola provincia de Pontevedra– que prometeu que ía axudar as vítimas e o único que fixo foi entorpecer a investigación xudicial; que nos dá vergoña que haxa maiorías bipartidistas que están sempre en contra de que nos parlamentos se constituían comisións de investigación. Esta é a cuarta vez neste Parlamento que imos votar a proposta do BNG á creación dunha comisión de investigación. Imaxino que tamén será a cuarta vez que o Partido Popular vota non, sen contar as que impediu que mesmo se puidera debater sobre este asunto.

Finalmente, dicir, en nome do BNG, que sentimos vergoña dun réxime que nega o dereito á verdade, o dereito á seguridade ferroviaria, todo por defender os intereses duns poucos. E desde logo que nós imos estar sempre coas vítimas, imos estar sempre do lado da verdade, e imos estar –ata o último momento– para que aqueles que tiveron responsabilidade a asuman. Neste traballo, parécenos que é moi importante que saibamos o que está pasando neste momento e que nos posicionemos con claridade a respecto de que lado estamos.

Hoxe o señor Núñez Feijóo, ausente neste debate –aínda que creo que sería moi positivo que asistira a esta cuestión–, dicíanos que el podía mirar aos ollos os galegos e as galegas porque estaba preocupado polos seus problemas. E eu preguntome se o señor Núñez Feijóo pode estar hoxe aquí e mirar aos ollos ás persoas que están nesta tribuna, que ían nese tren, e dicirlles que estivo do seu lado. Creo que el sabe que non pode facelo, porque, cando tivo ocasión de miralos aos ollos, o que fixo foi enviarlles os antidisturbios, como fixo naquela vergoñenta entrega de medallas. Cando as vítimas estaban fóra, o señor Núñez Feijóo non saíu collelas da man, o señor Núñez Feijóo mandoulles os antidisturbios.

E nós, desde o BNG, dicimos moi claro que imos estar con eles e con elas ata o final, que queremos que se faga xustiza. Igual que noutros casos en que o Estado intentou tapar as súas responsabilidades, nós sabemos que esta é unha guerra desigual, mais imos estar petando na Comisión Europea, no Congreso dos Deputados, no Parlamento galego, nos diferentes concellos e institucións deste país; porque nós non imos descansar ata que se faga xustiza, ata que se asuman as responsabilidades e ata que se tomen as medidas necesarias para que un sinistro destas características non volva suceder.

E, segundo vai pasando o tempo, hai máis datos que nos dan a razón, que lles dan a razón ás vítimas a respecto de que hai moitas máis responsabilidades que as do maquinista, e de que todo o que se fixo desde ese accidente ata hoxe foi unha grande mentira.

Un dos principais argumentos que utilizou o Partido Popular para negar unha comisión de investigación nos parlamentos era que xa había unha comisión de investigación ferroviaria que ía facer esa investigación. Pois ben, as vítimas, e o BNG tamén coas vítimas, sempre dixeron que esa comisión de investigación non era unha comisión válida, entre outra cousas, porque eran xuíz e parte, e quen é parte do accidente e da responsabilidade non pode ser obxectivo á hora de xulgar isto.

Denunciámolo. Denunciamos, por exemplo, que o presidente desa CIAF fora directivo de Renfe ata o ano 2004 –no que pasou a ser corporativo de seguridade– e que mantén vinculacións laborais e económicas coa empresa de Renfe Mercancías S.A. e coa empresa pública empresarial de Renfe no proxecto Cebra para unha empresa alemá; que todos os membros desa comisión tiveran vínculos con Renfe ou con Adif, ou mesmo vínculos coas empresas que logo foron adxudicatarias desas obras; e que, polo tanto, con ese tipo de intereses, era imposible que os membros desta comisión puideran facer un traballo independente.

Esta denuncia fíxose no propio Congreso –fíxoselle á ministra, ao Partido Popular– e sempre negaron iso, mais nós cremos que hai que ir ata o fondo. E, por iso, fomos e acompañamos á plataforma, e desde o BNG organizamos unha visita nas institucións europeas para denunciar a vulneración da normativa en materia de investigación de accidentes ferroviarios e, en concreto, as directivas que se fixéron.

Hoxe sabemos que a propia comisión e que o propio Estado español recoñeceron que a propia CIAF non tiña validez, que incumpriía ese criterio de ser independente. E, mesmo coa visita das vítimas en Bruxelas, pediuse e fíxose un informe que neste momento a Comisión Europea está ocultando por presións do Partido Popular e por presións do Partido Socialista. E, segundo podemos ver nalgúns confidenciais, o que se está dicindo é que se está presionando por parte do Goberno do Estado á Comisión Europea para que non faga público ese informe antes das eleccións. Porque a vostedes, ao final, o único que lles importan son os votos e dálles igual cal sexa a verdade, cales sexan as responsabilidades e cal sexa a situación que neste momento teñen as vítimas. Igual que intentaron dicirnos que no accidente non había ningunha responsabilidade desde o punto de vista político por decisións que claramente tiveron incidencia no accidente.

Porque todos e todas –estou convencida–, todos e todas os que estamos aquí sentados neste Parlamento sabemos que, se houbera as medidas de seguridade axeitadas, o accidente de Angrois se podía ter evitado.

Polo tanto, cando esa é a realidade, cando iso é o que está dicindo mesmo o único informe realmente independente que houbo neste fallido xuízo en relación con Angrois, cando esa é a realidade, nós o que dicimos é que ten que haber o recoñecemento, primeiro, de que as cousas se fixeron mal; segundo, de que as vítimas teñen dereito á verdade; terceiro, de que realmente se vai actuar con transparencia e rigor; e, cuarto, de que imos tomar as medidas necesarias para evitar que unha situación deste tipo volva repetirse nalgún momento no noso país.

Desde logo, nós non entendemos como, ante todas as razóns, ante todas as reclamacións que se levan feito, no Estado español preténdese poñer unha lousa de silencio sobre o accidente de Angrois. Nós temos claro que iso se pon porque hai algúns e algunhas persoas que teñen interese porque non se coñeza a verdade; porque se se coñecera a verdade, esas persoas non poderían estar nunha lista electoral, esas persoas non poderían seguir tendo responsabilidades políticas e terían que asumir as grandes mentiras que durante este tempo nos estiveron contando.

Desde logo, nós hoxe non só queremos que se reclame ese informe que a Comisión Europea mantén oculto por presións

do Estado español. Porque, ademais, sabemos que o imos conseguir, porque estamos reclamando nas propias institucións europeas, que mesmo están incumprindo os criterios básicos de transparencia. E o único interese xeral que hai neste país é coñecer a verdade e que non se volva repetir un accidente como o de Angrois. Esa é a única verdade que a nós nos interesa.

Pero tamén, cremos que é fundamental que aquí haxa unha posición clara. ¿Cremos que a CIAF foi un organismo válido si ou non?, ¿vostedes cren realmente que os responsables desa chapuza que nos deixaron en Angrois poden ser os que investiguen o accidente? Nós, desde logo, cremos que non; non sabemos o que opinan o resto de deputados e deputadas desta Cámara.

Nós tamén cremos que ten que haber unha nova investigación, que ten que modificarse a normativa reguladora da CIAF e ter unha comisión realmente independente que, desde o punto de vista técnico, desde o punto de vista das responsabilidades da Administración, avalíe que pasou. Pero que tamén hai responsabilidades políticas, e esas responsabilidades políticas teñen que dirimirse en comisións de investigación, no Congreso dos Deputados e no Parlamento de Galiza. Porque miren, que o maior accidente ferroviario da nosa historia se salde sen que aquí pase absolutamente nada non só non é de recibo, é que sería unha vergoña á dignidade deste país e á dignidade das vítimas.

Pensen ben, señorías, que van facer, de que lado se queren poñer, antes de apertar o botón. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Quero dar a benvida ás persoas integrantes da Plataforma Vítimas do Alvia que hoxe nos visitan, a unha institución que debería de servir para deitar luz e non para tapar, e que debería de servir para reconfortarvos e non para agredirvos. Desgraciadamente, a maioría do Partido Popular durante estes anos impediu que iso fose así, polo menos neste tema, e en moitos outros.

¿Por que insistimos na nosa iniciativa pedindo unha comisión de investigación para o accidente de Angrois? Porque non queremos vivir nun país onde se agochen as responsabilidades e onde estas se carguen ao lombo dos de abaixo sistematicamente, señores do Partido Popular; porque queremos un país democrático, xusto e cuns representantes e administracións sensibles coa xente e transparentes; porque queremos responsables políticos que non sexan submisos cos fortes e autoritarios cos débiles. Por todo iso, señores do Partido Popular –mírenme aos ollos–, queremos unha comisión de investigación para o accidente de Angrois, por democracia, por transparencia, por xustiza.

En calquera caso, señores e señoras do Partido Popular, se vostedes ou os seus colegas de Madrid non teñen nada que ocultar, ¿por que a negan?

O debate de hoxe non serve para dirimir se existen ou non responsabilidades políticas, se existen ou non responsables con nomes e apelidos. Este non é o momento. Hoxe discutimos se un accidente de tren acontecido no noso país, que causou oitenta e unha vítimas mortais e máis de cen feridos, é merecedor de contar cun espazo onde se investiguen as responsabilidades políticas que puidera haber.

Iso é o que discutimos hoxe. Discutimos hoxe se un accidente desta magnitude, onde hai indicios serios das eivas nos sistemas de seguridade, onde se modificou o proxecto orixinal rebaixando a seguridade –e este é un dato obxectivo, non é unha opinión– e non se tomaron medidas alternativas que paliasen esa rebaixa da seguridade; se é necesario, neste caso, que se adopten os mecanismos de máxima transparencia e rendición de contas dos representantes das administracións públicas.

Hoxe tamén discutimos de que modelo de democracia temos na cabeza uns e outros: unha democracia de calidade, máis esixente coa acción dos seus cargos públicos, ou unha democracia ritualista, onde todos se limitan a votar cada catro anos.

Hoxe debatemos, señoras e señores do Partido Popular, se desexamos ou non que a cidadanía poida coñecer en profundidade o comportamento das administracións; unha democracia sen medo a que a luz entre en todos os recunchos. Ou se queremos unha democracia opaca, onde a toma de deci-

sións se produce en espazos pechados sen posibilidade de escrutinio público, que é o mellor xeito de que apareza a corrupción. E a corrupción, desgraciadamente, aparece.

¿Para o Partido Popular existe algo chamado responsabilidades políticas? ¿O Partido Popular pensa que neste caso só hai responsabilidades penais? Quero escoitar a súa opinión. Se concordamos en que nunha democracia, ademais das responsabilidades penais, existen as responsabilidades políticas, haberá que crear os espazos, os mecanismos oportunos, para depuralas e para dirimilas. Negarse a isto conduce a considerar o discurso das responsabilidades políticas como pura retórica sen consecuencias.

Hoxe debatemos, tamén, se é axeitado o tratamento que dan as institucións aos seus cidadáns, e se é axeitado o tratamento que lle deron as institucións galegas e do Estado español ás vítimas do accidente de Angrois.

Nós pensamos que a magnitude do accidente, a rebaixa das condicións da seguridade e a non adopción de medidas que paliasen ese risco e que todo recaese no factor humano, e ademais os indicios nos erros na avaliación de riscos, merecen que se abra neste Parlamento –neste, porque foi un accidente ocorrido no noso país–, neste Parlamento. Sei que o Partido Popular nunha ocasión puxo a escusa que este non era no Parlamento, que era no Congreso dos Deputados. Ben, no Congreso dos Deputados tamén se negaron a que houbera un espazo de depuración de responsabilidades políticas. Pero nós dicimos que aquí hai que facer unha comisión de investigación. E quen non queira vir alegando cuestións xurídicas quedará retratado, como quedan retratados vostedes cada vez que se negan a votar a favor dunha comisión de investigación.

Se existen responsables políticos que non o fixeron ben, o seu traballo non pode ser premiado, como sistematicamente premia o Partido Popular os que fan mal no desempeño dos seus cargos. Ter respecto e mostrar sensibilidade coas vítimas forma parte tamén de facer ver o traballo político. E os señores Ferré e Catalá, pola súa insensibilidade e falta de respecto ás vítimas, non deberían de seguir nin un minuto máis nos seus postos –e non falamos do que nos parece que, aínda por riba, sexan ascendidos–. E para chegar a esta conclusión si que non fai falta comisión de investigación ningunha, só hai que escoitar as súas declaracións posteriores, onde mostraron máis preocupación por salvagardar os nego-

cios de grandes empresas que por ter sensibilidade coas vítimas; máis preocupados de dicir que iso non era alta velocidade que de mostrar preocupación polas vítimas.

Outra cousa que me gustaría preguntar é: se, na inauguración desta liña, o señor Feijóo e o señor Blanco presumiron dun tren de alta velocidade con todas as características, un tren como o que ía a Andalucía, naquel momento ningún responsable de Adif e Renfe os desmentiu –cousa que si fixeron o día despois do accidente, ou dous días despois–, ¿era alta velocidade ou non? Respondan a esta pregunta tan sinxela, por favor.

¿Pódese en política, neste país, mentir e enganar con total impunidade, sen que custe nada? Estamos a tempo para abrir unha comisión de investigación e demostrar que todo este proceso, que levou a cambiar o proxecto orixinal, a non tomar medidas paliativas etc., etc., foi exemplar e non houbo erros. ¿A que lle teñen medo vostedes entón? Pódese constituír a comisión e que as familias das vítimas vexan que todo se fixo ben, que todos estes responsables políticos que tan bos salarios cobran e que nunca asumen responsabilidades actuaron con escrupuloso cumprimento do seu deber técnico, político e ético. ¿A que teñen medo?

A dimisión dos altos responsables, mesmo se non tiveron responsabilidades directas, sería o mínimo que deberían facer e sería un xeito de pedir perdón e mostrar respecto ás vítimas. O único xeito de pedir perdón e de mostrar respecto ás vítimas en política é a dimisión, mesmo sen ter responsabilidades directas. É o deber de calquera representante público cun mínimo de ética.

¿Por que negarse a facer unha comisión regulamentada nun parlamento con todas as garantías democráticas? ¿a que teñen medo? Contesten. O seu medo fai que a única conclusión á que chegue a cidadanía é que vostedes pretenden correr un manto escuro sobre o acontecido. Só así se entende a súa negativa constante. Esta comisión é máis necesaria que nunca para a rexeneración e mellora do sistema democrático deste país, que ante estes sucesos segue sistematicamente o mesmo patrón: o dedo do Estado sinala o traballador, o piloto, e nunca existen cargos –eses que cobran tan bos salarios– que asuman responsabilidades políticas. Sexa no metro de Valencia, Spanair, *Prestige* ou neste Alvia, sempre igual. Os de abaixo pagan e os de arriba ascenden.

Permitan que investiguen o ocorrido. ¿A que lle teñen medo? E nós non queremos que a xustiza chegue tarde, porque se non xa non é xustiza. E non queremos que, unha vez máis, as institucións europeas teñan que emendarlles a plana ás malas prácticas do Partido Popular. As institucións europeas tiveron que emendarlles a plana ás súas políticas de complicidade cos bancos nos desafuzamentos e nas execucións hipotecarias. Iso si, tiveron que pasar moitos anos, moitos desafuzamentos, moitos sufrimentos e moita xente que se deixou a vida para isto.

Non permitamos que aquí pase o mesmo. Xa está actuando a Unión Europea, xa está actuando a Unión Europea, e vostedes seguen empeñados en tapar. Existen indicios máis que salientables para abrir esta comisión de investigación. A súa negativa só ten unha explicación: teñen moito que esconder.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos e benvidas as persoas que nos acompañan da Plataforma de Vítimas do Alvia.

Imos apoiar as dúas proposicións non de lei que presenta o Grupo de BNG e o Grupo de AGE, porque consideramos que é de Xustiza –e digo Xustiza con maiúsculas– e temos unha gran responsabilidade aquí no Parlamento para averiguar a verdade, para crear unha comisión de investigación.

Dende hai tres anos temos gravadas as imaxes impactantes desta traxedia e dende hai case tres anos séguesenos negando a verdade, séguese freando; o freo que faltou ese día, que puido evitar a morte de 81 persoas e evitar tamén o número de vítimas.

E é de xustiza preguntarse e saber que aconteceu. Foi a suma de varios factores que representaba a crónica dunha morte anunciada. É unha mentira, é unha estafa, é unha chapuza, é unha publicidade enganosa, é unha traxedia.

Este accidente foi un punto de inflexión para recapitular sobre os dereitos á seguridade da cidadanía e infraestruturas públicas. Temos dereito a unhas infraestruturas dignas e que remate coa impiedade dos responsables, que non protexen as vidas humanas.

E si, houbo erros. Evidentemente, houbo un erro humano. O maquinista é o eslabón máis débil desta cadea. Temos que apuntar unha persoa, non temos que apuntar un culpábel. Foi a diana á que todos tiraron a dar.

E, por outra banda, as vítimas non queren medallas, queren xustiza, queren saber a verdade. Pedimos transparencia e que non se pode pechar este drama sen saber realmente o que aconteceu na curva da Grandeira.

A Comisión Europea pechou un expediente de infracción ao Estado español pola aplicación das normas de seguridade ferroviarias da UE. É moi importante e é clave a publicación deste informe, que, bueno, foi previo ao accidente. A lexislación europea en materia de investigación de accidentes non estaba ben trasposta ao ordenamento xurídico español. Ademais, denunciaban tamén a falta de independencia da Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios. A Comisión Europea cuestionou a imparcialidade do informe, que culpa só o maquinista, como xa cuestionaban a maioría dos técnicos independentes.

Si dicir, por palabras dalgún profesional, que incluso é moi complicada a imparcialidade de moitas das persoas profesionais no conxunto do Estado, e habería que botar man incluso de profesionais estranxeiros.

Hai evidencias de que houbo unha falta de avaliación de riscos por parte de Adif e de Renfe, e a día de hoxe aínda persisten moitas preguntas e moitos misterios. Non houbo unha avaliación integral do risco da liña que tivera en conta a perigosidade desta curva onde aconteceu o descarrilamento; hai indicios de que existía un risco de accidente na curva. E tamén que existen responsabilidades, e responsabilidades políticas, polo estado da vía e a ausencia dun sistema de seguridade que puido evitar esta traxedia. E, a maiores, o conxunto levaba un peso maior do permitido, que circulaba contradicindo a prohibición da documentación oficial e que nin sequera estaba homologado no seu conxunto, senón por partes. E de aí que reciba o nome, no argot ferroviario, de

Frankenstein: estaba feito de retais doutros produtos que non obedecía a necesidades operativas, senón políticas. E é curioso, ¿non?, o nome, como este personaxe literario, no que non pensaban nos efectos que podía traer o experimento.

E a propia aseguradora de Renfe, que vía un risco previsíbel e non tolerábel nesta curva, que tiña que ser suavizado e no que non se fixo nada. Incluso se admitiron problemas de sinalización no tramo e omitiu que o propio sistema de freado ERTMS podería evitar estas mortes e estas vítimas.

E agora si, claro, despois do sinistro, anuncian a revisión dos tramos. Houbo que pagar con mortes a realización deste traballo, que tiña que ser previo. Implantouse unha nova sinalización que modificou os protocolos para aumentar a seguridade de todos os percorridos.

E si, segue habendo misterios. ¿Por que se traslada o xuíz que imputa a cúpula de Adif, que consideraba como causa múltiple o desencadeante deste sinistro? É un risco para a seguridade da circulación o feito de que poidan existir traxectos de alta velocidade onde se produzan variacións significativas de velocidade, pasando de 220 quilómetros a 80 por hora, sen contar nese punto coa supervisión dun sistema de protección automático, como o ERTMS, ECTS número 1 e número 2. Incluso o propio Sindicato Español de Maquinistas e Axudantes Ferroviarios defendía o propio sistema, incluso podería servir o emprego dunha baliza e un preannuncio da velocidade.

Tamén influíu a mala comunicación, relación e irresponsabilidade entre a Administradora de Infraestruturas Ferroviarias (Adif) e Renfe, que estaba na base, para moitos expertos, deste tipo de feitos.

Denunciouse moitas veces a falta de colaboración das institucións na investigación, posiblemente para evitar que poñan ao descuberto novas responsabilidades da propia Administración. E a decisión da realización do proxecto modificado na nova liña de alta velocidade que supoñía o cambio de aspectos fundamentais do proxecto orixinal, o cal deu como resultado unha variación significativa dos deseños orixinais en relación coa sinalización, control e sistemas de protección do tren.

É conveniente e boa a participación externa dun organismo de certificación, tal como establece a Orde FOM/233/2006,

no artigo 9.1.b), punto 9.q), que di: “No suposto de vehículos ferroviarios modificados engadirase un informe de organismo de certificación no que se indiquen, en opinión do dito organismo, as modificacións efectuadas. A participación externa poderá proporcionar unha perspectiva diferente ao proceso de validación e o informe elaborado polo organismo de certificación incorporárase ao resto da documentación”.

Por iso entendemos que se debe abrir esta comisión, porque o caso non está para nada pechado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Rodríguez.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, bos días a todas e a todos. Mandamos tamén un afectuoso saúdo ás persoas que nos acompañan neste debate sobre unha cuestión tan sensible e tan lutuosa.

“Que non se nos olvide, que non se nos abandone”. Este berro desesperado, expresado polas vítimas, marca escrupulosamente o proceder no fondo e nas formas do Grupo Socialista.

Ás vítimas débémolles as investigacións e os debates que conlevan que esas investigacións e debates non se convertan nin en sobreactuacións que os volvan converter en vítimas nin se convertan en silencios eternos que os humillen. Xa corremos este risco algunha vez e debe estar superado.

Estamos a piques de cumprir o terceiro aniversario dunha data que permanecerá na historia como un día negro para Santiago, para Galicia e para as vítimas. Convén telo sempre presente. Naquela maldita tarde do 24 de xullo de 2013 un tren Alvia transportaba ilusión, ledicia, vida, e decidiu adiantar a suave parada na estación de Santiago e facelo en Angrois, na curva da Grandeira, de forma precipitada e violenta; 80 falecidos e 144 feridos.

Todos pensamos que ese sinistro nunca debeu ocorrer, pero ocorreu, e non está explicado. Non está explicado que unha

máquina, sen vida propia, deseñada, construída e conducida por persoas, que circulaba por unha liña deseñada e construída por persoas, con sinalización e automatismos decididos por persoas, con normas e regulamentos elaborados por persoas, puidera contradicir o feito polas persoas de xeito tan violento e coas consecuencias tan tráxicas que coñecemos.

Falamos de persoas con cualificación, con capacidade de decisión, con responsabilidades, con nomes e apelidos. Resulta imprescindible, polo tanto, clarificar xa as causas que propiciaron este sinistro e explicalas con total transparencia, para identificar os erros, para corríxilos, para depurar responsabilidades. As vítimas, os usuarios e a sociedade esperan esta explicación. Esperan que as investigacións sexan tan amplas e profundas como sexa necesario, en consonancia co espírito das vítimas: “que non se nos olvide, que non se nos abandone”.

As nosas aportacións van nesa liña e teñen ese significado. Nós compartimos rotundamente ese desexo. A argumentación e a posición do Grupo Socialista é sobradamente coñecida nesta Cámara. Queremos saber a verdade sobre o sinistro de Angrois e non renunciamos a nada unha vez coñecidos os resultados das investigacións e dos informes. E queremos que se faga co máximo respecto e co máximo rigor.

Por iso propugnamos a prudencia como viero de actuación nas formas e no fondo, e situando as vítimas no papel central que lles corresponde. Non compartimos sobreactuacións que os volvan converter en vítimas, nin silencios que os humillen. Si compartimos plenamente a reapertura da instrución xudicial ordenada pola Audiencia da Coruña. O que esperamos dela é rigor, axilidade, garantías procesuais plenas para as partes implicadas e conclusións que permitan tomar unha decisión xusta sobre as responsabilidades. En definitiva, o Grupo Socialista reitera o desexo de coñecemento pleno da verdade que aporte tranquilidade e plena satisfacción ás vítimas.

Por iso imos apoiar as propostas que consideramos de utilidade real para acadar este fin. Apoiamos a reapertura da instrución xudicial, e apoiamos, no ámbito destas iniciativas que estamos a debater, se o Grupo do Bloque Nacionalista Galego nos permite a votación separada, apoiamos –digo– a resolución primeira: facer público o informe da Comisión

Europea sobre o accidente de Angrois. E apoiamos os puntos 1 e 2 da resolución segunda; o punto 1: revisión da composición e funcionamento da Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios; e o punto 2: iniciar, nese novo marco desa nova composición desa Comisión de Estudo dos Accidentes Ferroviarios, a creación dunha nova investigación.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Fernández.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Goldar.

O señor GOLDAR GÜMIL: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día a todos, señoras e señores deputados. Permítanme que saúde dun xeito especial e co máis profundo agarimo, no nome do meu grupo parlamentario e no meu propio, os representantes da Plataforma de Vítimas do Tren Alvia, que teñen a amabilidade de acompañarnos nesta sesión plenaria, e tamén a todas as familias e amigos de todas e cada unha das vítimas deste accidente.

E quixera dicir tamén, co seu permiso, señoras e señores, que nada do que fagamos ou digamos hoxe aquí, nin nada que poida acontecer no futuro, poderá calmar tan sequera minimamente a intensísima dor que senten e que desgraciadamente non desaparecerá nunca. Todos cantos temos perdido nun accidente trágico un dos seres máis queridos para nós, para vostedes, non atopamos consolo –diga o que diga e quen o diga–, nin tranquilidade nin paz. É tan inxusto como desgarrador, tan inútil como doloroso. Iso, o lento paso do tempo e a verdade, axudan a que poidamos seguir vivindo. Desexámoslles, pois, con toda a nosa forza, que este dramático camiño vital que están percorrendo lles permita obter, polo menos, o alivio que lles dea valor para continuar.

Mais, señorías, voceira do Bloque Nacionalista Galego e voceiro de AGE, indo ao fondo da cuestión que vostedes traen novamente ao Pleno desta Cámara, é a nosa obriga legal sinalar que o regulamento sobre seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral asigna a competencia para a investigación de accidentes e incidentes ferroviarios, como saben, á Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios, coñecida polo seu acrónimo de CIAF. Esa investigación

terá como finalidade determinar as causas dos mesmos e as circunstancias nas que se produciron, co obxecto de prevelos no futuro e formular as recomendacións oportunas para reducir os riscos no transporte ferroviario. Porén, señoras e señores deputados, esa investigación non se ocupará en ningún caso da determinación da culpa ou responsabilidade e será independente de calquera investigación xudicial.

Como de seguro saben todos os presentes nesta Cámara, a CIAF elaborou o seu informe final con data 20 de maio de 2014 sobre este gravísimo accidente ferroviario acontecido aquel triste día do 24 de xullo de 2013. Este informe conclúe que a causa do accidente foi un grave exceso de velocidade do tren na curva de entrada á bifurcación da Grandeira, limitada a 80 km/h, por non respectarse o prescrito no libro horario do tren e no cadro de velocidades máximas desta liña. O informe, como causa coadxuvante, apunta unha falla de atención, o que motivou a non aplicación do freo de forma adecuada para reducir a velocidade antes da entrada á curva.

Por outra banda, o accidente de Angrois está a ser obxecto do correspondente procedemento xudicial pola vía penal, cuxa fase de instrución foi levada a cabo, como saben, polo Xulgado de Instrución número 3 desta capital de Santiago.

O xuíz instructor ditou o 7 de outubro de 2015 un auto polo que se puxo fin ás dilixencias previas e se abriu un procedemento abreviado. Logo de diferentes trámites procesuais, finalizando o mes pasado deste meso ano 2016, a Audiencia Provincial da Coruña acorda retrotraer a causa á fase de dilixencias previas, isto é, a reapertura da fase de instrución. O fin desta decisión xudicial é o de determinar se existiu e se era normativa e tecnicamente necesaria unha avaliación integral do risco da liña, que tivese en conta a situación de perigo existente na curva onde se produciu o accidente, e para aclarar determinados aspectos dos informes periciais levados a cabo.

A mediados de abril do ano 2016 a Axencia Ferroviaria Europea (a ERA) finalizaba a súa análise da investigación do accidente realizada pola CIAF, no sentido de determinar se se garantira a independencia das investigacións realizadas.

Porén, señorías, a divulgación do informe da ERA debe ser autorizada pola propia Comisión Europea, e o pasado 1 de xuño a Comisión comunicaba o peche do expediente aberto

contra España e que se estaban a analizar se se daban ou non as condicións necesarias para publicar ese informe.

E, finalmente, o 2 de xuño –hai seis días–, coñecíase a intención da Comisión Europea de non publicar o dito informe ata final de mes, para non interferir coa investigación xudicial en curso.

En todo caso, é importante sinalar ao noso xuízo que esa institución xa reiterou en diferentes ocasións que o dito informe non aborda a responsabilidade do sinistro, senón a organización das investigacións sobre os accidentes ferroviarios.

Señorías do Grupo Parlamentario do BNG e da AGE, seguro que vostedes coñecen perfectamente –porque deste xeito o di a lei– que as competencias en materias de ferrocarrís e transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma recaen de maneira exclusiva e excluínte no Estado.

Como de seguro saben isto, tamén saben que esa ausencia de competencias inhabilita formal e legalmente calquera comisión de investigación que se puidera crear nun parlamento autonómico, e isto porque tal comisión deviría vacía de contido, xa que nada podería investigar, porque llo impide a lei, que vostedes e mais nós xuramos observar e cumprir, ao igual que o resto dos cidadáns deste Estado de dereito. E cando se trata de averiguar a verdade, dificilmente quen non ten capacidade legal para investigar pode acadala.

E, señora Pontón, lémbrolle a vostede, con todo respecto, que, no exercicio das competencias que ten esta comunidade autónoma, o vicepresidente da Xunta de Galicia compareceu nesta Cámara para explicar e dar conta do dispositivo despregado ese día, que foi louvado por todos, e fíxoo, señoría, ademais, de xeito inmediato.

En resumo, señorías, a Audiencia Provincial da Coruña ordenou reabrir a instrución xudicial do accidente do Alvia, e cómpre, ao noso xuízo, ser prudentes e respectuosos cos procesos xudiciais en curso. Neste sentido, máximo respecto por todas as decisións xudiciais e por un proceso que debe desenvolverse con total e absoluta independencia.

Respectar a lei e respectar as decisións xudiciais, señores voceiros, levan, xa que logo, a que este grupo parlamentario

non poida apoiar a iniciativa da AGE, e si estariamos dispostos a votar a favor de demandar á Comisión que faga público o informe se o Grupo Parlamentario do BNG acepta a votación por puntos da súa iniciativa, e máis concretamente o punto primeiro do primeiro parágrafo da parte dispositiva, cousa que lle solicito aquí, en nome do meu grupo, humilde e formalmente.

Mais, señorías, sobre todas as cousas, este Parlamento debe mostrar –e así o fai– o máximo respecto e comprensión para as familias das vítimas do accidente ferroviario máis grave que ten acontecido na nosa historia. Elas deben saber que, xunto con eles, todos nós, todas as galegas e todos os galegos, temos o máis grande interese en coñecer canto antes toda a verdade do acontecido aquel triste día, que encheu de tanta dor inaguantable tanta xente de ben nesta terra e para que nunca máis teñamos que sufrir nada semellante.

Máis nada, moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Goldar.

Grupos parlamentarios autores da proposición.

En primeiro lugar, o Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego. Señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Eu a verdade é que lamento que cheguemos ao final deste debate cunha foto fixa, e a foto fixa é que o Partido Popular e o Partido Socialista son incapaces de atender unha das principais reivindicacións que teñen as vítimas do sinistro de Angrois, de que haxa petición de perdón, asunción de responsabilidades políticas e unha investigación desde o punto de vista político, que é o que nos corresponde a nós aquí analizar, que realmente vaia ao fondo da cuestión e que se saiba a verdade.

O señor Goldar creo que debería de dimitir –díggollo con sinceridade–, debería dimitir por mentir –e non é unha broma–. Poden rirse vostedes e frivolar absolutamente todo o que queiran, porque estamos falando dun tema moi serio, porque non se pode vir a este Parlamento e dicir que o Parlamento de Galiza non ten competencias para abrir unha comisión de investigación sobre o principal accidente ferroviario.

Dígoo porque o Regulamento desta Cámara non di que as comisións de investigación teñen que ver coas competencias exclusivas da Xunta. Non, non. Di que ten que ver sobre calquera asunto de interese xeral que pase no noso país. E eu podo dicirlle unha cousa: non creo que haxa nada que nos interese máis que saber cales foron as causas dun accidente ferroviario desas características, depurar responsabilidades e tomar todas as decisións que sexan necesarias.

E o que a nós nos parece que é un absoluto acto de cinismo é, coñecendo cal é a composición da CIAF, que a nomea a ministra, que todos os seus cargos teñen relación con Renfe ou coas adxudicatarias da alta velocidade, veña vostede aquí dicirnos que foi unha comisión independente.

¿Que datos ten vostede para dicir que esa foi unha comisión independente cando mesmo a propia Comisión Europea o que lle abriu é un procedemento ao Estado español porque di que o organismo encargado de facer esas investigacións non cumpre con ese criterio, que é un criterio fundamental, e que, polo tanto, non se pode ser xuíz e parte, e que ese informe, que foi o que se utilizou por certo como unha parte moi importante da argumentación da Fiscalía para botar abaixo as imputacións desde o punto de vista político, está viciado, que ten vicios de legalidade, porque quen o fixo ten intereses espurios nesa investigación e é exculpatorio de todo tipo de responsabilidades?

A nós, sinceramente, parécenos un insulto, un insulto á verdade, un insulto á dignidade pois tamén de quen está sufrindo a dor que hai detrás dese accidente e un insulto á intelixencia dos galegos e das galegas.

Non pode ser, señorías, non vale todo. Hai desde logo moito sufrimento, hai moito traballo, hai o empeño de persoas que seguen defendendo que o que queren é perdón, que o que queren é xustiza, e que quen cometeu unha irresponsabilidade a asuma, e non que esas persoas sigan estando premiadas en cargos de responsabilidade.

Desde logo, eu lamento que, máis unha vez, o que teñamos aquí é un xerro de auga fría á verdade. Lamento que esa sexa a política do Partido Popular e do señor Feijóo, que –insulto– debería de estar hoxe presente neste debate, e debería de subir á tribuna e mirar aos ollos as vítimas de Angrois e dicirlles que está coa verdade; estou segura de que non é capaz de facelo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Unha vez máis, o Partido Popular non explicou a que lle ten medo a unha comisión de investigación nun parlamento democrático. Non o explicou porque non o pode explicar. Ao que vostedes lle teñen medo é precisamente á verdade.

E vostede xa empezou moi mal. Falou de que agradeceu a amabilidade das vítimas, e familiares das vítimas, de estar hoxe aquí. Hoxe non están por amabilidade, señor Goldar, non están por amabilidade, están a pesar da dor que lles causa vir aquí. E falou vostede de que nada pode calmar a dor destas persoas. Iso é non entender nada do que están pasando estas persoas. Claro que o coñecemento da verdade e que se depuren responsabilidades políticas claro que pode calmar moito a dor destas persoas, señor Goldar. ¿Non ve como non entenden nada? ¿Non ve como non entenden nada? Claro que pode calmar a dor, e vostedes están impedindo os mecanismos para calmar parte desa dor.

Recorre vostede ás cuestións xurídicas e técnicas para negar esta comisión de investigación no Parlamento galego. Non é esa a cuestión. A cuestión é ter vontade política. E as persoas responsables que sexan citadas polo Parlamento galego que se neguen a vir declarar quedarán retratadas, como están quedando retratados vostedes tamén.

Falaba de competencias. Moi ben. No Congreso dos Deputados tampouco houbo unha comisión de investigación que depurase responsabilidades políticas. Están negando isto. A CIAF, á parte de ser xuíz e parte, porque os mesmos que toman as decisións están na comisión, non é para dirimir responsabilidades políticas, é para dirimir cuestións técnicas. Non entenden a diferenza ou non a queren entender.

O mesmo xuíz, non un xuíz senón dous xuíces, dixeron nos seus autos que non negaban que houbera responsabilidades políticas, pero ese non era o ámbito onde había que depuralas, e vostedes estallan negando o espazo para depuralas e vostedes están negando tamén o posible esclarecemento e a posibilidade de que se actuase ben. Unha comisión de inves-

tigación non presupón a culpabilidade de ninguén, o que si que presupón a culpabilidade de alguén é a súa actitude.

Falaba vostede da comparecencia –creo que do señor Rueda– para falar do dispositivo louvado. ¿Louvado por quen? Polos traballadores do dispositivo non, precisamente.

E vostede acabou pedindo perdón. Mire, o perdón que vostede dixo non gusta nada. Iso si que foi sobreactuación, ese perdón non custa nada e non ten ningunha transcendencia.

Señor do Partido Socialista, señor Fernández, non hai sobreactuación. Estamos actuando á altura das circunstancias. Eu creo que hai unha infraactuación do seu grupo e do Partido Popular, que non están á altura das circunstancias. E, repito, como en todos os casos, como no caso do metro de Valencia, como no caso de Spanair, como en todos estes casos onde vostedes trataron de tapar os responsables políticos que cobran bos soldos, non se preocupen, pasará moito tempo pero acabará saíndo a verdade á luz e acabarán saíndo responsables á luz, incluso con cambios de goberno por medio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Concluído o debate, pasamos á votación das proposicións non de lei.

Votamos a proposición non de lei do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de dona Eva Solla, sobre a cobertura das vacacións do persoal do Sergas, así como as camas que se van pechar durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro.

Xa manifestou que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre a cobertura das vacacións do

persoal do Sergas, así como sobre as camas que se van pechar durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia sobre a posta en marcha dun servizo novo de acceso ao porto de Burela no ano 2016.

Non aceptan a emenda do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alejandro Gómez Alonso e dous deputados/as máis, sobre a posta en servizo por parte da Xunta de Galicia do novo acceso ao porto de Burela no ano 2016.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista sobre as medidas precisas para a rebaixa do tipo de IVE establecido para as actividades culturais, así como o impulso dun IVE cultural no seo da Unión Europea que permita a súa harmonización.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Emilio Vázquez Blanco e dous deputados/as máis, sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central das medidas precisas para a rebaixa do tipo de IVE establecido para as activida-

des culturais, así como o impulso dun IVE cultural no seo da Unión Europea que permita a súa harmonización.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición do Grupo Parlamentario Socialista sobre as actuacións en relación coa posta en marcha das notificacións telemáticas, a través do sistema LexNet, na Administración de xustiza.

Xa manifestou a persoa que presentou a ponencia que non aceptaba as emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas xurridos con motivo da posta en marcha das notificacións telemáticas a través do sistema LexNet na Administración de xustiza.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular sobre o impulso polo Goberno galego da compra pública innovadora en todas as administracións públicas.

Non se aceptou a emenda.

Votamos, polo tanto, esta proposta.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Moisés Blanco Paradelo e sete deputados/as máis, sobre o impulso polo Goberno galego da compra pública innovadora en todas as administracións de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Mixto sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar o Goberno galego en relación co xenocidio armenio.

Foi formulada pola señora Iglesias unha proposta de transacción, non sei se hai acordo sobre iso ou non.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Moitas grazas.

Desgraciadamente hoxe é un mal día para os dereitos humanos. Non logrei transaccionar co Partido Popular. Si transaccionei co Partido Socialista. Un mal día para os dereitos humanos, un mal día para o Parlamento de Galiza, e...

O señor PRESIDENTE: Non, señora Iglesias, perdoe, xa está.

Grazas, señora Iglesias. Non hai acordo.

Votamos.

(Murmurios.)

Perdón, hai unha transacción co Grupo Parlamentario Socialista, ou ma fai chegar ou a le. Lea a transacción.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Despois de explicar que teño que ler esta transacción sen o consenso do Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Non, non, lea, lea.

A señora IGLESIAS SUEIRO: “O Parlamento da Galiza reconece o xenocidio armenio, perpetrado polo Imperio Otomán,

como un crime contra a humanidade, e insta a Xunta de Galiza a que:

Pimeiro, inste o Goberno do Estado a recoñecer que os feitos acontecidos coa poboación armenia entre 1915 e 1923, constitúen un xenocidio segundo a convención das Nacións Unidas sobre a prevención e represión do crime de xenocidio adoptada en decembro de 1948.

Segundo, demande ao Goberno do Estado que anime a República de Turquía a proseguir os seus esforzos, incluída a desclasificación dos arquivos, para asumir o seu pasado, recoñecer o xenocidio armenio e, deste xeito, facilitar o camiño cara a unha verdadeira reconciliación entre os pobos turco e armenio.

Terceiro, solicitar á Unión Europea o papel mediador entre os estados de Turquía e Armenia para a superación definitiva do xenocidio armenio.”

Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Carmen Iglesias Sueiro, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co xenocidio armenio.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e dous deputados máis, sobre o accidente ferroviario de Angrois.

Hai unha proposta de votación por puntos, e vostede me dirá se acepta a votación por puntos da súa proposición non de lei.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor presidente, se estivera máis atento ao debate, xa deduciría...

O señor PRESIDENTE: Non, non deducín... ¿Non a acepta? Bueno, pois grazas, non a acepta.

A señora PONTÓN MONDELO: Nós queremos que se vote na totalidade.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Non o deducín así, láméntoo, e estiven atento.

Polo tanto, votamos. Non se acepta a votación por puntos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e dous deputados/as máis, sobre as demandas que se deben realizar en relación co novo informe redactado pola Comisión Europea verbo do accidente ferroviario de Angrois, a composición e o funcionamento da Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios, así como a creación no Parlamento de Galicia dunha comisión parlamentaria de investigación ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 38; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos, por último, a proposta da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de don Antón Sánchez e cinco deputados máis, sobre o accidente ferroviario de Angrois.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, sobre a creación por parte da Xunta de Galicia dunha comisión de investigación respecto do descarrilamento do tren Alvia na curva de Angrois.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 38; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Antes de pasar ao punto seguinte da orde do día, comunico o aprazamento, por petición do Goberno, da pregunta que figura en último lugar da orde do día, que é unha pregunta do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Pasamos a debater agora o punto 5 da orde do día, que se corresponde co de interpelacións.

Interpelación de D^a Beatriz Sestayo Doce e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego do incumprimento dos compromisos electorais en materia de servizos e emprego públicos e as previsións respecto da rectificación da política que está a seguir ao respecto

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Noela Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Bo día de novo, señores e señoras deputadas.

Volve reinar a confusión, igual que no anterior pleno, porque non teño claro se é o señor Rueda ou o conselleiro de Facenda. Polo menos esta vez sei que non é a conselleira do Medio Rural porque non está sentada aquí.

O que aconteceu o outro día neste Pleno cando preguntabamos ao Goberno pola súa política de contratación, polo engrosamento dos índices de temporalidade no emprego público, na función pública galega, foi paradóxico. Faciamos unha pregunta clara e puñamos como exemplo unha sentenza onde se lle recoñecía ao persoal da loita contra incendios a categoría de indefinidos descontinuos. E, estan-

do presentes no hemiciclo, como dicía, o conselleiro de Facenda, responsable da Dirección Xeral de Función Pública, e o vicepresidente da Xunta, responsable de toda a Administración pública galega, a conselleira do Medio Rural era a que respondía, a que respondía segundo o seu libro, sen dar ningún tipo de explicación a aquilo que lle solicitabamos.

Esta deputada e o Grupo Socialista entende que non se trata dun problema de lectura comprensiva, posto que lle presupoñemos a este goberno esa capacidade. Entendemos que foi unha falta de respecto tremenda ao Grupo Parlamentario Socialista, unha falta de respecto á actividade parlamentaria que levamos a cabo aquí e, por suposto, unha falta de respecto a todos os empregados e empregadas públicas que estaban pendentes da resposta deste goberno.

Ante esta situación, e tendo en conta tamén que estamos sufrindo estas últimas semanas unha especie de *déjà vu* que recorda a aquela precampaña electoral do ano 2012, o Grupo Socialista decidiu incluír na orde do día esta interpelación que foi rexistrada en febreiro do ano 2013, pois por desgraza a situación na calidade de traballo dos empregados e empregadas públicas segue a ser preocupante, segue a ser alarmante.

Agora pídolles que botemos a vista atrás e que nos vaíamos ao 20 do 7 do 2012, señor conselleiro, o día despois de que milleiros de persoas encheran as rúas de todas as cidades de España para protestar contra o anuncio do Goberno de Rajoy, un anuncio por un plan que supuña un axuste de 65.000 millóns de euros en dous anos. Aquel día o señor Feijóo facía estas declaracións: “Eu comprendo o desgusto e a desesperación dos milleiros de persoas que se manifestaron contra os recortes. Non me gusta esta medida, pero acótoa só porque fai falta cumprir a lei. Eu aos funcionarios non lles vou pedir máis esforzos, xa fixeron bastante”.

A medida á que se refería o señor Feijóo era a eliminación da paga extra de decembro, equivalente a unha diminución do 7 % das súas retribucións.

No mes de agosto, un día despois de anunciar, tras un Consello da Xunta extraordinario, o adiamento das eleccións, o señor Feijóo volvía repetir a mesma frase. E mesmo, se lle botamos un vistazo ao programa electoral do Partido Popular, non había ningún tipo de mención a retallos inminentes

no salario dos empregados públicos. Isto ocorría despois de que a principios dese ano, este goberno puxera en marcha unha serie de medidas no sector público, como a rebaixa na paga que cobran os empregados e empregadas públicas por baixa laboral, a redución voluntaria da xornada dos interinos, a supresión dos dereitos de comedor, etc., etc.

O señor Feijóo iniciaba, pois, o camiño da reelección cunha consigna clara: alonxarse o máximo posible das medidas antipopulares, antisociais, que o señor Rajoy estaba acoitando dende Madrid; e con outra consigna tamén clara: a de facer unha emenda á totalidade de toda a súa política de función pública dos últimos catro anos. Dous meses despois das eleccións, anunciaba a redución do 4 % de media no salario dos empregados públicos nese ano 2013 a través dun retallo do 40 % das dúas pagas extra, unha rebaixa aplicada a través dos complementos específicos. O Goberno de Feijóo presumía –mentres os empregados e empregadas públicas se manifestaban contra esa medida– de que debían de sentirse afortunados porque, en lugar de perder unha paga extra completa, ingresarían o 60 %, o que supoñería un aforro para as arcas públicas de 125 millóns de euros.

En setembro de 2013 volvía emendarse a si mesmo confirmando que se mantería ese retallo –recoñecendo que de novo mentira, ao igual que no ano 2015– ata agora que se mantén na Lei de orzamentos do ano 2016; unha medida que supón que os empregados e empregadas públicas estean perdendo en torno a 200 millóns de euros anuais.

En resumo, nos últimos dez anos a perda de poder adquisitivo dos empregados e empregadas públicas galegas foi do 33,5 %, un descenso de máis de catro puntos superior ao que sufriron os empregados e empregadas públicas das administracións do conxunto do Estado.

Iso con respecto aos salarios, señor conselleiro, pero falemos tamén da temporalidade. Hoxe non lle vou dar datos das centrais sindicais, vou empregar datos do IGE, aínda sabendo que eses datos están tamén certamente un pouco maquillados.

Segundo o Instituto Galego de Estatística, na Administración pública galega, dende xullo de 2009 ata o mesmo mes do ano 2015, a redución de persoal laboral funcionario e estatutario ascende a un total de 5.820 empregados públicos;

unha redución que se suple con persoal contratado e en precario día a día, ou con outros vínculos pero en condicións de absoluta precariedade, ou ben acaban sendo amortizados para acabar recorrendo a empresas privadas. Unha situación que ten levado ao Grupo Socialista a traer numerosas iniciativas a esta Cámara, e mesmo unha resolución no debate do estado de Autonomía e incluso intentar sen éxito incluír no Plan estratéxico un compromiso claro da Xunta de Galicia para intentar reducir o máximo posible esta precarización do emprego público.

É difícil de entender, señor conselleiro, que vostedes teñan unha vontade de rectificar as súas políticas a pesar dos anuncios das últimas semanas. Porque, por poñerlle un exemplo, o Grupo Socialista presentou neste Pleno unha iniciativa na que se solicitaba á Xunta que desistira do recurso de casación presentado ante o Tribunal Supremo sobre o complemento específico das pagas extra do ano 2013. Simplemente lles pediamos que acataran as numerosas sentenzas que viñan contradicindo as decisións do seu goberno. Pois ben, o grupo que sustenta o Goberno votaba en contra. O deputado que deu a réplica naquela iniciativa foi o señor Tellado, que dicía –quero citar textualmente– que “non todos os casos eran iguais”, e por iso votaban en contra, e que os procesos ían seguir o seu curso xudicial.

Agora anuncian que devolverán ese complemento. Fano porque se achegan as eleccións, fano pola presión das centrais sindicais, fano polas numerosas sentenzas que corroboran a ilegalidade dese retallo. E o peor de todo, señor conselleiro, é que o venden como un éxito de negociación colectiva. Precisamente o partido que desmantelou, o partido que dende logo dinamitou, a negociación colectiva durante todos estes anos.

Mesmo anuncian a restitución da paga extra a partir do ano 2017, volvendo vostedes a aquilo de “non imos tocar máis o salario dos empregados públicos”, do ano 2012 do señor Feijóo. Con dúas diferenzas, señor conselleiro: a primeira, que xa ninguén os cre; e, a segunda, que no ano 2017 previsiblemente non estarán gobernando.

Así, pois, antes de que me esqueza e de que vostede suba a esta tribuna a amosar todo o seu afecto, agradecemento e respecto aos empregados e empregadas públicas, e estale en aplausos a bancada do Partido Popular, por suposto, todo o

apoio do Grupo Socialista aos empregados e empregadas públicas, todo o apoio aos traballadores e traballadoras dos servizos públicos. E, por suposto, toda a solidariedade deste grupo cun colectivo que leva soportando durante todos estes anos ser utilizado electoralmente; un colectivo empregado a modo de pañuelo de papel, un pañuelo que, despois de ser utilizado en época electoral, é refugado.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Blanco.

Para responder, ten a palabra o conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas, señora presidenta.

Señorías, efectivamente teño que recoñecer que somos bastante previsibles. Normalmente facemos as nosas respostas sobre os textos que nos fan chegar desde as distintas bancadas, sobre todo da oposición, e tamén do grupo parlamentario que sustenta o Goberno, por suposto que si. Polo tanto –e non escorrerei despois determinadas afirmacións realizadas pola súa señoría–, permítame que nesta primeira intervención me ciña ao texto que en principio se nos fixo chegar. Porque, efectivamente, en primeiro lugar, a miña intervención é á iniciativa de hoxe da súa señoría do Grupo Socialista, que ten data de rexistro de febreiro de 2013 –hai máis de tres anos–. Paréceme que –con todos os meus respectos– xa choveu moito desde aquela.

Tal e como o Grupo Socialista expón na súa interpelación, parece que seguen estando moi preocupados, e estaban daquela, por unha amortización de 251 prazas nos servizos sociais da Xunta de Galicia. Supostamente por unhas medidas que ía adoptar este goberno naquel momento. Falaban vostedes dun ERE encuberto e do desmantelamento dos servizos públicos. De feito, pregunta na súa iniciativa a cantos postos de traballo afectan estas medidas e a cales en concreto. Dado que esas medidas ían producirse no 2013, vou facer un esforzo de contextualizar as preguntas que me fai o seu grupo na iniciativa. Quero dicirlle tres cousas. Primeiro, que xa contestou quen era conselleira de Traballo e Benestar daquela, dona Beatriz Mato, o 13 de marzo de 2013. Pasou moito tempo, hoxe xa ocupa outra consellería. Pero tamén

pasou tempo e incluso a deputada –a señora Sestayo– que daquela formulara a pregunta hoxe xa non é deputada. Segundo, hoxe todos sabemos que non se produciu ningún ERE nin desmantelamento dos servizos públicos. E, terceiro, que a Consellería de Traballo e Benestar –actualmente Consellería de Política Social– seguiu adaptando a súa estrutura a través da modificación, como non pode ser doutro xeito, da súa relación de postos de traballo, e iso non soamente non supuxo amortización de prazas senón que se crearon máis prazas onde eran máis necesarias para a prestación dos servizos aos cidadáns. Así, déixeme que lle diga que a relación de postos de traballo de servizos sociais dende o ano 2009 ata o 2016 conta cun saldo positivo de 141 prazas, que a día de hoxe están todas elas ocupadas. Para máis concreción, no 2015 creamos 251 novas prazas, todas elas ocupadas. Polo tanto, estamos nun diferencial positivo respecto da situación daquela, porque, efectivamente, falar nestes momentos do que acontecía a principios de 2013... Ten mudado moito a situación pretérita.

Vou dar outro dato. No conxunto da Xunta, entre o 2009 e o 2016, á data de hoxe, o saldo entre amortizacións de prazas e creación de prazas, é dicir, o saldo desa modificación de todos os cadros de persoal e relacións de postos de traballo dános un saldo positivo de 861 prazas. Falan vostedes na súa iniciativa –e hoxe seguen a falar– de desmantelamento de servizos públicos. Vou dar máis datos. Para aclararnos, desde o ano 2009 incrementamos nun 103 % as prazas de centros de día, en relación co que nos atopamos cando chegamos ao Goberno; incrementamos un 25 % as prazas públicas en residencias e centros de Alzheimer; incrementamos un 13 % as prazas que atenden a persoas con discapacidade. Señoría, poñamos en valor, pois, o esforzo realizado desde Galicia nestes últimos anos para manter os servizos públicos. Non esqueza que outras comunidades autónomas si reduciron os seus cadros de persoal.

E como vostede tamén sinalaba, botando man de determinadas estatísticas do IGE, que cuestionaba –curiosamente cuestiona as estatísticas do IGE pero bota man do que din as estatísticas do IGE–, eu vou botar man das estatísticas oficiais do Ministerio de Hacienda, que si que recollen a comparativa en termos o máis homoxéneos posibles entre comunidades autónomas. E o que si lle vou dicir é que os cadros de persoal, dende o 2008 –ano precrise– ata finais do ano 2015 e primeiros do 2016, o que nos dá é que o decrece-

mento medio nas comunidades autónomas foi do 1,2 %, e Galicia é a comunidade que presenta o maior grao de estabilidade, decrecendo soamente un 0,5 %. Pero voulle dar outro dato. Resulta que unha das comunidades autónomas –a segunda en termos relativos, a maior en termos absolutos– que presenta unha diminución máis nítida nos seus cadros de persoal resulta que é a Junta de Andalucía. Supoño que ese non será o seu exemplo cando se critica a postura deste partido e deste goberno. O Goberno galego sempre cumprimos os nosos compromisos.

E polo que se refire ao outro tema afrontado por vostede tanxencialmente na súa primeira intervención respecto do grao de interinidade, hai que sinalar que este goberno sempre utilizou ao máximo a capacidade da taxa de reposición á que legalmente estabamos obrigados. Para exemplo, os dous últimos anos. No ano 2015 a oferta foi de 1.200 prazas aproximadamente. E neste 2016, 2.644 prazas; sinaladamente ,1.200 prazas no ámbito da educación –persoal docente–, 812 no eido sanitario e 714 nos servizos sociais, sobre todo, e tamén nos dispositivos de extinción de incendios e de administración xeral. A maiores, algo do que me sinto profundamente orgulloso non só como conselleiro senón como persoa, por primeira vez en Galicia, ano 2015, hai 6 prazas para persoal con discapacidade intelectual, e neste ano 2016, 33 prazas para discapacidade intelectual. É a primeira vez que se fai en Galicia. E nestes momentos hai apuntadas aproximadamente 509 persoas que presentan esta discapacidade intelectual. O círculo pecharase cando, rematadas as primeiras probas, se utilice incluso a ordenación que sae desas probas para lograr unha bolsa de emprego temporal que complete o acceso, a verdadeira inclusión no emprego público destas persoas.

Señoría, se a isto lle chama o Grupo Socialista “desmantelamento dos servizos públicos”, este goberno fala de creación neta de prazas, que nos deixa ver outra perspectiva. Polo tanto, e contestando de modo xenérico ás súas preguntas orixinariamente expostas no que se nos fixo chegar, nin hai supresión de empregos públicos nin privatización dos servizos públicos nin fraude electoral –que foi outra das cuestións na que vostede se explayou bastante–. O que fixemos en Galicia dende o 2009 foi blindar os servizos públicos e apostar pola estabilidade dos empregados públicos, pese a que nos atopabamos cun incremento, tanto en efectivos como en custos de persoal, desorbitado.

Particularmente –con todos os respectos llo digo, señoría– creo que deben abandonar a nostalgia que senten polo pasado. A pesar de que calquera tempo pasado lles poida parecer que foi mellor, creo que debemos mirar ao presente e ao futuro. Vostede facía unha referencia ao Plan estratéxico. Creo que o Plan estratéxico o que hai é que lelo no seu conxunto, tanto a diagnose como as propostas, todas e cada unha delas, cun horizonte cara ao 2020; un horizonte que parte dunha hipótese, que é a consolidación da recuperación económica, para que verdadeiramente chegue o emprego con carácter xeral e cada vez máis e mellor emprego. O emprego público non é máis que unha parte desa tónica xeral.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a rolda de réplica ten a palabra a señora Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

A ver, señor conselleiro, por moito que veña vostede aquí vender a oferta pública de emprego, o incremento da temporalidade é un feito. Vólvollo repetir: 5.820 empregados. A redución no funcionariado, por poñerlle outro exemplo, é de 2.757 empregos fixos, cun incremento da temporalidade de 1.137. E, repito, son datos do IGE, non son datos que esta deputada inventara.

Vostede falaba de Andalucía. Previsible tamén, señor conselleiro, como dicía vostede ao principio da súa intervención. Mire, a oferta pública de emprego da Junta de Andalucía é este ano de 8.108 prazas de emprego público. É a maior oferta pública de todas as comunidades autónomas deste país. A pesar de que eles si van recuperar as prazas que se perderon durante estes últimos anos, unhas prazas que se perderon por procedementos selectivos que foron bloqueados por aplicación da lexislación estatal de estabilidade, señor conselleiro. Iso é unha realidade. Aínda así, a Junta de Andalucía si vai recuperar esas prazas durante este ano.

Falaba vostede tamén da taxa de reposición. Nós xa advertimos que ía ocorrer cando debatemos os orzamentos, pois,

aínda que na lei se recollía que a taxa de reposición ía ser do 100 %, a letra pequena di que esa cobertura do 100 % –no caso de Galicia, non no caso de Andalucía– vai ser para as vacantes que se xeran no ano 2015. É dicir, non vai haber cobertura de todas as prazas vacantes producidas entre 2010 e 2014.

Outro exemplo, señor conselleiro, é a oferta pública de emprego do Sergas, e é cuestión dun problema de matemáticas. Durante o período de 2011 a 2015, segundo os datos publicados nos plans de ordenación de recursos humanos do Sergas, producíronse 3.527 prazas vacantes. E agora a Xunta convoca unha oferta pública de emprego de 818 prazas. ¿Cantas prazas quedan sen cubrir? 2.709 prazas. É dicir, a oferta pública de emprego do Sergas só cubrirá o 23,2 % das vacantes, unha cifra que, dende logo, dende o Grupo Socialista consideramos absolutamente insuficiente para atender as necesidades do sistema e a calidade na atención ás e aos doentes.

Eu díciolle, señor conselleiro, que xa ninguén os cre. Os propios empregados e empregadas públicas están convencidas de que a Administración autonómica está en disposición de facer un maior esforzo para repoñer os salarios recortados das súas nóminas, pero tamén os dereitos laborais que lles arrebataron durante estes últimos anos, e ven e cualifican eles de electoralistas estas medidas. De feito, onte concentráronse diante de San Caetano para amosar a súa desconfianza con estas últimas medidas adoptadas pola Xunta.

Dende o Grupo Socialista –do mesmo xeito que o están facendo os sindicatos da función pública– pedímoslles que retomen a negociación colectiva esta mesma lexislatura, e que a Xunta devolva ás traballadoras e traballadores públicos os dereitos roubados nos últimos anos de recorte e austeridade; que se constituía, señor conselleiro, unha mesa de negociación, unha mesa de negociación para tratar a perda de poder adquisitivo acumulado dende o ano 2012, especialmente coa redución do 40 % do complemento específico, ou cantidade equivalente, nas pagas extras de 2013, 2014, 2015 e 2016 –iso mediante un acordo plurianual que restituía a débeda acumulada–, ademais doutros dereitos, señor conselleiro, de carácter social que se perderon durante estes últimos anos, como a eliminación das axudas do fondo de acción social, entre outros recortes.

En resumo, señor conselleiro, as políticas de contratación e as condicións de traballo que o goberno do señor Feijóo, o

goberno ao que vostede pertence, está aplicando aos empregados e empregadas públicas aseméllanse moito máis ás dunha empresa de traballo temporal que ás dun organismo público, que debería non soamente dignificar, valorar e respectar o traballo dos empregados ao seu servizo, senón tamén traballar para garantir e mellorar ese pilar fundamental –polo menos para os socialistas– para a igualdade e a xustiza social que son os nosos servizos públicos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Blanco.

Ten a palabra, para a réplica, o señor conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señora presidenta.

Todos temos historia. Dunha maneira selectiva, aínda que vostede é relativamente nova por idade, todos temos historia, todos temos historia. Comentaba vostede determinadas medidas deste goberno no ano 2009, no ano 2012, relacionadas coa materia en xeral de emprego público. Eu creo que ás veces teñen unha memoria moi selectiva, porque hai dúas grandes medidas que a min me gustaría destacar, froito tamén da etapa de crise. Xa recoñezo que ante a etapa de crise profundísima na que estabamos no ano 2009 e 2010 houbo que adoptalas. Recoñecendo iso, vostedes, nas bancadas do Partido Socialista, poucas leccións creo que nos poidan dar. Porque non sei se se acordarán que no ano 2010 houbo dúas grandes medidas. Na primeira medida recordo palabras textuais da daquela secretaria de Estado de Función Pública –paréceme recordar que se chamaba Consuelo Rumí, débese recordar–, que dicía que superar o 10 % na taxa de reposición, dadas as condicións actuais –dicía daquela ela–, sería pouco menos que irresponsable. Sempre o deixamos en irresponsable. O 10 %, e agora estamos falando de taxas do 100 % de reposición para os servizos básicos ou do 50 % o ano pasado, e todo lles parece pouco a esas bancadas.

Como tamén cando falan das cuestións retributivas que logo esquecemos, que hai unha cousa que está en todas as nóminas dos empregados públicos e que aínda non foi recupera-

do, que é o 5 % do ano 2010 do Goberno Zapatero. (*Aplausos.*) Porque todo o demais, con todo o esforzo que si este goberno valora totalmente... (*Aplausos.*)

Daquela, dúas cuestións de natureza retributiva. En primeiro lugar, o esforzo como consecuencia do Goberno central, da extra de 2012. Das poucas comunidades que ten pactado cos sindicatos, acordado cos sindicatos, a súa devolución. E hai comunidades nestes momentos –que vostede tamén se refería a Andalucía– que ben quixeran rematar cando nós imos rematar, en setembro deste ano.

Pero tamén polo que respecta ao ano 2013 na recuperación efectiva a partir de primeiros de xaneiro de 2017, un ano antes do que tiñamos acordado na nosa Lei de emprego público, un ano antes do que tiñamos acordado na nosa lei. Encima, unha vez clarificado o escenario xurídico dunha maneira pactada e acordada cos sindicatos –non hai máis que ler o DOG de hoxe para darse conta do que significa chegar a acordos cos sindicatos, con tres de catro, con tres de catro... (*Murmurios.*) Por certo, non é o único dos acordos aos que chegamos. Agora lle direi tamén o que significa ter un subsistema de relacións laborais normal, normal, establecendo que cadaquén defenda as súas ideas pero no que é moi posible chegar a acordos, acordos como aos que chegamos no tema das xubilacións parciais, nas ofertas públicas de emprego. Curiosamente sempre con tres de cada catro, pero ¡que se lle vai facer! Nós intentámolo, incluso, con ese cuarto.

A restitución de días de vacacións tamén o saberá vostede, tamén llo poden comentar, e de libre disposición. O tema da selección temporal, que no Sergas xa tiñamos, por exemplo, un pacto coas organizacións xa dende o ano 1993, que queda un pouco atrás, etcétera, etcétera. Como tamén o tema que lle comentaba da discapacidade intelectual, o tema da conciliación, a favorable acollida que está tendo no noso tema e a vangarda que nalgúns deses puntos de conciliación está sendo esta administración, como tamén na materia de flexibilidade e teletraballo.

Pero o que lles dicía, se nos acordamos, polo tanto, do Goberno Zapatero, tanto pola parte retributiva como pola parte da interinidade que supuxo esa taxa que vostede critica... Porque aquí había dúas opcións, unha é a opción elixida pola Junta de Andalucía, que a diminución que lle dei eu de 17.800 son ocupados menos, a ver se o entendemos, son ocupados

menos, e agora fálase de recuperar ese volume. Iso supón case o 8 % coa plantilla que tiña naqueles momentos. Nós, o 0,5 %, en xeral, e sempre sesgando baixo unha premissa, que é recuperar, a través da recuperación económica, o noso ingreso, o que fai posible –dunha maneira acordada tamén cos sindicatos–, por unha parte, en primeiro lugar blindar totalmente o Estado do benestar, dígase sanidade, dígase educación, díganse servizos sociais –como lle comentei anteriormente–, e empezar a recuperar a cuestión retributiva, que a temos perfectamente consolidada nestes momentos.

Polo tanto, permítame que, como goberno, me sinta moi orgulloso do parámetro elixido no seu momento, que non foi outro que a estabilidade no emprego público. Por iso a nosa comunidade é a que presenta unha senda máis clara durante todo este período que vai dende o 2008 ata o 2016 ben avanzado.

Polo tanto, señoría, creo que, como lles dicía, non é bo buscar no baúl dos recordos, como facían vostedes, para coller esta pregunta e traer aquí esta interpelación. O bo, mentres vostedes facían iso a semana pasada, é que nós estabamos negociando cos sindicatos –polo cal estou moi agradecido a todos os sindicatos, incluso aos que non firmaron–. Poña en valor, poñamos en valor este esforzo que levamos feito dende o ano 2009. A situación é totalmente distinta no ano 2016 á que atopamos daquela, ou incluso á referencia que facía ao ano 2012.

Na etapa de crise fomos quen de consolidar os nosos cadros de persoal dunha maneira estable. No ano 2014 empezou a mudar a cousa, e no 2015 dunha maneira máis clara. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): ¡Silencio!

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Polo tanto, permítame que lle diga que a nosa comunidade autónoma... (*A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): ¡Silencio, señora Acuña!

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): ...nesa materia non deixa de ser máis ca un espello no que quereían verse reflectidas boa parte das comunidades autónomas.

E, para rematar, respecto do índice de interinidade que vos tede comentaba, ligado á eventualidade, nestes momentos na Xunta está no 19,8 %. Ese resultado non o ten practicamente ningunha comunidade en España.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Se temos en conta que hai ofertas vivas, nestes momentos, de emprego que superan as 5.000 prazas, e sempre esgotando a taxa de reposición á que legalmente estamos obrigados, permítanme que lles diga (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): ¡Señora Acuña! Vou chamala á orde.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): ...que estou contento do esforzo realizado; en primeiro lugar, polos empregados públicos; en segundo lugar..., (*A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Vale, ten unha chamada á orde, señora Acuña. Ten unha chamada á orde.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): ...polas organizacións sindicais; en terceiro lugar, por toda a xente que nos dedicamos a isto.

Vaia por adiantado, polo tanto, que creo que estamos na boa liña, creo que o importante non é mirar para o pasado, como fan vostedes. Permítanme que lles diga que coa súa inanidade nestes momentos creo que se están convertendo en *marejada, fuerte marejada y marejadilla*. Non sigan por aí, señorías.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Moitas grazas, señor conselleiro.

Suspendemos a sesión ata esta tarde ás 16.30 horas.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e seis minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

O señor PRESIDENTE: Retomamos a sesión debatendo a segunda interpelación.

Interpelación de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en relación co tratamento das augas residuais

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Sánchez Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señorías.

Señora conselleira, hoxe formulamos esta interpelación como continuidade de varias preguntas que viñemos formulando, especificamente no último ano, e que nunca obtiveron unha resposta satisfactoria. Como é sabido, dende hai varios anos a Comisión Europea vén advertindo ao Reino de España e á Comunidade Autónoma de Galicia do reiterado incumprimento das directrices europeas en materia de tratamento das augas residuais urbanas. Xa no ano 2003, hai trece anos, recibiu o Reino de España o primeiro aviso, referido naquel momento á obrigatoriedade de depurar as augas das poboacións con máis de 10.000 habitantes equivalentes.

O lento e insuficiente ritmo dos avances producidos ao longo destes anos levaron á Comisión Europea, por proposta do comisario de Medio Ambiente, Asuntos Marítimos e Pesca, a remitir o caso ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea, onde se atopa pendente e en tramitación neste momento.

Cómpre lembrar, señorías, que a Unión Europea estableceu como obxectivo, a través da directiva correspondente, acadar o cen por cento da depuración das augas residuais urbanas para todos os núcleos con máis de 2.000 habitantes equivalentes na data de 31 de decembro de 2005; repito: 31 de decembro de 2005. Xa sei, señorías, que a culpa era do señor Touriño, que era o presidente da Xunta desde o mes de xullo dese ano, e que el foi o que incumpriu a directiva europea nos cinco meses que levaba no cargo. Pero o certo é que, transcorridos dez anos e medio desde o remate desa data, a día de hoxe entendemos que segue incumprida a directiva europea.

Polo tanto, desde o Grupo Parlamentario Socialista viñemos facendo reiteradamente tres preguntas:

Primeira pregunta: ¿cantas e cales son as poboacións de máis de 2.000 habitantes equivalentes que contan con EDAR?

Segunda pregunta: ¿cales destas EDAR están en funcionamento operativo e cales non?

E a terceira pregunta é: ¿cal é a día de hoxe a porcentaxe de auga tratada con respecto á auga residual recollida?

Teño que dicir, señorías, que da terceira pregunta nunca obtivemos resposta, absolutamente nada. Formulada a pregunta e remitidas as contestacións por escrito a este grupo parlamentario, non se dedica nin unha liña, nin sequera se pretende dar contestación a esta pregunta formulada.

Nós sabemos que un volume moi importante das augas residuais urbanas se está vertendo ás canles dos ríos e ás nosas rías sen depurar, sen tratar, coas consecuencias de todos coñecidas. Non sabemos canto é, non sabemos nin cal é a porcentaxe nin cal é o volume. ¿Son 100.000? ¿Son 200.000 metros cúbicos diarios? ¿Son 300.000? Descoñécemolo, señora conselleira.

A segunda pregunta, tampouco obtivo nunca resposta. Non sabemos cantas das EDAR construídas están en funcionamento real ou non. Non o sabemos. Incluso ás veces aquelas que parece que si están en funcionamento real. E o caso máis escandaloso é o acontecido coa da ría de Ferrol, que se lles estaba pasando o recibo aos cidadáns de Ferrol, un día nos enteramos que se cobraba o recibo, pero non se depuraban as augas, senón que estas se vertían á ría de Ferrol sen depurar.

E a terceira pregunta é a única que recibiu unha contestación razoable, non directa, porque nós preguntabamos cantas EDAR hai e cantas están en funcionamento. E o que se nos contesta é que están o 96 % das correspondentes aos núcleos entre 2000 habitantes e 14.999. E nós intuimos que quere dicir que hai 85 que existen e 3 que non. E dísenos que nos núcleos de máis de 15.000 habitantes están o 96 % instaladas. Como hai 52, supoñemos que 50 si e 2 non.

Polo tanto, señora conselleira, nós esperamos obter hoxe unha resposta concreta ás nosas preguntas. E voullas repetir por se cabe algunha dúbida: ¿que porcentaxe das estacións depuradoras hai funcionando –repito, funcionando– a día de hoxe nas aglomeracións urbanas de 2.000 habitantes equivalentes, e nas de máis de 15.000?, ¿onde están situadas unhas e outras? Ou, para simplificar, ¿onde non hai? En terceiro lugar, ¿cal é a día de hoxe a porcentaxe de augas residuais que se verte sen depurar, a porcentaxe e o número aproximado de metros cúbicos diarios? Eu agardaría que nos poida dar unha contestación concreta a estas tres preguntas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez Bugallo.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señoría, espero ter a oportunidade de responder ás súas preguntas, neste turno de interpelacións, que me fai. Porque, efectivamente, como falaba na interpelación por escrito, é un tema importante, non é un tema baladí, e agradezo especialmente que dea a oportunidade ao Goberno de amosar o seu compromiso con mellorar a calidade das nosas augas. Teña por seguro que non vou falar de Touriño, non vou falar das responsabilidades do señor Zapatero. Sabe vostede moi ben, coma min, que dende aquela carta dende o ano 2003, cando se lle avisa ao Reino de España, pois, efectivamente, estivo o señor Zapatero, estivo o señor Touriño e agora estamos nós. Pero eu darei conta do que fixo o Goberno da Xunta de Galicia dende o ano 2009 para mellorar a calidade das nosas augas.

E, efectivamente, o que fixemos foi investir todos os recursos posibles que tiñamos precisamente para o tratamento das augas. Este goberno é consciente de que unha das grandes riquezas que temos na nosa comunidade son os nosos ríos e as nosas rías, e por iso temos investido o maior –e dígoo con maiúsculas– investimento da historia da nosa comunidade nesta materia.

De feito, dende o ano 2009, na nosa comunidade foron investidos 1.100 millóns de euros –volvo repetir, 1.100 millóns de euros– en actuacións de saneamento, depuración e abastecemento. E podó afirmar con rotundidade que ningún goberno antes investiu e destinou tantos recursos a isto. E non digo con isto que isto sexa suficiente e que xa está todo absolutamente clarexado, porque sabemos e coñecemos que é preciso seguir traballando. Pero terá, señoría, que recoñecer, que estamos a falar dun orzamento histórico, dun orzamento importante, nun momento de moitísima dificultade económica para todas as administracións.

Por poñer unha comparación e poder ter unha referencia do que estamos a falar, hai vinte e cinco anos na nosa comunidade, en Galicia, depurábanse augas nada máis que para 10.000 veciños. Hai vinte e cinco anos, antes dos anos 90, 10.000 veciños eran os que tiñan a posibilidade de ter as augas depuradas. Hoxe, e despois de vinte e cinco anos, con todas as depuradoras que temos e que están en activo na nosa comunidade, hai capacidade para depurar as augas de máis de 3,5 millóns de persoas equivalentes. Cifra superior, claramente, aos habitantes da nosa comunidade. Pero non pretendo con isto dicir que non quedan zonas sen depurar, posto que non é así, e de aí a aprobación do Plan hidrolóxico para a demarcación Galicia-costa recentemente no pasado mes de decembro.

Estas cifras esconden un gran traballo detrás e que, obviamente, contribúe finalmente a mellorar a calidade das nosas augas, posto que eses máis de 1.000 millóns de euros dende o ano 2009 dos que estabamos a falar permitiron realizar, dende aquela, 350 actuacións en 160 concellos. É dicir, para que se faga unha idea, señor Bugallo, estamos falando dunha media de case 5 actuacións de saneamento por mes.

Hai vinte e cinco anos –e volvo referirme a esa data– Galicia só tiña unha gran depuradora en explotación. E hoxe temos 160 depuradoras en explotación, o cal supón un avance moi importante e moi necesario. Desas 160 depuradoras que actualmente están en funcionamento, en activo –que logo lle facilitarei o mapa para que coñeza a súa ubicación, que é unha parte das preguntas que fai vostede–, 39 foron feitas por este goberno. Con esas novas infraestruturas creadas dende o ano 2009, con esas 39, damos servizo a máis de 1,2 millóns de galegos e galegas, é dicir, practicamente á metade dos galegos da nosa comunidade.

Os nosos esforzos pódense cuantificar. Todas estas actuacións fixeron posible que a porcentaxe de augas que están agora, actualmente, en bo estado na demarcación Galicia-costa pasara do 70 %, que era como estaba no ano 2009, ao 77,5 %. Un esforzo que, evidentemente, destinamos prioritariamente tamén ás nosas rías, posto que, dende o ano 2009, deses 1.100 millóns, 600 foron investidos para mellorar o estado das nosas rías. Isto fixo posible que a calidade das augas das rías galegas se mellorara tamén nun 10 % máis. A día de hoxe, nas nosas rías hai 73 depuradoras que poderían tratar augas de máis de 2,2 millóns de habitantes. Poderían, estamos falando de habitantes equivalentes, que é a capacidade que teñen esas depuradoras.

Por suposto, estamos a seguir traballando, porque, como dicía, acadamos un 77 % de estado de boa calidade das masas das nosas augas, pero o obxectivo principal é acadar o 100 %. E por iso –así o deixa de feito o manifesto– que cando chegamos ao Goberno tivemos que volver facer unha planificación de augas, e a día de hoxe podemos dicir que xa temos feitos os deberes en materia de planificación diante da Unión Europea. Por iso non deixa de sorprenden, dalgunha maneira, que se fale de obxectivos, na pregunta por escrito, marcados para o ano 2005; porque, evidentemente, dende aquela ata o de agora fíxose bastante.

A día de hoxe cumprimos coa Unión Europea en materia de planificación, algo que non sucedía cando gobernaba o Bipartito no Goberno da Xunta. Para conseguir ese cumprimento a nivel europeo, dende o Goberno da Xunta apostamos por un novo plan hidrolóxico asinado en decembro do ano pasado, dende o ano 2015 ao ano 2021; o plan que vén dar continuidade e ampliar o anterior, o do ano 2009, e grazas ao cal temos unha sólida planificación en materia de augas para os próximos seis anos. Esa planificación vai acompañada por un investimento de 655 millóns de euros; dos cales, 423 millóns de euros serán da Xunta de Galicia. Gran parte dese esforzo económico do plan estará destinado, obviamente, a novas infraestruturas de saneamento, sen esquecernos tampouco nesta nova planificación das nosas rías, onde investiremos nestes próximos anos 131 millóns de euros destinados a saneamento das nosas rías; por suposto, á ría do Burgo, Arousa, Ferrol, Pontevedra e outras.

Así mesmo, dende o ano 2009 estamos levando a cabo un rigoroso control para a eliminación dos vertidos contami-

nantes na demarcación Galicia-costa, un plan de control de vertidos que é unha ferramenta fundamental para, evidentemente, eliminalos; sobre todo, os que son contaminantes. E actualmente podemos informar que hai 8.600 puntos de vertido inventariados, isto é, cinco veces máis dos que había no ano 2009. Pero non é que haxa máis porque haxa máis puntos de vertido, senón porque agora se inspecciona e antes non se inspeccionaba. Isto é así. De feito, tres de cada catro puntos de vertido inventariados, que é un dato importante tamén a sinalar nesta comunidade, non son contaminantes.

Paso agora a dar resposta ás preguntas concretas desta interpelación para intentar clarear as dúbidas da súa señoría.

¿Que porcentaxe de estacións depuradoras hai funcionando a día de hoxe para aglomeracións urbanas maiores de 2.000 habitantes, e tamén de máis de 15.000? A día de hoxe, en Galicia temos 121 aglomeracións urbanas maiores de 2.000 habitantes. Das cales, 79 teñen menos de 15.000 habitantes e 42 teñen máis de 15.000 habitantes. Tendo en conta estes datos, o 99 % –o 99 %– das aglomeracións de entre 2.000 e 15.000 habitantes equivalentes teñen a día de hoxe unha EDAR. De feito, agora mesmo a única aglomeración de máis de 2.000 habitantes equivalentes que non dispón dunha EDAR é Poio, Poio-Raxó en concreto, por falta de disposición do terreo propio do concello, non por falta de investimento. De feito, nos presupostos do ano 2016 está contemplada unha partida presupostaria específica para esta depuradora e estamos á espera do seu emprazamento.

E no que se refire ás aglomeracións de máis de 15.000 habitantes equivalentes, o 100 % destas aglomeracións teñen a día de hoxe EDAR.

En canto a onde están situadas unhas e outras, podería falar da lista das 160 depuradoras. Pero eu creo que poderíamos alargar demasiado esta interpelación, así que lle vou facilitar, se me permite, señoría, un mapa co emprazamento das 160, para que llo fagan chegar e así ter toda a información da ubicación de cada unha delas.

En canto á terceira pregunta, ¿cal é a día de hoxe a porcentaxe de auga tratada respecto do total de auga recollida?, este dato, evidentemente, como vostede foi tamén alcalde, estou convencida de que o coñece ben. Porque supoño que vostede, cando fala de augas residuais recollidas, está a

falar da auga que recollen as redes de saneamento dos concellos. E, polo tanto, a auga residual que entra nos colectores das redes dos concellos, das redes dos sumidoiros dos concellos, sabe vostede moi ben que son unitarias, o que implica, ademais, que a auga residual dos municipios tamén recolle as industriais, as pluviais e doutras orixes e, polo tanto, é bastante difícil poder avaliar cal é a auga tratada procedente das augas residuais recollidas. Primeiro porque o dato do que son augas residuais recollidas non o ten o organismo competente en materia de augas, porque é un dato con información directa dos concellos, e, segundo, o dato que si pode coñecer Augas, e de feito pode ter, é a auga tratada. Desa, efectivamente, si que podemos ter información dela. Pero falar da porcentaxe das augas recollidas, cando é unha competencia municipal, pois evidentemente agora é moi difícil.

Con todo, desde Augas estamos traballando nesta materia, sempre dentro das nosas competencias...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): ...para seguir avanzando nos planeamentos e evidentemente para dar cumprimento ás directivas comunitarias, e, por suposto, para mellorar e acadar ese 100 % de boa calidade das masas de auga da nosa comunidade neste novo plan hidrolóxico.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Sánchez Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Moitas grazas, novamente, señor presidente

Moitas grazas, señora conselleira, polos datos que me facilita.

Con todo, hai alomenos tres precisións que me gustaría facerlle. A primeira, por exemplo, é con relación ás augas en bo estado e en mal estado. Di vostede que agora temos o 77 % en bo estado e que no 2009 soamente estaba o 70%, creo que exactamente o 70,6 % era o que había no 2009. ¿Sabe o que significa? Que o 23 % das augas de Galicia

estamos a recoñecer que están en malas condicións, e esa é unha cifra que segue a ser enorme.

Fálame vostede de 8.600 puntos de vertido inventariados. Bueno, pois iso quere dicir 8.600 puntos de vertido sen resolver a día de hoxe.

Logo, con relación ás estacións depuradoras de augas residuais e os datos das poboacións de menos de 2.000 habitantes e de 15.000, a verdade é que isto é un lío. Mire, eu teño aquí a contestación que vostedes nos dan o día 1 de abril de 2016, é dicir, antonte, non creo que cambiaran as cousas tanto. Vostede fálame de 79 núcleos en maiores de 2.000 habitantes e en menores de 15.000; aquí fala de 88. Fálame de 42 en máis de 15.000, e aquí fala de 52. Bueno, non sei se seguen as mesmas persoas que fixeron a contestación por escrito. Doulle, se quere, o número de rexistro ou facilítolle unha copia da contestación, pero o certo é que a contestación escrita e a contestación recibida no día de hoxe non coinciden.

Por certo, con relación ao volume de augas residuais depuradas, nós estamos convencidos de que non saben cantas son. Nós tampouco o sabemos e por iso queremos sabelo. O que si lle teño que dicir é que no diagnóstico sobre a situación socioeconómica e territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, elaborado pola Consellería de Facenda e que figura como documentación complementaria do Plan estratéxico 2015-2020, a Consellería de Facenda di que o 85,27 %. Eu non sei de onde sacan ese dato. A nós paréce-nos bastante sorprendente, non coincide coas estimacións que nós podemos facer, e agradézolle a sinceridade de que vostede nos diga aquí que en realidade non saben canto é, que é o que nos parece que está sucedendo. O que non sei, entón, é por que a Consellería de Facenda –que tampouco parece a parte competente nesta materia– o cifra nunha cifra tan concreta, o 85,27 %; é dicir, é extraordinario. A min xa me parecía bastante sorprendente este dato da Consellería de Facenda.

Por último, quero dicirlle algo que é importante: 67 praias de toda España foron declaradas pola Axencia Europea de Medio Ambiente como non axeitadas para o baño, 67 de toda España e 41 en Galicia. Quere dicir que de cada tres praias en España que non se consideran axeitadas para o baño, dúas están en Galicia. Isto é unha barbaridade, e esta

barbaridade únese, señora conselleira, aos estados de gravidade que vivimos en rías como a de Ferrol, con graves contaminacións, incluso metais pesados; á situación de grave contaminación como a que vivimos na ría do Burgo, e que me consta que vostede coñece mellor ca ninguén; e incluso aos graves problemas que se teñen producido ultimamente na ría de Arousa, e que me gustaría poder estar seguro de que a contaminación non tivo nada que ver con eses problemas xurdidos, por non falar da ría de Pontevedra.

É evidente que, desde o 31 de decembro de 2005, que era a data en que finalizaba o prazo previsto na directiva europea para o tratamento do 100 % das augas residuais, once anos despois, a pesar dos esforzos feitos, a pesar deses 1.000 millóns de euros dos que fala, a pesar das 350 actuacións promovidas, estamos moi lonxe de acadar os resultados mínimos exixibles, señora conselleira.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Bugallo.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Boa tarde outra vez, señorías.

Por facer continuidade da súa intervención, efectivamente dicía eu na miña intervención que tiñamos o 77 % das masas de auga da nosa comunidade clasificadas pola Unión Europea, despois dos parámetros que nos mandan avaliar, en boa calidade. E, efectivamente, quedáanos ese 23 % que están en mala calidade, e de aí un novo plan hidrolóxico aprobado en decembro e por iso e de aí novos 655 millóns de euros destinados expresamente para mellorar a calidade das nosas augas e acadar ese obxectivo final, que non pode ser outro –dende logo, desta conselleira éo– que é chegar a ese 100 % das masas de auga en boa calidade.

Tamén por clarificar un pouco o que eu creo que é un malentendido, que é o deses 8.600 puntos de vertidos que temos na nosa comunidade inventariados, e que efectivamente agora os coñecemos porque temos un plan de inspeccións e de vixilancia que non só obedece ás alertas que se poidan recadar senón mesmo a unha planificación que dende o departa-

mento facemos, eses 8.600 puntos de vertido hainos, pero contaminantes son tres de cada catro. É dicir, son apenas mil e pico. É dicir, pode ser un vertido e non por iso facerlle dano ao medio ambiente nin facerlle dano á ría nin nada polo estilo, e así tamén os clasifican todos os parámetros que nos mandan avaliar en función do río ou da ría onde esteamos.

Fala tamén vostede na súa interpelación da calidade das nosas praias e das nosas augas. Eu creo que Galicia ten un dos seus principais tesouros precisamente na nosa costa, e eu creo que é bo que coñezamos e que, ademais, tamén defendamos alto e claro que non é unha cifra tan abraiante, esa lectura que vostede lle quere dar. Porque Galicia é a segunda comunidade, despois de Canarias, que ten máis quilómetros de praia e máis quilómetros de costa. De feito é das comunidades que máis praias ten de todo o Estado español. Pero, a maiores diso, Galicia é unha das comunidades que máis se exige a si mesma facendo controis das calidades das augas; que, por certo, nos recomentan os concellos, que son os que sinalan os puntos de control de calidade das augas en cada praia, ata o punto de que nós mesmos facemos o dobre de avaliación da calidade das augas das praias que fai Canarias. A nós interésanos, porque nós queremos garantir, coa máxima seguridade, que a calidade das nosas augas é a mellor. Pero o certo e verdade é que, das máis de 400 praias que temos na nosa comunidade, 447, só o 5 % están clasificadas como insuficientes, é dicir, só o 5 % forman parte desafortunado. E, efectivamente, temos máis cantidade para o malo pero tamén para o bo. É máis, de excelentes están catalogadas o 77 % das praias da nosa comunidade, algo do que eu creo, señoría, que vostede pode sentirse especialmente orgulloso, porque é un referente internacional o que é Galicia en canto á calidade das súas augas nas praias –que, por certo, non o leva a Consellería de Medio Ambiente que o leva a Consellería de Sanidade, pero bueno, é o mesmo, que damos resposta igual–.

En definitiva, señoría, aquí non estamos para ocultar nada. A información que lle traslado é información veraz. A situación na que se atopan as EDAR que hai en funcionamento na nosa comunidade espero que lle chegue pronto, despois da información que lle pasei ao presidente do Parlamento. Hoxe Galicia conta, grazas ao compromiso do Goberno da Xunta de Galicia dende o ano 2009, con 39 depuradoras máis, que eu creo que isto é importante salientar, e que as coñece moi ben calquera dos alcaldes da súa formación polí-

tica, porque están moitas delas nos seus concellos. Galicia, efectivamente, incumpria o que lle mandaba a Unión Europea en canto a planificación; a día de hoxe, non. Temos que seguir avanzando para mellorar a calidade das nosas augas, e de aí –insisto– ese novo plan hidrolóxico. Todas as aglomeracións de máis de 15.000, o cen por cento, contan a día de hoxe cunha depuradora. O 99 % das aglomeracións de máis de 2.000 habitantes, entre 2.000 e 15.000, teñen xa depuradora. Falta unha porque falta o emprazamento. O presuposto da Xunta deste ano xa ten o presuposto para esa depuradora. E, como lle dicía, imos seguir avanzando en algo que, como vostede dicía na súa intervención, non é baladí, nin moitísimo menos, que é garantir esa calidade de auga boa, porque é garantir o noso benestar e garantir a nosa saúde, e por suposto tamén é garantir o desenvolvemento económico dun sector tan importante, como é o do mar.

Nada máis e moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Interpelación de D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre os resultados do acordo lácteo

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, boas tardes.

Teño aquí un teletipo da Axencia EFE que di que *“el juez Velasco ve potentes indicios de que Granados recaudaba para financiar el Partido Popular. El ex consejero madrileño reflejó en una de las páginas de su libreta unos pagos al ex gerente del PP, Beltrán Gutiérrez, de 3,4 millones de euros...”* *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio! E á interpelación.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: *“La Guardia Civil ya apuntó en un informe la posibilidad de que Granados fuera el encargado de cobros de comisiones de terceros para el partido, para financiar las campañas electorales, y que el y su jefe de gabinete, Ignacio Palacios, se quedarían con una parte del dinero recaudado para el partido...”*

O señor PRESIDENTE: Iso xa o lemos todos, señor Sánchez. Iso xa se le despois. Imos ao tema.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: *“...haciendo gala del refrán castellano, quien parte y reparte...”*

O señor PRESIDENTE: Iso xa se le despois. Os teletipos lenos todos os deputados, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¿Como?

O señor PRESIDENTE: Os teletipos lenos todos os deputados. Agora estamos para a interpelación.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: *“En ese sentido se ha detectado un uso indiscriminado de la empresa pública de la Comunidad de Madrid Arpegio y de la Fundación Arpegio...”*

O señor PRESIDENTE: Chámoo á cuestión, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Espero que non me chame á orde.

O señor PRESIDENTE: Non, chámoo á cuestión. Estouno chamando á cuestión. Xa sabe que as tres chamadas á cuestión supoñen a retirada da palabra.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¿E cantas levo, señor presidente?

O señor PRESIDENTE: Leva unha.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¿E cantas, en toda a lexislatura, o señor Feijóo?

O señor PRESIDENTE: Non, hoxe só leva agora unha chamada á cuestión.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: É que quería chamar a atención sobre que vostede me chamou á orde por dicir que o Partido Popular era un partido corrupto.

O señor PRESIDENTE: Iso si, chameino á orde.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E, se quere, pois terei que traer un teletipo a cada pleno para que se convenza vostede de que o que dixen antes non era ningunha mentira.

O señor PRESIDENTE: Non, non, non é para dialogar esa cuestión. O Partido Popular non é un partido corrupto.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Pois paréceselle moito.

O señor PRESIDENTE: O Partido Popular pode ter dentro das súas filas algunha xente corrupta, como noutros partidos, pero non consinto, que eu milito no Partido Popular, que vostede me chame corrupto, nin estes deputados de aquí.

Polo tanto, isto é así, e creo que debemos deixar a cousa clara, señor Sánchez, para non seguir nesta liña. E, por favor, vaia á interpelación.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor presidente, supoño que en Valencia hai moitos militantes e votantes do Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Non me fale de Valencia, fáleme da interpelación.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que son honrados, que non son corruptos, igual que en Galicia hai moitos deputados e deputadas...

O señor PRESIDENTE: Por iso, por iso.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que non son corruptos, e, en cambio, hai un xuíz en Valencia que di que o Partido Popular en Valencia está organizado para delinquir, e tiña sete caixas B.

O señor PRESIDENTE: Por favor, vaia á interpelación. Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Pois que quede constancia de que aquí se chama á orde por dicir verdades.

Señora conselleira, isto é unha interpelación sobre a situación do sector lácteo, despois dese acordo –seica histórico– que anunciou o Partido Popular en setembro, e que ía mellorar a situación do sector lácteo.

Xa non hai tempo, no que queda de lexislatura, para que vostedes remonten o voo. Xa fixeron un destrozo no sector lácteo, no rural e no agro deste país irreparable. Vostedes bateiron os récords de destrución de empregos no sector agrogandeiro e forestal. Mentres no Estado español se destruíron

un 8 % dos empregos neste sector, vostedes multiplicaron por catro o ritmo de destrución, e destruíron un 32 % dos empregos dende que vostedes chegaron.

Neste país, tan necesitado de actividades produtivas para darlle vida ao rural, seguen pechando explotacións lácteas, e precisamente non pechan porque os gandeiros non fixeran os deberes, pechan explotacións que noutros países ou noutras rexións non pecharían, pechan explotacións porque hai un goberno que non fai os seus deberes. Seguimos cobrando o prezo máis baixo de todo o Estado español. Dous anos e medio despois, séguense cobrando prezos por debaixo do custo de produción.

Hai unha crise global a nivel europeo por exceso de produción, pero, neste contexto, tres céntimos por debaixo, que é a diferenza que hai entre o prezo en Galicia con respecto a outras rexións españolas e europeas, é a diferenza entre poder sobrevivir ou non, e esa diferenza é achacable ás súas políticas.

Levamos dende setembro agardando polos resultados dese acordo histórico que melloraba o acordo en Francia. Quero que vostede me diga cales foron os resultados ata o de agora dese acordo, cales foron os impactos que tivo na vida e na economía dos gandeiros.

O señor Feijóo foi e mostrouse como garante de dous acordos nesta lexislatura, no ano 2013 –finais do 2012– e neste último de setembro; el mesmo dixo que era garante do cumprimento dese acordo. Inmediatamente despois deixou de dar a cara, nun sector que, segundo dixo el, ía ser unha prioridade para esta lexislatura.

Señora conselleira, a situación segue a ser dramática. ¿Cal será o futuro do sector e dos gandeiros se estes prezos e estas condicións seguen así? ¿Que pensa facer a Xunta de Galicia? ¿Que foi dese gran proxecto industrial para o ano 2016 que anunciou o señor Francisco Conde na comparecencia dos orzamentos para 2016, ese gran proxecto de Icos e Lasurgal? ¿Que ten pensado facer a Xunta de Galicia para equilibrar o poder de negociación entre os gandeiros e a industria? ¿Que pensa a señora conselleira acerca da disque necesidade actual de regular a produción, cando hai menos de ano e medio vostedes alababan o enfoque da política agraria común, que supoñía unha liberalización e que voste-

des dicían que ía supoñer un incremento da produción de Galicia e un aumento das exportacións? ¿Que pasa cando agora se di que é preciso regular a produción, como moitas voces alertaron, e en vez de ser dun xeito organizado, céntranse os recortes da produción nunha parte moi importante dos gandeiros galegos, nese 20 % dos gandeiros galegos que cobran menos de 22 céntimos polo seu litro de leite? E vostede ben sabe que dentro deste 20 % non hai explotacións das que vostedes consideran marxinais; hai de todo: grandes, pequenas, medianas.

É unha relocalización e planificación da produción leiteira, pero, en vez de ser feita desde as administracións públicas, é feita dende a industria da distribución. Pasamos o poder de decisión do público á empresa privada, á industria privada.

¿Que foi das medidas para coñecer a orixe do leite? ¿Que foi dese prezo sostible? ¿E que foi da vixilancia das entradas ilegais de leite, señora conselleira?

Nós cremos que, para que este país teña futuro, o seu rural ten que ter futuro, e nós non imaxinamos un rural con futuro con este ritmo de destrución de empregos no rural. E o que digo eu non son datos refutables, son os datos oficiais. É dicir, nos anos que vostedes levan gobernando, máis de 1 de cada 3 dos empregos do sector agrogandeiro e forestal foron destruídos; non ten parangón en todo o Estado, señora conselleira. ¿Como pretenden vostedes, por moito fondo de demografía que queiran pedir, darlle un futuro a este país se non lle dan alternativas tanto no sector lácteo como no resto dos sectores agrarios?

Agardo que conteste exactamente ao que lle pregunto: ¿cales foron os efectos do acordo de setembro?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Resposta da conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Señorías, por suposto que veño eu aquí respostar ao que se me pregunta, non simplemente ter un titular dalgún medio

de comunicación, que diga que alguén sae ao estrado chamar corrupto ou non corrupto a alguén. Ao igual que dicía o presidente, eu tampouco estou disposta a que a min me chamen corrupta, pero nin a min nin a moitos dos meus compañeiros.

Independentemente disto, imos ao que se nos preguntaba, e polo tanto imos responder.

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Silencio, ¡silencio!

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):

E, dentro das respostas, dicir que debemos de ter memoria: ano 2008 –non gobernaba o Partido Popular, gobernaban outros–, 975 abandonos, 975 explotacións que pecharon. Naquel momento había cotas lácteas, e aínda así, o freo non foi ningún. Tamén deberían de dar vostedes resposta.

Independentemente disto, e porque non se pode falar de acordo lácteo e de lácteo sen contextualizar a situación na que nos atopamos, e para comezar con datos serios, tamén teremos que dicir o seguinte: o prezo medio de España, 29,8 céntimos; o de Galicia, 27,9 céntimos; o de Holanda, 27,5 céntimos; Gran Bretaña, 27,2 céntimos; Alemaña, 25,7 céntimos; Irlanda, 23,2 céntimos; Francia, 28,4 céntimos. Dígoo porque así igual temos unha realidade do que está pasando a nivel internacional.

Un contexto europeo nun mercado libre sen cotas, un contexto no que o prezo do leite de Galicia se move arredor dos 28 céntimos/litro. Un contexto no que Galicia se preparou para incrementar a produción láctea cun incremento de 55.000 cabezas de gando entre o ano 2014 e 2015, e, por suposto, como ben sabemos –e supoño que tamén vostedes saben–, circunstancias ben alleas ás da nosa Comunidade Autónoma propiciaron unhas expectativas que non se corresponden coa realidade.

Esas 55.000 cabezas que compraron os nosos gandeiros durante o ano 2014 e 2015, cun fin que era ese mercado libre, atopáronse cun veto ruso, atopáronse cunha escasa demanda do mercado chinés, atopáronse cun descenso do consumo no mercado interior. Esa é a realidade.

Pero, dito isto, e retomando a súa pregunta, no mes de setembro, efectivamente, procedeuse á sinatura do acordo para a estabilidade e sostibilidade da cadea de valor do sector vacún do leite de Galicia. E naquel momento o presidente Feijóo presentábase como aval, e o presidente Feijóo segue dando a cara, non se esconde detrás de ningún.

A participación das distintas organizacións no acordo lácteo foi voluntaria, pero, loxicamente, para poder participar activamente no mesmo, previamente debían asinar o acordo. Tamén lles direi que aquelas que non asinaron o acordo agora están facendo o posible para poder asinalo, do cal nos alegramos, porque esa era a mensaxe que lle enviabamos dende a Consellería do Medio Rural: mellor estar dentro para exixir que non fóra só para criticar.

Inicialmente, polo sector produtor asinaron as seguintes organizacións: as Cooperativas Agroalimentarias, Asaja e a Asociación de Gandeiros Produtores de Leite. O acordo plantexouse como un documento integrador e, polo tanto, permanentemente aberto ás novas incorporacións. Tal e como lles dicía, novas incorporacións, que se están producindo no tempo.

Dende a sinatura, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente elabora e publica informes trimestrais, dos que me imaxino que vostedes teñen coñecemento. O último, a mediados de abril, por requirimento das industrias, das empresas, das asociacións e das organizacións asinantes; tamén por requirimento daquelas organizacións que non asinaron.

Este último informe dá conta do labor desenvolvido polas partes e expón o grao de avance logrado no cumprimento dos obxectivos marcados dende o mes de setembro. Por suposto, gustaríanos que fora mellor, pero se acaso podemos volver recordar: o prezo de Galicia, 27,9; o de Holanda, 27,5; o de Irlanda, 23,2; o de Gran Bretaña, 27,2. Señorías, o informe constata que se veñen realizando avances significativos.

Para poder analizar o sector, convén facer unha análise das condicións do momento actual, que operan diferentes causas no ámbito deste sector. A produción do leite tivo, ata marzo do 2016, un incremento continuado respecto dos mesmos meses do ano anterior. Este incremento na oferta dificulta

por suposto a mellora da situación, xa que se incrementan os problemas para a colocación dunha maior produción, ao non medrar o consumo, e todos somos conscientes de que isto é así.

O prezo percibido polo gandeiro nos últimos meses en Galicia está estancado. A tendencia seguida polo prezo está facendo que esteamos xa por enriba da media comunitaria. ¿E iso quere dicir que esteamos contentos? En absoluto.

Como ben é coñecido, a conxuntura actual dos baixos prezos non se produce só en Galicia e España, senón tamén no contexto da Unión Europea, pois o mercado é global, e a situación que se rexistra é consecuencia sobre todo do incremento de produción e da falta de equilibrio entre a oferta e a demanda, a nivel tanto nacional e comunitario como extracomunitario.

O volume de leite consumido nos fogares en xaneiro de 2016 reduciuse de maneira significativa respecto de decembro, nun 3,39 %, e de forma moi importante respecto de xaneiro do ano 2015; a caída é dun 10,6 %. Se ben, en liñas xerais, entre as canles de distribución manteñen as cotas de mercado, rexístranse algúns cambios en xaneiro, cun descenso das vendas de formato hipermercado e un aumento nos supermercados e autoservizos.

O traballo levado a cabo nestes seis meses fixo posible que haxa compromisos que poden considerarse cumpridos, ou cun grao moi apreciable de avance, e cuxos efectos xa empezan a constatare, e agardemos que sexan máis perceptibles a medida que avance o ano 2016, podendo destacar os seguintes aspectos.

Xa está operativo, tras o acordo entre todos os axentes, o protocolo de resolución de incidencias, posto en marcha para canalizar as denuncias sobre prácticas que banalizan o leite ante o consumidor, cuxo obxectivo é garantir a todos os axentes unha rápida resposta ante as devanditas situacións. Antes a banalización era algo habitual, e agora é excepcional, como todos vimos de comprobar. Pero no momento en que se detecta, sanciónase e, polo tanto, procédese á retirada.

Os traballos realizados na Inlac sobre o contido do contrato tipo de compravenda de leite cru permitiron a homologación polo Magrama do devandito contrato. Isto dá maior transpa-

rencia e seguridade ás transaccións entre o gandeiro e a industria. Este contrato xa está a empezar a ser utilizado nas novas contratacións, que se están a realizar nestes momentos, e estáselle a facer un seguimento.

A Inlac estableceu os criterios a ter en conta pola industria e a distribución para garantir a orixe española do leite, existindo o acordo de iniciar a posta en marcha do compromiso de valorizar a orixe española do noso leite. O informe conclúe con diferentes constatacións respecto do cumprimento dos compromisos asumidos polas asociacións e empresas asinantes, tales como a información achegada ao Magrama por parte das empresas asinantes. A pesar de aínda non estar publicado o decreto de cesión de prezos, foi dun total de 32 as industrias que deron os datos do prezo ao que venden á distribución en relación coas que se adheriron, que foron un total de 35, así como 19 empresas de distribución adheridas. Púidose constatar que dende a posta en marcha do acordo hai unha significativa mellora na valorización do leite. Tal e como dicía anteriormente, que se utilice o leite como banalización chega a ser agora unha anécdota, cando antes do mes de setembro era algo habitual na maioría dos supermercados e hipermercados e mesmo nas tendas das distintas vilas.

No noso caso concreto, obtivemos o compromiso de recollida de todos os produtores na mesma cantidade de leite de entrega que no ano 2015. Constatouse o avance por parte da Confederación de Cooperativas Agroalimentarias de fomentar as fusións de cooperativas de gandeiros, despois de celebrar diversas xornadas e reunións para concienciar da súa importancia. Faise a nivel nacional –así consta no informe– e tamén se está a facer na nosa comunidade.

Non é certo que non se puideran constatar avances significativos na organización e a integración social. Pola contra, no período destes tres meses produciuse a disolución dunha das oito organizacións de produtores de vacún, de leite, que hai a nivel nacional. Saben vostedes que no caso de Galicia temos dúas organizacións con que as dúas xuntas teríamos máis do 30 % dos nosos gandeiros organizados.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): E nesa liña é na que estamos, intentando concienciar que ha

de ser así. E ha de ser así, entre outras cousas, porque son as pautas que nos marca a Comisión Europea.

Este é o informe, o informe que é público e que vostedes seguro que tiveron a oportunidade de coñecer e que eu lles lembro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica. Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, boa tarde.

Eu sempre diferencio a política das cuestións persoais, nunca personalizo a non ser que teña algo contrastado cando acuso de corrupción. Pero eu podo ler outro titular de *El País*: “*El PP valenciano actuó como grupo criminal según la investigación de la operación Taula*”. Iso non significa que todos os militantes do Partido Popular sexan corruptos ou non sexan honrados. Agora ben, a investigación da operación Taula di que o Partido Popular actuaba... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* como unha organización criminal. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Á cuestión, á cuestión, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, esta é unha cuestión...

O señor PRESIDENTE: Non, non, á cuestión da interpelación.

(Murmurios.)

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, tampouco a cuestión pola mañá eran as Mareas... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Á cuestión da interpelación. *(Murmurios.)* Xa se falou este tema antes. *(Murmurios.)* Á cuestión da interpelación, señor Sánchez. *(Murmurios.)*

E non vai con vostedes isto, estou falando con el, por favor. *(Murmurios.)* ¡Xa está ben! *(Murmurios.)* Estou falando co señor Sánchez. *(Murmurios.)*

Entón, por favor, señor Sánchez, á cuestión. Artigo 104.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Eu estou contestándolle a vostede...,

O señor PRESIDENTE: Non, non, pero a min non me fai falta que me conteste. Vostede replíquelle á conselleira.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...señor Santalices, de que vostede non era corrupto, porque non o sei.

O señor PRESIDENTE: Non, non, xa hemos zanjado vostede e eu ese tema.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Pero vostede chamoume á orde...

O señor PRESIDENTE: Non, non, non o chamei á orde, chameino á cuestión.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...esta mañá porque falei de que o Partido Popular era un partido corrupto, e eu digo: “*El PP valenciano actuó...*”

O señor PRESIDENTE: E eu díxenlle que non, e por iso o chamei á orde.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...*como un grupo criminal*” ...,

O señor PRESIDENTE: Bueno, vamos á cuestión, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...e este xornal non ten unha que-rela por parte do Partido Popular.

O señor PRESIDENTE: Pois, señor Sánchez, á cuestión, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Xa estou á cuestión. Estou tan á cuestión como o señor Feijóo pola mañá, máis ou menos estou nesa cuestión. *(Murmurios.) Esto es la leche. (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Estamos falando diso, estamos falando diso. *(Murmurios.)*

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señora conselleira..., *(Murmurios.)* si señor, si señor, eu entendo que haxa algunhas cousas que escozan..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...pero co que temos que escoitar e aguantar nós..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...isto, deberían de ter un pouco máis de callo, un pouco máis de callo. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. (*Murmurios.*)

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, ¡home!, claro. (*Murmurios.*)
Eu polo menos estou en Valencia, que non estou en Venezuela, ¡eh!

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. (*Murmurios.*)

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Estou en Valencia, a quiñentos quilómetros, (*Murmurios.*) non en Venezuela. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. Á cuestión. (*Murmurios.*)

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Cada vez que se poñen así, alégame moito, señores do Partido Popular. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Ata os nenos están asustados. Mire o público, ata os nenos están asustados. (*Murmurios.*)

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Gústame moito. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Mire que imaxe damos, por favor. (*Murmurios.*)

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Polo menos escoiten algunha verdade.

O señor PRESIDENTE: Ata os nenos están asustados. Polo amor de Deus, vaia á cuestión, por favor. (*Murmurios.*)

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, señora conselleira, (*Murmurios.*) —estou intentando falar—... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. (*Murmurios.*)

¡Silencio! (*Murmurios.*)

Silencio. Xa sei que o Pleno foi longo, pero silencio, por favor. Temos arriba un público infantil e non creo que sexa moi boa a imaxe que estamos dando. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pídolles a todos que deamos unha mellor imaxe. (*Murmurios.*) Por favor. (*Murmurios.*) Por favor. (*Murmurios.*)

Bueno, está entendida a mensaxe se a queren coller.

Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Eu lévolle pedindo unha mellor imaxe ao Partido Popular dende hai moito tempo e non me fan moito caso, a verdade.

Ben, señora conselleira, facer análises a touro pasado non é nada útil para o sector, non é nada útil para o sector. Eu agrádzolle todos os datos. É certo que eu lle preguntei dos efectos do acordo do sector lácteo, pero cando vostede xustifica a situación nunha análise a touro pasado iso non ten ningunha utilidade para o sector lácteo. ¿Cando tiveron que facer vostedes unha análise de futuro? Pois antes das negociacións da política agraria común. E vostedes, antes das negociacións da última renovación da política agraria común, non fixeron un plan para o sector lácteo galego, un plan estratéxico para adaptalo ás circunstancias que se prevían nun mercado liberalizado sen cotas. Era naquel momento cando tiñan que facer a análise de que era o que necesitaban os gandeiros para poder competir en igualdade de condicións polo menos co seu contorno, e vostedes non o fixeron, non fixeron ese plan estratéxico.

Nos anos previos á liberalización do sector lácteo en Europa, no conxunto do continente europeo fixéronse inversións por 5.000 millóns de euros en proxectos industriais. En Galicia, ¿canto, señora conselleira? ¿Os 8 millóns que vostedes tiraron ao lixo en Alimentos Lácteos? Ese foi o seu plan industrial para un mercado sen cotas. Polo tanto, as análises hainas que facer con tempo e que cheguen a tempo.

Ben, vostede dixo que houbo avances significativos cuxos efectos xa se empezan a notar. ¿Cales son os efectos que se empezan a notar, señora conselleira? ¿Cales son eses efectos, en termos de prezo, que é o que lles interesa aos gandeiros? Dende setembro, ¿cal foi a mellora do prezo do litro de leite, señora conselleira?

Vostede fálame de comparacións de prezos. ¡Home!, non son o mesmo as condicións de Irlanda que as condicións de Galicia, entre outras cousas porque en Galicia vostedes durante tantos anos non fixeron o seu deber de preparar un sector para que non dependa tanto dos insumos e dos pensos que ten que comprar. En Irlanda, si, señora conselleira, por iso poden vender o leite a 23,7 céntimos e que lles sexa rendible, claro que si. Pero é que non me pode comparar o que vostedes non fixeron aquí.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non me pode comparar con Nova Zelandia este país, señora conselleira.

Avances significativos. Señora conselleira, ¿que sancións houbo en Galicia por venda a perdas ou por utilización do leite como produto reclamo? ¿Cantas sancións? Dígame: ¿cantos euros en sancións se puxeron en Galicia para evitar a venda a perdas ou a utilización do leite como produto reclamo? Eu non coñezo ningunha, señora conselleira. En tal caso, na lexislación dende o ano 96 había a posibilidade...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...de que a Xunta interviñera cando se atopaban casos de venda a perdas e utilización como produto reclamo, e vostedes nunca actuaron, señora conselleira.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¿Serve para algo a Xunta de Galicia?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¿Ten algunha utilidade a súa consellería no sector lácteo, señora conselleira?

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¿Ten algunha utilidade?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¿Que poden facer? ¿Que medidas poden levar a cabo vostedes?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche. Señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Vexo que a vostede, señor Sánchez, ben pouco lle importa o sector lácteo, que é do que veño falar hoxe aquí, cando está entretido durante non sei se cinco, seis..., a metade do tempo, falando do señor Feijóo. Que está obsesionado vostede co señor Feijóo, que estou eu aquí para responder sobre o lácteo; obsesionado co señor Feijóo e obsesionado co Partido Popular, e estas liortas están noutro eido.

E, efectivamente, tal e como viamos e podemos constatar no día a día, hai que ter un mínimo de respecto, respecto entre nós, centrarnos ao que vimos e sobre todo non dar espectáculos denigrantes, e que esta sexa a base *(Murmurios.)* da educación dos nosos cativos. *(Aplausos.)* Sobre todo, iso. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

A partir de aí, díreille que é o que fai a Xunta de Galicia, *(Aplausos.)* que é o que fai a Consellería do Medio Rural polo agro. Primeiro, tenlle respecto; segundo, traballa; e a partir de aí, cando ten que dicir verdades, días, como no día de hoxe.

Eu fago a comparativa de como son os prezos. Cando en Irlanda estaba a 37 céntimos, dicían que era unha barbaridade o que estaba ocorrendo en Galicia; agora resulta que, como están por debaixo de Galicia, iso non importa, e alí é que poden producir doutro xeito que non producimos aquí. É dicir, sempre lle temos que dar un pouco a volta a ver se a tortilla así está máis ou menos xugosa.

Independentemente disto, voulle dicir o que fai a Consellería de Medio Rural e para que serve a Consellería de Medio Rural. Entre outras cousas, para conseguir algo que nunca se conseguira anteriormente, que é poñer en marcha o Plan de fortalecemento do sector lácteo. Primeira vez que nunha

mesa se senta a industria, a distribución, cooperativas, organizacións profesionais e agrarias; iso, o primeiro. Pero, xunto con eles, está tamén o LIGAL e está tamén Cegacol, e póñense as liñas básicas de cara a un futuro. Traballouse moito, ¡vaia se se traballou moito!, non hai máis que ir polo noso rural e ver como se vivía anos atrás e agora que as explotacións se converteron en verdadeiras industrias.

E avanzaouse en todos os ámbitos. Ben é certo que o sector está vivindo un momento máis que delicado, nun lugar que é Galicia e nun contexto que é a Unión Europea, onde baixa o consumo, onde medran as cabezas de gando e os litros que vendemos e, polo tanto, pois a situación do mercado non é doada. A pesar de todo isto e de que non sexa doado, o Goberno galego puxo á disposición o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia, co cal estamos sempre continuamente en relación e correlación para tomar as medidas oportunas a Consellería do Medio Rural e o sector.

E o sector que, ademais, ten un goberno que se preocupa por el, e nese sentido dicirlles que non se trata só de producir máis, trátase de que a produción sexa máis barata de cara a un mundo globalizado onde cada vez hai máis competencia. E para iso dende o mes de xaneiro temos a ferramenta para mobilizar terras abandonadas e improdutivas, a través de Impostos cero no rural. Deses Impostos cero no rural beneficiáronse 1.200 gandeiros, a gran maioría da provincia de Lugo e da Coruña.

Xunto con Impostos cero no rural, dicirlles que dende setembro ata o día de hoxe se destinaron 420 millóns de euros. Podo lembrarles, por exemplo, 25 millóns de euros procedentes do Goberno a nivel España, outros 20 millóns de euros máis para que puideran ter liquidez. E iso é, por un lado, ámbito comunitario e ámbito nacional, pero Galicia non quedou atrás, e non quedou atrás dende o momento en que puxo á disposición liquidez para o noso sector.

Por un lado, foi 1 millón de euros que se inxectou ao sector, de maneira que todos aqueles xoves que se incorporaron durante dous anos non teñen que pagar nin amortización nin xuros —aqueles que o solicitaron—; beneficiarios, 1.100 titulares. A isto hai que engadir os 1,6 millóns de euros que teñen á disposición ata o 31 de outubro de 2016 a través do Igape, cun fin: convenio de colaboración subscrito entre o Igape e as entidades financeiras e as sociedades de garantía

recíproca, establecendo unha liña de axudas dirixida ao refinanciamento de pasivos e ao apoio ao circulante. E a semana pasada anunciouse no Consello da Xunta 3 millóns de euros máis destinados aos titulares das explotacións cun fin. E ese fin é que poidan solicitalo aqueles que teñen dificultades financeiras ben coa entidade bancaria ou ben cos seus provedores. Porque sabemos que, de cara ao mes de setembro, a situación vai empezar a mellorar, pero, mentres, hai que axudar, axudar a que os nosos gandeiros teñan liquidez. Neste sentido é no que estamos traballando, á parte dos 26 millóns de euros que destinamos ao longo deste ano a concentracións parcelarias, de maneira que teñan unha maior base territorial.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Entramos no último punto da orde do día, que se corresponde coa de preguntas ao Goberno. Xa queda menos de pleno.

Pregunta de D. Pedro Puy Fraga, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da recente viaxe institucional do Sr. presidente da Xunta de Galicia a Cuba

O señor PRESIDENTE: O señor Moreira Ferro ten a palabra.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Moi boas tardes.

Entre os días 26 e 29 de maio, o presidente da Xunta de Galicia realizou unha visita institucional a Cuba, na que, ademais de presidir o 11º plenario do Consello das Comunidades Galegas no Exterior, que se desenvolveu no emblemático e histórico Centro Galego da Habana, mantivo importantes encontros co Goberno cubano, incluídos o presidente Raúl Castro, o vicepresidente do Consello de Ministros, Ricardo Cabrisas, e outras autoridades. En apenas cinco semanas hai que dicir que o presidente da Xunta vén de realizar viaxes institucionais do máximo nivel co presidente da República Arxentina, co presidente de Uruguai e co presidente da República de Cuba; unhas viaxes institucionais que reforzan, sen dúbida ningunha, o papel de Galicia no mundo e amosan a capacidade da nosa comunidade autónoma de rea-

lizar unha efectiva acción exterior, respectuosa e congruente co marco constitucional e estatutario.

Na súa viaxe á República de Cuba, o presidente Feijóo presidiu o plenario do Consello das Comunidades Galegas no Exterior, no que participaron representantes de todas as comunidades galegas no exterior, co fin de reforzar a galeguidade entre os galegos que forman parte do máis dun centenar de centros e casas de Galicia espalladas polo mundo. E, así mesmo, a visita incluíu a participación no Foro Económico Cuba-Galicia e mantivo encontros coas comunidades cubanas ao máximo nivel, acordándose a sinatura dun memorando para a colaboración entre a República de Cuba e a Comunidade Autónoma de Galicia en materia económica, agroalimentaria, biotecnoloxía enerxética ou mesmo nas TIC. Así mesmo, segundo temos coñecido polos medios de comunicación, asinouse un memorando do Ministerio de Cultura de Cuba para consolidar os lazos históricos e culturais entre os pobos galego e cubano.

Parécenos unha viaxe frutífera, pero en todo caso, señor conselleiro, queremos coñecer cal é a valoración que desde o Goberno da Xunta de Galicia se fai desta viaxe do presidente da Xunta de Galicia a Cuba.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, presidente.

Pois, efectivamente, señor Moreira, as viaxes que vén realizando tanto o presidente da Xunta de Galicia como... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Interrupción.*)

O señor PRESIDENTE: Suspendemos o pleno, se queren, momentaneamente, para que se poidan facer as preguntas. (*Murmurios.*) Imos ter un pouco de respecto por quen fala. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ese é outro tema.

Cando queira, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Como lle dicía, señor Moreira, saben que hai anos, e especialmente nos últimos anos, as viaxes tanto do presidente da Xunta de Galicia, especialmente, pero tamén dos membros do Goberno da Xunta, veñen centradas en varios ámbitos, porque varios son os ámbitos que afectan a Galicia e aos galegos e galegas que viven fóra de Galicia e que necesitan deste apoio tamén dende aquí para desenvolverse neses países, e Galicia necesita deles para aproveitar todo o potencial que teñen que eles estean alí. Polo tanto, esta viaxe do presidente da Xunta de Galicia, igual que a recente que fixera á República Arxentina e á República de Uruguai, apenas un mes antes, tivo unha vertente, primeiro, de visitas ás comunidades. Claro, temos moitísimos galegos e galegas que seguen vivindo aí, que seguen sentido a Galicia dun xeito moi fondo, seguen exercendo de galegos, e, polo tanto, ese é un potencial que nunca debemos perder e que debemos cooidar. Ese foi o primeiro obxectivo da viaxe.

Tamén hai unha vertente económica, non hai que ocultalo. Cuba está agora mesmo nun momento en que todos os países do mundo vulgan como moi atractivo para empezar a traballar con eles de cara a abrir novos mercados, de cara a ofrecerse como ponte de todo o que pode chegar dende Europa a un mercado que claramente se está abrindo. E, polo tanto, temos que aproveitar o potencial da presenza de Galicia durante moitísimos anos para traballar tamén nese eido.

E, por último, tamén hai unha vertente político-institucional, que está loxicamente intimamente relacionada coas outras dúas, e que levou a que o presidente da Xunta de Galicia fora recibido polos máximos responsables en materia cultural, en materia económica, en materia de relacións exteriores do Goberno cubano; responsables que non recibiron, en cambio, e creo que o intentaron, moitos representantes de moitos países. O presidente da Xunta de Galicia foi recibido por todos eles e, finalmente, rematou sendo recibido polo máximo mandatario de Cuba, creo que nun claro xesto de consideración cara ao que Galicia representa en Cuba, ao que supón a figura do primeiro representante dos galegos que visita a República de Cuba e, ao final, sobre todo, cara á con-

sideración e ás portas que se lle abren a Galicia nun momento especialmente interesante de Cuba, que temos que aproveitar. Esa foi a razón da viaxe. Polo tanto, mesturar sempre o contacto cos galegos, coa presenza que teñen alí, mesturar o mantemento dos lazos culturais que explican todo o demais, o mantemento das raíces que temos alí moi fondas; e, por último, aproveitar os contactos institucionais para ir abríndolle portas á economía galega nun momento en que nos estamos expandido a través da exportación e, polo tanto, que se nos abre un mercado novo que non podemos desaproveitar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Grazas, señor conselleiro. Non nos queda outra que felicitar o Goberno da Xunta de Galicia, co seu presidente á cabeza, en primeiro lugar, por ter unha axenda institucional, cousa que outros dirixentes doutros partidos non teñen, ter unha axenda institucional que reflecta claramente cales son os compromisos, cales son os obxectivos e cal pode ser o retorno para os galegos. Para iso son esas viaxes e non son para outras cousas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Queremos que nos contara un pouco máis polo miúdo qué valoracións se fan acerca da transcendencia económica para Galicia desta misión, porque eu creo que hai que chamala así, como unha misión comercial frutífera para Galicia. ¿Que mensaxes enviou o presidente ao pobo cubano durante o Foro Económico Cuba-Galicia? ¿Que expectativas se abren ou se poden abrir para Galicia, para as empresas galegas, para o tecido produtivo galego, para o tecido económico? ¿Que acordos se acadaron, en que sectores e que expectativas en materia hoteleira, en materia de construción e tamén no eido cultural e da cooperación?

En todo caso, creo que é importante o que se fixo, que foi lembrar e poñer en valor tamén a pegada galega na historia de Cuba, na historia cubana. Creo que é moi importante salientar eses lazos, mantelos, fortalecelos, sobre todo coa

colectividade galega en Cuba, cos descendentes de galegos en Cuba.

E, unicamente, remato lembrando que o presidente sabemos que non foi ao Caribe, foi á República de Cuba a traballar por e para Galicia. Non foi tomar mojitos cubanos como foron outros hai moitos anos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Nada máis e moitas grazas, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Turno de peche, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Efectivamente, señor Moreira, por concretar, no apartado de contacto coa diáspora, non só foi coa diáspora cubana, cos galegos e cubanos que viven alí, senón que, como vostede dicía, se fixo un plenario alí das 109 comunidades galegas que hai espalladas polo mundo agora mesmo; 101 estiveron reunidas alí, moitas de América, outras de Europa, outras doutras comunidades autónomas de España, que tamén estiveron alí. E, polo tanto, acudiron á cita para falar de cousas que afectan á galegitude polo mundo, que é tanto como dicir da presenza de Galicia no mundo. Alí falouse do aproveitamento das novas tecnoloxías para darlles servizo aos galegos e galegas que están fóra de Galicia, da achega cultural da diáspora, que sempre foi moi importante e é moi importante, ten que seguir sendo moi importante porque esa é a primeira presenza que ten Galicia polo mundo.

Dos novos retos que afronta a galegitude, hai moito de seguir insistindo na fusión e en parar o envellecemento; polo tanto, en meter tamén as novas xeracións na colectividade galega e que sigan recollendo a testemuña de moitos que traballaron durante moitísimos anos. E tamén incidir, xa digo, niso e en atraer as novas xeracións de galegos que viven no exterior para que sigan mantendo vivo o espírito da galegitude, non só en Cuba senón no resto do mundo. Isto foi do que se tratou neste foro. Por certo, nun lugar emblemático recentemente restaurado polo Goberno cubano, no antigo Centro Galego da Habana. E creo que xa só o feito de face-

lo alí ten moitísimo simbolismo, que creo que foi un logro importante que, ademais, non foi doado de acadar.

Fíxose, ademais, unha ofrenda floral no Panteón de Naturais de Galicia –que se chama así–, e despois houbo unha homenaxe obrigada a Neira Vilas, con tantas raíces cubanas e tan fondas, a través do espectáculo “Son galego, son cubano”, de Roi Casal, que creo que puxo outra vez de primeira actualidade unha figura que nunca perde presenza en Cuba e que, a través del, nunca perde presenza Galicia, como é Xosé Neira Vilas.

Tamén houbo, efectivamente, participación en foros económicos, no I Foro Económico Cuba-Galicia, onde a inauguración do presidente da Xunta de Galicia serviu para dicir que aquí está Galicia con toda a súa capacidade exportadora, con toda a súa capacidade de relación co exterior, con toda a potencia dos galegos que viven en todas partes, para que en todos aqueles países –e Cuba é un deles– nos que se abren oportunidades, Galicia está en primeira liña para aproveitar esas oportunidades.

Houbo encontros ao máis alto nivel, tanto con Luis Carriarte, que é o viceministro primeiro do Mincex, que é o responsable, ao final, de todo o comercio exterior e do investimento que se pode facer en Cuba, responsable político moi buscado á hora de ter contactos por moitos responsables políticos de moitos países. É dicir, que non é fácil manter estas reunións, e Galicia puido mantelas e creo que isto é importante. Tamén con Ricardo Cabrisas, vicepresidente do Consello de Ministros, ao que lle deu un pouco a perspectiva global de todo o que Galicia quere facer en contacto cos gobernantes cubanos. E, por último, como saben vostedes, foi recibido o presidente da Xunta de Galicia polo máximo mandatario, por Raúl Castro, agora mesmo tamén mandatario co que moitísimos responsables políticos de moitos sitios se queren reunir. Creo que o feito de que, despois de recibir moi pouco tempo antes representantes do Goberno de España, recibise o presidente da Xunta de Galicia quere dicir que Galicia está aí, que hai moitísimas oportunidades, que este é o momento de aproveitalas. E para iso son estas viaxes que fai o presidente da Xunta de Galicia, para iso son estas viaxes que fai o Goberno da Xunta de Galicia. Se algúns queren pensar que é viaxar ao Caribe, alá eles. Probablemente era porque eles si que viaxaban ao Caribe. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, sobre a opinión do Goberno galego respecto do acordo de eximir a planta de almacenaxe e regasificadora Reganosa do trámite de avaliación ambiental

O señor PRESIDENTE: Pregunta de D. José Ramón Vázquez Díaz, do Grupo da Alternativa Galega de Esquerda... *(O señor Vázquez Díaz pronuncia palabras que non se perciben.) (Pausa.)*

O señor PRESIDENTE: Eu teño aquí isto, non sei se cambiaron. É unha pregunta que vai sobre o acordo de eximir o trámite da avaliación ambiental de Reganosa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Como decaeu? Non decaeu, a que se aprazou foi a última, que é unha pregunta do señor Fajardo. Bueno, se decaeu, perfecto. Pasamos a outra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, non hai problema ningún, arreglámolo. Perfecto, decaída.

Pregunta de D. José Ramón Val Alonso e tres deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a información do Goberno galego en relación coa posible venda dos centros de produción de Alcoa en Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Cando queira.

O señor VAL ALONSO: Grazas, señor presidente.

Benvido, señor conselleiro.

Dende hai xa bastante tempo, vostede e outros membros do seu goberno veñen repetindo unha e outra vez que o seu obxectivo fundamental é a internacionalización das empresas galegas. E non sei se para vostedes a internacionalización das empresas é a venda do noso saber facer a empresas doutros países, como ten acontecido xa no caso dalgunha empresa dedicada á construción naval, ou se este obxectivo tan ambicioso lles fixo deixar de lado algo tan terreal e tan pouco ambicioso como afianzar a industria e o emprego industrial no propio país. Eu sei que coñece vostede perfectamente os datos, pero é bo lembrarllos a todo o mundo.

Dende que vostedes son goberno perdemos un de cada catro empregos de carácter industrial en Galicia.

E nesta situación, nos últimos días atopámonos coa noticia de que a multinacional do sector do aluminio Alcoa, que conta con dous centros de produción de aluminio primario e de alúmina na Coruña e en San Cibrao, vén de anunciar que está facendo un estudo de viabilidade económica e financeira, no que baralla todos os escenarios, dende a venda de ámbalas dúas plantas á incorporación, incluso, dalgún socio investidor, ou mesmo outras opcións, como pode ser o peche de ámbalas dúas plantas. Situación que non debe estrañar-nos, xa que ten acontecido hai menos de tres anos nunha planta que a propia empresa Alcoa tiña en Italia.

Diante disto, e da pouca información aportada pola dirección da empresa aos traballadores, estes están a vivir unha situación de incerteza diante deste proceso. É bo lembrar que estamos falando de 400 empregos directos na planta que a empresa ten na Coruña, de máis de 1.200 empregos directos na factoría de San Cibrao e outros 400 vinculados á industria auxiliar. Polo tanto, o mantemento da actividade é fundamental na comarca da Coruña, pero moito máis, se cabe, na comarca da Mariña, onde esta empresa representa practicamente o 20 % do produto interior bruto da provincia.

Polo tanto, señor conselleiro, nós sabemos que hai escasamente unha semana vostede se reuniu cos representantes dos traballadores de ambas as dúas plantas e sabemos tamén que recolleu as súas reclamacións e adquiriu compromisos, tanto no inmediato, que non é outra cousa que o custo da enerxía e o modelo de poxa eléctrica, e tamén o referido a tutelar o proceso da posible venda das factorías.

Polo tanto, nós consideramos ou cremos que hoxe é un bo momento para que vostede nos traslade en sede parlamentaria a información da que dispón o Goberno de Galicia, así como os pasos que están a dar para buscar unha solución ou un marco no que, xa sexa Alcoa ou outra empresa, poidan desenvolver a súa actividade con garantías e non estar cada ano pendentes dunha subasta eléctrica.

Polo tanto, señor conselleiro, a pregunta é ben clara. ¿Que información manexa vostede sobre a posible venda de Alcoa? E ¿que pasos están a dar para tratar de minimizar o posible impacto se esta venda se pode dar?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Val.

Para responder, ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitísimas grazas, señor presidente.

Señoría, por suposto que, dende o Goberno galego, estamos mantendo un contacto continuo tanto coa empresa como cos traballadores. E, dende logo, estamos facendo un seguimento desa estratexia que Alcoa está analizando, está seguindo, tanto para as plantas da Coruña como de San Cibrao. Levamos tempo traballando, non é unha cuestión dos últimos días nin das últimas semanas. Porque vostede sabe perfectamente que este goberno, sempre que Alcoa precisou a súa axuda, sempre, sempre, este goberno estivo ao lado de Alcoa; non só no desenvolvemento da súa estrutura, como foi no caso da Mariña coa construción do gasoduto, senón tamén apoiando outro tipo de investimentos. Por iso, dende logo, este goberno está facendo ese seguimento e este goberno, dunha forma clara, está exixindo un proxecto industrial con garantía de futuro, tanto a través dun maior investimento, para que as plantas teñan unha maior competitividade, como tamén dese compromiso de mantemento do emprego. Polo tanto, sen ningún tipo de fisura, este goberno fará todo o que sexa posible, dende logo, para manter esta industria en Galicia.

E, dende logo, tamén seguiremos a facer todo o posible para defender dunha forma clara e rotunda a posición de todas as nosas empresas electrointensivas, incidindo na necesidade dun contexto de maior certeza no ámbito da poxa eléctrica.

Eu, señor Val, simplemente lle traslado que isto mesmo que lle estou a responder é o que está a facer o Partido Socialista en Asturias, exactamente o mesmo posicionamento que o Partido Socialista en Asturias. Eu o que non entendo é por que o Partido Socialista de Galicia ten un plantexamento totalmente distinto. Non sei se é que esta mesma tarde os vai corrixir o seu candidato á Xunta de Galicia, *(Murmurios.)* pero dende logo é difícil de entender como non apoiaron esta mesma mañá esa declaración institucional. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

En calquera caso, señoría, creo que vostedes xa teñen demostrado que son expertos en dicir unha cousa e a contraria, e tamén son expertos en esquecer a súa responsabilidade sobre os custos do sistema eléctrico, porque se España está nunha situación realmente complicada é precisamente porque o Goberno Socialista no seu momento non soubo planificar a potencia eléctrica, planificou dez veces por riba da demanda. Porque foi o Goberno Socialista, como vostede sabe perfectamente, o que multiplicou por máis de 10 o déficit de tarifa ata superar os 27.000 millóns de euros. (*Próncianse palabras que non se perciben.*) E vostede sabe que o Partido Socialista condonou e perdoou 3.000 millóns de euros ás eléctricas ao non reclamar o cobrado de máis aos consumidores polos custos da transición á competencia.

Polo tanto, este goberno estará con Alcoa, este goberno estará cos traballadores, e eu o que espero é que o Partido Socialista tamén se una, que o Partido Socialista de Galicia se una tamén a este goberno para apoiar a posición de Alcoa de cara ao futuro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra o señor Val.

O señor VAL ALONSO: Grazas, presidenta.

Mire, señor conselleiro, eu agardaba que unha persoa da súa talla intelectual non frivolizase do xeito que acaba de facer cun tema que, como lle dixen na primeira intervención, afecta a máis de 1.600 traballadores na comarca da Mariña e a 600 practicamente na comarca da Coruña. Polo tanto, eu creo que vostedes non deben de vir aquí unicamente a escusarse e a non dar practicamente ningún tipo de explicación máis alá de dicir que van apoiar o mantemento da actividade industrial.

Mire, estamos falando dunha empresa que foi pública ata o ano 1988. Estamos falando dunha empresa que durante quince anos estivo recibindo un trato diferencial por parte do Estado español na subministración de enerxía. Estamos falando dunha empresa que ten recibido importantes cantidades de axudas de xeito directo ou indirecto. E, polo tanto,

vostedes, o Goberno de Galicia, non poden ficar impasibles e teñen que tomar unha posición e decidir se están a favor ou non da venda, e decidir se están a favor desa estratexia empresarial de fracturar e de dividir a planta de San Cibrao e se vostede cre que van ser competitivas as plantas se se produce esta división. Iso é o que deben dicir vostedes, e deben dar a súa opinión, porque isto é o que lles está a preocupar aos traballadores da factoría, señor conselleiro. E iso é vital para a comarca da Mariña. Como lle dixen antes, máis do 20 % do produto interior bruto da provincia se basea nesta planta.

Polo tanto, o que vostedes se fardan de dicir, a internacionalización, así en abstracto está moi ben. Pero o que é importante é o mantemento do tecido industrial deste país para non seguir perdendo poboación en comarcas como a da Mariña, onde vostedes teñen totalmente abandonado o emprego.

Polo tanto, o que temos que facer e o que deberían estar facendo vostedes é buscar un marco estable no que poder desenvolver a actividade empresarial. Mire, en países como Francia, Islandia e Noruega teñen a enerxía eléctrica tres veces máis barata que a que temos nós aquí, e nos dous últimos países, en Islandia e en Noruega, teñen un contrato de subministración durante máis de vinte anos. E no territorio español tamén hai modelos diferenciados. Temos o exemplo do Goberno vasco, que, ademais de presionar o Goberno do Estado para abaratar o custo da enerxía, pois se dedica a facer tamén foros de debate para falar de reindustrialización e de prezos enerxéticos competitivos. ¿Que é o que están facendo vostedes, señor conselleiro?

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor VAL ALONSO: ¿Que é o que están facendo para afianzar unha industria vital para a comarca da Mariña?

Eu creo que vostede non pode vir aquí a frivolizar cun tema que afecta a tantas e a tantas persoas nunha comarca tan desfavorecida como a da Mariña.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Val.

Réplica do Goberno.

Ten a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Eu entendo que non lle guste coñecer os datos do seu propio partido político. Lamento profundamente que iso sexa así. Eu trasladolle datos, eu non veño aquí a frivolar. (*Murmurios.*) Porque, señorías, este goberno, dende logo, o que non é en ningún caso é partidario de politizar sobre o futuro das fábricas de Alcoa en San Cibrao, como, por certo, si está facendo o seu partido político, que está intentando politizar o tema. Dende o primeiro momento están xogando a facerse fotos, e ao que veñen despois aquí ao Parlamento é a non apoiar o Goberno, coa mesma posición que ten o Partido Socialista de Asturias. Veñen e quérense, loxicamente, aliar coa Marea, con Podemos, etc., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) apostando pola súa oposición. E creo que incluso a semana que vén teñen unha magnífica oportunidade. (*Murmurios.*) No próximo pleno terán unha magnífica oportunidade de apoiar a Alcoa, de apoiar os traballadores de Alcoa, porque se vai presentar por parte do Grupo Popular o mesmo posicionamento que ten o Partido Socialista de Asturias, e seguramente, se consultan non sei se ao seu candidato á Xunta de Galicia ou ben ao Partido Socialista de Asturias ou ben ao Partido Socialista de Madrid para ter unha posición bastante clara sobre Alcoa... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

En calquera caso, este goberno ten moi clara a súa posición sobre Alcoa, ten moi claro que a súa posición ten que pasar por investimentos, ten moi claro que a súa posición ten que pasar loxicamente por unha subasta de interrompibilidade que teña un prezo certo e un prezo estable. E, dende logo, este goberno, señorías, está ao lado dos traballadores de Alcoa, este goberno entende que as demandas dos traballadores son razoables, este goberno comparte todas as demandas que teñen os traballadores de Alcoa e, dende logo, seguiremos apoiando tanto a Alcoa como os seus traballadores, igual que está facendo o Partido Socialista do Principado de Asturias e, lamentablemente, non está a facer o Partido Socialista de Galicia.

Eu entendo perfectamente a súa posición, porque sencillamente vostedes teñen demostrado durante estas últimas semanas e durante estes últimos meses que a súa política industrial para Galicia non existe. E, lamentablemente, non

só non quixeron apoiar esta mañá a Alcoa, senón que tampouco están apoiando outros proxectos industriais en Galicia, como é o caso de Reganosa ou como é o caso de Ence.

Lamentablemente, señoría, teño que recordarlle, porque seguramente non lle trasladaron os datos, que os partidos socialistas tanto de Ferrol como de Pontevedra están ao lado dos seus socios de goberno, é dicir, daqueles que defenden o peche tanto de Reganosa como de Ence. E tamén lle recordo que no caso de Navantia o Partido Socialista de Ferrol tampouco quere que se asinen os contratos con Arabia Saudí, aliñados coas Mareas e con Podemos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entendo que a súa política industrial é a de Mareas e a de Podemos, a nosa é a política industrial para Galicia e para os galegos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a María Concepción Burgo López e tres deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da incidencia da falta de reposición do profesorado na calidade docente das universidades galegas

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi boas tardes, señorías, señor conselleiro.

Estou segura, señor conselleiro, de que vostede é consciente de que os recortes orzamentarios levados a cabo polo goberno presidido polo señor Feijóo, unidos ás limitacións na taxa de reposición do profesorado, están a levar ás universidades galegas a unha situación extremadamente difícil. A estes dous elementos habería que unir aínda a decisión por parte de vostedes de marcar un teito da masa salarial e de poñer limitacións ao capítulo I das universidades.

Isto está a ter efectos moi negativos. E, dende logo, o máis evidente, entre a taxa de reposición e os demais elementos,

é a forte caída do número de profesores e profesoras nas universidades do Sistema universitario galego; unha diminución que incluso a Conferencia de Reitores das universidades españolas marca para o noso sistema universitario en torno a un 7,5 % da plantilla que existía no ano 2010, un 7,5 %. Son unhas cifras realmente importantes.

Isto está a crear efectos moi perniciosos e, dende logo, problemas para o futuro. Sábeo vostede igual ca min, sobre todo porque as taxas de reposición e as limitacións afectan a un corpo docente moi envellecido, onde a media de idade supera claramente os 50 anos, e cun número moi importante de profesores e profesoras por riba dos 60 anos. Polo tanto, nos próximos cinco anos xubiláranse un número tamén moi forte de profesores.

Isto tamén causa uns problemas inmediatos, uns problemas de funcionamento das facultades e dos departamentos. Así, como vostede sabe, hai pouco o decano de Medicina deu a voz de alarma sobre a situación e os problemas que está a atravesar a súa facultade. Porque en cinco anos o 11 % dos seus profesores desapareceron e non houbo repostos para eles, perdéronse 43 das 80 prazas de profesores de concerto co Sergas, e agora para dar 17 materias médicas no departamento de medicina van quedar dentro de pouco 4 profesores porque os demais se xubilan.

Pero non é o único caso, señor conselleiro. Sabe vostede que este semestre comezou nas facultades de Ciencias da Educación e Filosofía con peches dos alumnos que pedían algo tan sinxelo como ter profesorado. Iso é o que pedían, non outra cousa. Ter profesores que deran as clases nos horarios establecidos. Porque empezaron con 15 profesores menos...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: ...que o ano anterior.

Ante esta situación o que quero preguntarlle agora e neste momento é se non pensa que isto está tendo xa, xa, neste momento, repercusión sobre a calidade docente en certas facultades das universidades galegas. Outros problemas verémolos tamén noutro momento. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Burgo.

Para responder, ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Señora Burgo, vostede preguntame se creo que a calidade docente das universidades galegas pode manterse sen profesores. Obviamente, en sentido absoluto, non. Pero a verdade é que tamén, señora Burgo, non sei por que me fai vostede esta pregunta. E, se o intento saber, entenderemos por que a súa formación política está na barrena que está, está na situación na que está. E voulle dicir que é absolutamente sorprendente escoitar o que vostede acaba de dicir aquí, que estou seguro de que o di de boa fe, por dicilo dun xeito suave.

Porque vostede aquí fálanos da taxa de reposición, fálanos de recortes salariais e fálanos tamén de prazas educativas, de prazas de profesores universitarios. Claro, eu creo que sinceramente se poñen en evidencia, que o Partido Socialista se pon en evidencia, cando fala tan alegremente da taxa de reposición. Porque ¿quen puxo en marcha en España a taxa de reposición no ano 10? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O goberno do señor Zapatero. *(Protestas.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): ¡Silencio, silencio!

Señor conselleiro, continúe, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Pois seguramente non foi o señor Zapatero quen puxo en marcha a taxa de reposición no ano 10 do 10 % de profesores e de funcionarios públicos. Seguramente non. ¡Vale, pois non! Se agora os socialistas din que non, pois ao mellor teñen razón. E, ao mellor, creno. *(Aplausos.)* Pero certamente quen puxo en marcha a taxa de reposición no ano 10 foi un goberno do Partido Socialista. As universidades, igual que calquera administración, estiveron supeditadas a esa taxa de reposición ata o ano pasado, cando un goberno do Partido Popular puxo o 50 %. E afortunadamente este ano tamén un goberno do Partido Popular puxo a taxa de reposición do 100 %. *(Aplausos.)*

Entón, dito isto, todas aquelas prazas que foron solicitadas de profesor funcionario por parte das universidades, tendo en conta a taxa de reposición plantexada polo Partido Socia-

lista, puxéronse en marcha. E é máis, diría que se autorizaron no ano 13, 14 e 15 unha serie de prazas á marxe da taxa de reposición de persoal funcionario: no ano 13, 271 prazas de PDI; no ano 14, 312; no 15, 287; e no 16, cando se recuperou a taxa de reposición do 100 % xa non fixo falta facer este tipo de autorizacións.

Pero tamén sorprende, señoría, que vostede, que sempre defendeu de xeito taxativo –e eu enténdoo– a autonomía das universidades, intente agora plantexar que, se non houbo unha reposición de profesorado debido á taxa de reposición impulsada polo Partido Socialista, foi “culpa da Xunta de Galicia”, o cal, insisto, é absolutamente sorprendente.

Como tamén é sorprendente, señora deputada, que na exposición de motivos poña algúns datos que certamente llos pasaron mal ou están mal transcritos. Porque mire que cousa máis absurda di vostede, con todos os respectos. Di vostede que os profesores da Facultade de Medicina se reduciron...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...un 11 %, perdendo 275 profesores. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Un erro? Ben, porque tería que ter a facultade 3.000 profesores. Acepto o erro. Pero mire, outro erro que di vostede é que di que “só hai 8 profesores na Facultade de Medicina” para dar docencia ata en sete materias, cando hai 57 profesores entre catedráticos, titulares, contratados doutores e PACS. Creo que vostede, igual ca min, que somos do gremio –neste caso somos profesores universitarios–, respectamos absolutamente a nosa autonomía, a autonomía das universidades, e entendemos que estes anos que foron difíciles para as universidades foi en gran parte debido a que en moitos anos houbo unha taxa de reposición que imposibilitou...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...que houbese un reemprazo no ámbito funcional. Non así tanto no ámbito laboral, onde si se atenderon as demandas porque é necesario dar clase. Pero que vostede intente aquí trasladarlle á Xunta de Galicia unha cuestión que é derivada dun acordo ou dunha proposta socialista...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...pois realmente, como dixeran antes, é realmente sorprendente. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: O que é absolutamente sorprendente, señor conselleiro, é que vostede mostre este –chamémoslle– cinismo e hipocrisía. Porque vostede sabe perfectamente que a taxa de reposición do señor Zapatero non afectou nin a investigación nin a este sector.

En segundo lugar, señor conselleiro, vostedes non estaban obrigados a mantelo. Se eran tan mala, ¿por que a mantiveron? ¿Por que mantiveron as taxas de reposición se eran tan malas, se tiñan tantos efectos negativos como vostede acaba de recoñecer? Pero vostedes non soamente as mantiveron, senón que as ampliaron. Ampliáronas para a sanidade, para a educación, para a investigación. Entre o ano 10 e o ano 15 tan só existiu o 10 % de reemprazo. Paréceme que gobernaban vostedes. E agora mesmo existe o 100 % de reemprazo das xubilacións producidas neste mesmo ano. Polo tanto, non podemos reemprazar as anteriores.

En canto aos datos, 275 por suposto é un erro. Síntoo moito pero un erro de transcripción. Dos demais datos terá vostede que falar co decano de Medicina, porque son datos publicados en medios de comunicación nun discurso no que creo que estaba vostede ou algún membro do seu equipo. Polo tanto, fale con el, porque vostede está dicindo que un decano non está dicindo a verdade. Entón, mellor, a ver qué erros teñen.

Mire, señor conselleiro, a súa mensaxe, o seu discurso, pode ser crible en medios que non coñecen o problema. Pero onde non é crible é na universidade, señor conselleiro. Vostede sabe que ninguén vai crer o que vostede di. Non houbo contratacións porque non houbo posibilidade de facelo. E vostedes, e o anterior conselleiro, fixeron unha intromisión

absoluta na autonomía universitaria. De tal maneira que, por escrito, lles mandaron a vostedes –ao anterior conselleiro– un escrito de profesores e membros da universidade dicindo que tiñan unha inxerencia política sobre o plan de profesorado, a programación de profesorado, das universidades. Vostede isto non o repite en medios das universidades galegas, non o repite, porque sabe vostede que non é certo. E o que si é verdade é que non están facendo nada, nada, para facilitar o mantemento dun alto nivel docente e investigador como estaban a ter as nosas universidades.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Pero de todo isto imos poder falar –espero– dentro de moi pouco tempo con máis datos pola miña parte e con máis tempo por parte dos dous, esperando que esa vez, señor conselleiro, se remita á verdade e non á manipulación. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Burgo.

Réplica do Goberno.

Señor conselleiro, ten vostede a palabra cando queira.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): A ver, señora Burgo –con todo o respecto a vostede e á súa formación política–, mentres sexan incapaces de darse conta de que vostedes, o Partido Socialista, nun momento difícil e complexo tiveron que tomar medias, complexas e difíciles, que tiveron consecuencias –parte desas consecuencias estámolas pagando agora–, e sigan intentando ser uns auténticos *angelitos*, coma se non pasaran por aquí e que non teñen nada que ver no que pasou, pois realmente non van levantar cabeza. Porque son incapaces de recoñecer e son incapaces de darse conta das cuestións que vostedes plantexaron.

E quizás fose necesario facelo, quizás no ano 10 había que facer a taxa de reposición do 10 %. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero tamén ten vostede que recoñecer, e recoñecerá, que foi un goberno do Partido Popular quen recuperou o ano pasado o 50 % e este ano o 100 %. E ¿por que? Porque a situación económica é mellor, simple e llana-

mente. E mentres vostedes veñen dicir aquí que a taxa de reposición é unha cuestión do Partido Popular, non lle vai facer caso nin o apuntador. E van ir por mal camiño, van seguir indo por mal camiño. (*Aplausos.*) E creo que vostede non o merece, non merece seguir indo por ese camiño. Teñen que darse conta de que a situación foi a que foi, pero non poden seguir indo por ese camiño. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois, ao mellor, si.

Pero, mire, señora Burgo, nós coas universidades creo que non temos ningún problema. Creo que esta administración, o anterior conselleiro, e eu tamén, modestamente, fomos capaces de chegar a grandes acordos coa universidade, grandes acordos onde obviamente as universidades defenden a súa parte e teñen a súa lóxica, e é defendible. Pero, mire, fomos capaces de consensuar dous plans de financiamento, cousa que outros gobernos con máis recursos non fixeron. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señora Acuña e señor Losada.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Fomos capaces de sacar adiante unha lei, unha lei por consenso coas universidades, que a vostedes non lles interesou. Fomos capaces de sacar un decreto para definir o mapa de titulacións e somos capaces todos os días, hoxe mesmo, de dialogar e de sacar adiante temas de xeito conxunto. Polo cal, que vostede intente meter unha cuña para intentar xerar un debate onde non existe, pois, bueno, insisto en que eu creo que non llo vai crer ninguén.

E, mire, vostede fala das prazas. Eu creo que os datos son os que son. E repítoos. Mire, no ano 13 autorizáronse 271 prazas; no 14, 312; no 15, 287, todas as que se solicitaron por parte das universidades, todas.

E voulle dicir unha cousa. Entenderá que eu falo moito co decano de Medicina e teño unha fantástica e moi boa relación co decano de Medicina. E sei perfectamente o que di e o que reclama o decano de Medicina. E creo que hai por parte do Sergas, por parte das universidades –das tres, tamén tendo en conta o convenio– e por parte da Xunta a mellor disposición para arranxar as dificultades que poida haber de cubrir as prazas de funcionarios e...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...non así tanto as prazas de profesores. Porque das prazas estamos dicindo o que hai. Vostede saberá que o vicerreitor de Profesorado, que tamén é profesor da Universidade de Santiago e profesor da Facultade de Medicina, pois en certa medida está traballando para buscar solucións a esta situación.

Pero en todo caso, en todo caso, este problema deriva...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...da decisión que tomaron vostedes no ano 10. E mentres intenten botarlles a culpa aos outros do que é a súa responsabilidade dificilmente levantarán cabeza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto do Decreto que regula a previsión de reinvestimento de parte dos ingresos das comunidades de montes no propio monte, establecida na Lei de montes de Galicia, e da súa incidencia en materia de protección e mellora do monte

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, en 2012, por iniciativa do Goberno do Partido Popular, o Parlamento de Galicia aprobaba a primeira Lei de montes, un paso na boa dirección que supuxo un avance normativo e un apoio fundamental no eido forestal do noso país.

Con esta norma, a Xunta pretende... (*Fortes murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señor Fajardo e señora Adán, silencio, por favor.

¡Señor Fajardo, silencio!

(*O señor Fajardo Recouso:* ¡Por favor!)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Por favor, non. Por favor, vostedes. Silencio.

Señor Balseiro, continúe.

O señor BALSEIRO OROL: Eu non teño présa, señora presidenta.

Con esta norma, a Xunta pretende, entre outros obxectivos, loitar contra o minifundismo forestal na comunidade, concienciar a sociedade da importancia do monte e regular os espazos forestais para facelos máis rendibles e para facelos con futuro.

Precisamente neste último aspecto quixeramos centrarnos hoxe; en concreto, no ámbito comunal. Sabe vostede que as comunidades de montes obteñen ingresos periódicos polo aproveitamento dos seus recursos forestais. A nova lei establece que unha parte da porcentaxe deses ingresos sexa reinvestida en actuacións para a posta en valor dos seus propios montes. E para desenvolver esta obriga legal aprobase, señora conselleira, un decreto que ten como finalidade principal mellorar e protexer o noso monte, asegurar a súa sustentabilidade no tempo.

Para entender a importancia e a magnitude desta medida, cómpre lembrar que Galicia ten máis de 3.000 comunidades de montes veciñais en man común, compostas por máis de 150.000 galegos e galegas, que posúen a condición de veciños comuneiros. Falamos, señora conselleira, dunhas 660.000 hectáreas; é dicir, en torno ao 33 % da superficie total de Galicia ten a natureza de monte veciñal e man común.

Ben é certo que atopamos distintas casuísticas en función dos aproveitamentos dos diferentes recursos que produce o monte –pasto, biomasa, madeira, castañas e un longo etcétera– e incluso en función das diferentes actividades e usos existentes –producción eólica, actividade extractiva, vitivinícola, sociorrecreativa, etc.–.

Por iso, señora conselleira, sobre esta cuestión o Grupo Popular formula a seguinte pregunta: ¿que valoración fai o Goberno galego desta norma e da súa incidencia en materia de protección e mellora do monte?

Moitas grazas, señora presidenta. (*Murmurios.*)

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Balseiro.

Ten a palabra a conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, señora presidenta.

Hoxe o persoal está un pouco alborotado.

Señorías, “o monte é vida”, ese é o lema co que miles de rapaces realizaron distintos traballos na Comunidade galega (*Aplausos.*), concienciándose non só eles, senón tamén os nosos maiores, da importancia da vida e da importancia dos nosos montes.

A Xunta de Galicia, efectivamente, segue a desenvolver o marco lexislativo en materia de montes na nosa comunidade, logo da aprobación na anterior lexislatura da primeira Lei de montes da nosa comunidade.

Xuntamente co Decreto 50/2014, do 10 de abril, regúlanse tamén os aproveitamentos madeireiros, leñosos, cortiza, pastos, os micolóxicos e montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia.

A isto temos que engadir o Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e xestión dos montes de Galicia.

Este decreto, ao que vostede fai referencia, no día de hoxe facilita ás comunidades veciñais o cumprimento da obriga de comunicación á Administración forestal e a verificación das cantidades mínimas a reinvestir polas comunidades de montes veciñais en man común, cun fin, e ese fin é o de asegurar a sustentabilidade dos seus propios recursos e os servizos forestais.

Hai que salientar que dos ingresos xerados a partir dos produtos resultantes dos incendios forestais, pragas ou temporais a cota de reinvestimento será do 100 %, salvo que xustifiquen documentalmente ante a Administración forestal que non é necesario o mencionado nivel de reinvestimento, ao estaren satisfeitas todas as actuacións e servizos en mellores de protección forestal do monte, polo menos nos seguintes dez anos. No caso de que a catástrofe fose obxecto de cobertura de seguro forestal, e previamente contratado, as porcentaxes a aplicar serán dun 40 %. A obriga de reinvestir pode facerse efectiva no mesmo ano na que se produce ou nos seguintes catro anos. No caso de que non fose posible a aplicación total do reinvestimento, a propiedade poderá presentar ante a Administración forestal un plan de investimentos plurianuais para a súa aprobación nun prazo máximo de seis meses.

Este plan de investimentos é, sen dúbida, un instrumento pensado para facilitar o cumprimento das obrigas fiscais; é dicir, vai intimamente ligado, conforme co disposto no artigo 112 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

Señorías, os montes veciñais teñen ante si un importante reto en materia de deslindes de propiedade, de ordenación de aproveitamentos forestais e de posta en valor dos nosos terreos.

Neste sentido, a obriga de reinvestimento, o impulso que se lle dá mediante esta obriga de comunicar a potestade de verificar, é máis que importante no noso forestal galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

Para réplica ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

E grazas, señora conselleira, pola súa resposta, e grazas tamén polo seu compromiso, pola súa aposta, tamén polo seu esforzo en defensa do monte galego. Grazas, unha vez máis, por todo iso (*Murmurios.*), que tamén a oposición lle

dá as grazas. (*Risos.*) E tamén dun monte ordenado, sustentable, e dun monte, sobre todo, que é o que queren as galegas e os galegos, dun monte con futuro.

E, se non estou errado, a obriga de reinvestir non é nova, pero si responde a ese obxectivo de que, unha vez satisfeitas as necesidades dos actuais comuneiros, se invista nas necesidades futuras do monte.

Está claro que o Goberno galego continúa comprometido co desenvolvemento da súa axenda normativa no eido forestal, desenvolvendo as previsións incluídas na Lei de montes, que se aprobou a finais da pasada lexislatura, e facendo ademais e regulando os seus distintos aspectos con gran sentido común.

Como vostede explicou, é de sentido común que esa obriga de reinvestimento se eleve ao 100 % en caso de ingresos derivados dos lumes ou pragas ou temporais, (*Murmurios.*) pensando... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

—Perdón, señora presidenta. Grazas, señora presidenta.—

...precisamente en compensar esa situación de dificultade pola que pasa o monte tras sufrir esta eventualidade.

Como tamén ten sentido común establecer amplos prazos para realizar estes investimentos, cuestión que seguro vostede terá en conta.

Señora conselleira, hai unha riqueza enorme, que parece que á oposición non lle interesa. Desde logo, ao Grupo Popular, si; ao Goberno de Galicia, si. A oposición seguirá moito tempo onde está, o Goberno de Galicia seguirá moito tempo onde está, o Grupo Popular seguirá moito tempo sustentando a opción do Goberno....

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ...e os galegos e as galegas estarán contentos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Balseiro.

Réplica do Goberno.

Señora conselleira, ten vostede a palabra.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, señora presidenta.

O monte, ademais de ser vida, é de todos, e a verdade é que esta tarde estou comprobando que pouco interesa o rural á oposición; talvez sexa ou agardo que só sexa esta tarde a que non interese falar do rural. Primeiro foi o lácteo, agora é o do monte, xogamos un pouco ao despiste. Independentemente disto, dicir que, efectivamente, é de todos.

A regulación que se está a facer é, sen dúbida, moi importante, e é moi importante para ordenar e para que sexa produtivo. Trátase, ademais, dunha medida que non é discriminatoria, xa que non é a única tipoloxía de monte que ten que reinvestir parte dos seus ingresos que se obteñen, e neste sentido temos os montes catalogados ou patrimoniais, dos que é titular a Xunta de Galicia, que teñen que reinvestir o 100 % dos aproveitamentos e rendementos. Tamén o teñen que facer polo menos nun 40 % as entidades locais titulares de montes catalogados, ao que hai que engadir os montes denominados de varas, abertais ou de voces.

Xa a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobada polo Tripartito, establecía, no seu artigo 23, a obriga de volver reinvestir polo menos o 15 %.

Foise avanzando, e houbo un intento, un intento de aprobación que nunca chegou á súa fin, e que foi a do Bipartito, no ano 2008, e aí dicíase o seguinte, independentemente de que non chegaran a aprobala: “Os estatutos da comunidade de montes fixarán unha cota anual de investimentos, con destino a mellorar a protección do monte, que non han de ser inferiores ao 25 %.”

Estaban niso, pero non acabaron de tirar para adiante. Nós queremos ir máis aló, e por suposto que poñemos o 40 %. ¡Ollo!, hai que dicir que se trata dunha obriga de reinvestimento excepcionalada sempre a que exista un compromiso de xestión forestal sustentable, activa, mediante a redacción e cumprimento dun instrumento de ordenación ou xestión forestal sustentable.

Polo tanto, temos as dúas vías: por un lado, cando se trata de incendios forestais, a reinversión é do 100 %; por outro lado, hai a excepcionalidade cando existe a redacción e o cumprimento dun instrumento de ordenación ou xestión forestal; e despois está a terceira vía, que é a obrigatoriedade de reinvestir o 40 %. E isto todo, ¿con que fin? Pois cun fin, que é facer o rural e o noso forestal máis produtivo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

Non habendo máis asuntos na orde do día, érguese a sesión.

Remata a sesión ás seis e vinte e cinco minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Acuña do Campo, María Carmen	(S)
2. Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3. Arias Veira, Pedro Manuel	(PP)
4. Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
5. Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
6. Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
7. Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
8. Blanco Rodríguez, Noela	(S)
9. Burgo López, María Concepción	(S)
10. Camino Copá, Angel	(PP)
11. Cancelo Márquez, María Teresa	(PP)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
13. Devesa Bouzas, Sandra María	(PP)
14. Docasar Docasar, Ricardo Vicente	(S)
15. Dorado Soto, Javier	(PP)
16. Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
17. Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(PP)
20. Fernández Macías, Jackeline Elisabeth	(PP)
21. Fernández Rodríguez, Mónica	(M)
22. Ferreiro Vidarte, María de los Angeles	(S)
23. Gallego Calvar, María Carmen	(S)
24. Gallego Lomba, José Manuel	(S)
25. García García, Pablo	(S)
26. García Paçín, María Isabel	(PP)
27. Goldar Güimil, Jesús Antonio	(PP)
28. Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
29. González Sánchez, Elena Cruz	(PP)
30. González Santín, Juan Carlos	(S)
31. Guerra Fernández, Javier Jorge	(PP)
32. Iglesias Sueiro, Carmen	(M)
33. Iniguez Martínez, Jaime	(PP)
34. Jorquera Caselas, Francisco Xesús	(BNG)
35. Losada Alvarez, Abel Fermin	(S)
36. Martínez García, María Consuelo	(M)
37. Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
38. Méndez Romeu, José Luis	(S)
39. Moreira Ferro, Jacobo	(PP)
40. Mouriño Villar, Antonio	(PP)
41. Nóvoa López, Enrique	(PP)
42. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(PP)
43. Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
44. Oróns Baña, Ambrosio	(P)
45. Oubiña Solla, Rosa	(PP)
46. Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
47. Pérez Hernández, Berta	(PP)
48. Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
49. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
50. Pouso Maneiro, María Herminia	(PP)
51. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
52. Prado Patiño, Jesús Miguel	(PP)
53. Puy Fraga, Pedro	(PP)
54. Quintas Alvarez, María Remedios	(S)
55. Rodas Chapela, Daniel	(BNG)
56. Rodríguez Arias, Marta	(PP)
57. Rodríguez Barreira, María Julia	(PP)
58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(PP)
59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(PP)
60. Ron Fernández, José Javier	(AGE)
61. Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
62. Sánchez Bugallo, José Antonio	(S)
63. Sánchez García, Antón	(AGE)
64. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
65. Santos Pérez, Ramón	(PP)
66. Santos Regueiro, José Francisco	(PP)
67. Solla Fernández, Eva	(AGE)
68. Soneira Tajés, María Soledad	(S)
69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(PP)
70. Trenor López, Gonzalo	(PP)
71. Val Alonso, José Ramón	(S)
72. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
73. Vázquez Blanco, Emilio	(S)
74. Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
75. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25